

Dúas. A Dirección Xeral do Catastro establecerá as especificacións e requisitos necesarios para que as declaracións e comunicacións a que se refire esta orde se poidan realizar e notificar por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que se garanta a autenticidade, integridade, confidencialidade e non repudio do envío.

Tres. A presentación da documentación orixinal especificada nos distintos artigos desta orde realizarase sempre para os meros efectos da súa comprobación, e devolveránselle ao declarante, se así o solicita no acto da súa presentación, unha vez efectuada aquela. A documentación gráfica presentarase preferentemente en soporte magnético, en formato DXF, DGN, DWG ou similar.

Disposición adicional segunda. *Presentación de declaracións por fedatarios públicos e outras entidades, institucións e organizacións.*

Unha. A Dirección Xeral do Catastro poderá celebrar convenios para que os fedatarios públicos, sen prexuízo da obriga de realizar ante o Catastro as comunicacións a que se refire o artigo 14.a) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, poidan presentar as declaracións catastrais correspondentes a aquelas alteracións inmobiliarias de que teñan coñecemento como consecuencia dos documentos que outorguen ou inscriban, actuando como mandatarios dos obrigados tributarios, conforme os requisitos, condicións e formatos de entrega da información que se establezan, todo isto de acordo co disposto no artigo 92 da Lei xeral tributaria.

Dúas. Tamén se poderán acoller a esta fórmula de colaboración outras entidades, institucións ou organizacións representativas de sectores profesionais que interveñan no tráfico inmobiliario.

Disposición adicional terceira. *Incorporación ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade.*

Tan pronto se produza a entrada en vigor da orde ministerial a que se refire a disposición derradeira primeira do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, os modelos aprobados por esta orde incorporarán un recadro específico onde se fará constar o consentimento do declarante para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados pola Administración catastral mediante o Sistema de Verificación de Datos de Identidade previsto no citado real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde e, en particular, a Orde do 10 de febreiro de 1999 pola que se aproban os modelos de declaración de alteracións catastrais concernentes a bens inmobles.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 19 de outubro de 2006.—O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DE FOMENTO

19826 *REAL DECRETO 1225/2006, do 27 de outubro, polo que se modifica o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro. («BOE» 273, do 15-11-2006.)*

A Lei 29/2003, do 8 de outubro, sobre mellora das condicións de competencia e seguranza no mercado do transporte por estrada, introduciu importantes modificacións sobre o texto da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Faise precisa, como consecuencia, unha modificación paralela do regulamento, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en diante ROTT, polo que se desenvolve a segunda das mencionadas leis, co fin de acomodar o contido daquel ao desta.

Tendo en conta, ademais, a data en que se aprobou o ROTT, pareceu conveniente non desaproveitar a oportunidade que a referida modificación ofrecía para realizar unha revisión a fondo do seu contido que permita acomodar os seus preceptos aos cambios operados desde entón no mercado de transportes.

Razoablemente, esta modificación estivo presidida polas orientacións marcadas polo Plan Estratégico para o Transporte de Mercadorías por Estrada (PETRA) e o Plan de Liñas de Actuación para o Transporte en Autobús (PLATA), respectivamente aprobados en xuño de 2001 e en maio de 2002, contando co consenso xeneralizado do conxunto dos sectores empresariais e sociais involucrados nun e outro mercados de transporte.

Seguindo tales orientacións, preténdese coa presente modificación do ROTT a consecución de varios obxectivos de carácter xeral.

Por unha parte, téntase facilitar e incentivar a competencia a través dunha mellora da estrutura empresarial, eliminando ou reducindo todas aquelas exixencias normativas que, sen resultaren imprescindibles para a adecuada ordenación do mercado, supuñan pexas para isto.

Así mesmo, preténdese mellorar as condicións de competencia, a través do reforzo e equiparación das condicións de acceso ao mercado.

Paralelamente, introdúcense modificacións tendentes a mellorar a competitividade empresarial a través da ampliación do ámbito de autonomía económica e de xestión das empresas, aprofundando no concepto de explotación dos servizos ao seu risco e ventura.

Cabe destacar, como aspectos máis significativos da modificación levada a cabo, os seguintes:

No ámbito sociolaboral, esténdense aos condutores autónomos as proteccións que, en materia de seguranza e saúde no traballo e prevención de riscos laborais, resulten, se for o caso, de aplicación aos condutores por conta allea na realización de operacións de carga e descarga dos vehículos.

En relación coas xuntas arbitrais do transporte, introdúcense pequenos cambios de procedemento, aconsellados pola experiencia acumulada durante anos de funcionamento das xuntas, co albo de aumentar a súa eficacia.

Dáselles cabida no Consello Nacional de Transportes Terrestres ás respectivas representacións das persoas de mobilidade reducida e das empresas ferroviarias distintas de RENFE e FEVE que puideren existir no futuro.

Polo que respecta ás condicións de acceso ao mercado de transportes, exceptúase algún suposto máis da obriga de obter autorización de transporte, elévase o nivel de exixencia en materia de honorabilidade dos empresarios e introdúcense modificacións que permitirán estable-

cer ao ministro de Fomento criterios destinados a aumentar as exixencias de formación profesional.

Polo que se refire ao réxime económico-financeiro das empresas transportistas, trátase de precisar o concepto de autoxestión, afirmando a súa identificación coa contratación e facturación do transporte en nome propio e a súa realización a través da propia organización empresarial.

En relación cos transportes regulares de viaxeiros permanentes e de uso xeral, preténdese salientar os aspectos contractuais do convenio concesional, cuxas condicións nacen con vocación de permanencia durante toda a vixencia do contrato, o cal non é empezo para que, paralelamente, se flexibilicen, na medida do compatible, certas condicións de prestación. Sinálanse, por outra parte, criterios destinados a garantir o mantemento da rede concesional e o seu funcionamento harmónico cando se produza a extinción dalgunha concesión.

En concreto, axilízase a tramitación dos anteproxectos de concesión; introdúcese novos requisitos para concorrer aos concursos, destinados a evitar o falseamento das condicións de competencia; auméntase a transcendencia da formalización do contrato concesional como título habilitante para a realización dos servizos e orixe e lei da prestación destes; refórzase a excepcionalidade da modificación das condicións contractuais; concrétase o equilibrio dos supostos económicos considerados básicos na adxudicación da concesión en termos da relación existente entre custos de explotación e tarifa; increméntase a capacidade de decisión do concesionario nos aspectos de xestión que non afectan o mantemento das condicións contractuais; introdúcese elementos destinados ao mantemento do equilibrio na relación concesionario/usuario, de tal forma que a Administración poida establecer fórmulas a través das cales o primeiro compense o segundo cando lle preste un servizo de inferior calidade; redefínense con maior precisión as condicións de colaboración na prestación dos servizos de concesións coincidentes, e desenvólvense con máis extensión as causas e consecuencias da extinción de concesións.

En concordancia con todo o anterior, deslíganse os réximes de prestación dos servizos regulares de viaxeiros de uso especial e de uso xeral, reforzando, así, o concepto de autonomía económica e de xestión e a explotación empresarial a risco e ventura do titular da concesión ou autorización.

Polo que se refire ao transporte discrecional, refórzase o concepto de empresa referido ao titular das autorizacións; universalízase o ámbito de acción nacional de todas as autorizacións, e introdúcese aqueles cambios que permitirán dar cabida na lexislación de ordenación dos transportes por estrada a todas as cuestións referidas á cualificación do persoal que traballa nas empresas transportistas, a reforzar e equiparar as condicións de acceso ao mercado para todos aqueles que non fosen previamente transportistas e a dinamizar a xestión de frotas, aínda que sostendo regras tendentes a garantir a capacidade financeira das empresas durante toda a súa vida e o respecto a criterios ambientais progresistas.

En relación co transporte privado complementario, posibilitase a aproximación das condicións exixidas para a realización desta clase de transporte ás requiridas para a realización de transporte público, co obxecto de facilitar a externalización de frotas dedicadas ao transporte privado complementario.

Polo que respecta á actividade de arrendamento de vehículos, equipáranse as condicións de utilización de vehículos arrendados sen condutor para a realización de transporte público e privado complementario e refórzanse os requisitos exixidos para o acceso ao mercado e funcionamento das empresas de arrendamento de vehículos con condutor.

En relación coas infraestruturas típicas do transporte por estrada, promóvese unha clasificación das estacións

e centros de transporte, con obxecto de que poida chegar a ser de uso común en todo o territorio nacional.

Por último, e en materia de inspección e sancións, á parte de axustar o contido do regulamento ás modificacións introducidas pola Lei 29/2003, desenvólvense con maior precisión os procedementos que se seguirán na realización de actuacións inspectoras e imposición de sancións, co albo de aumentar a seguranza xurídica tanto dos administrados como da propia Inspección do transporte terrestre.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de outubro de 2006,

DISPÕO :

Artigo único. *Modificacións xerais.*

Modifícanse os artigos 3, 7.2, 8.1, 8.4, 9, 16, 17, 18.1, 19, 20, 22, 23, 28.3, 29, 31.1, 36.1, 37.c), 38, 41, 43, 47.4, 48, 50.1, 52, 54, 55, 63, 65.1.d), 67, 68, 69.1.a), 70, 72.4, 73.2, 74, 75.1, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 90, 91, 92, 94.3, 95, 96, 97, 106, 108, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 116, 117, 118, 119, 123, 124, 125, 126.3, 127, 135.2, 139, 156.2, 157.b), 158, 159.1, 170.1, 175, 177.a), 178, 180, 183, 184, 185, 186, 187, 193, 197, 198, 199, 200, 201, 202, 203, 204, 205, 206, 207, 208, 209, 210, 211, 212, 213, 214, 215.4, 216, 219.2 e 222 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e engádeselle un novo número 3 no artigo 4, un novo número 4 no artigo 64 e un novo número 3 no artigo 71, os cales quedan redactados da seguinte forma:

Un. O artigo 3 queda redactado da seguinte forma:

«1. Salvo que expresamente se pacten unhas contías ou condicións diferentes, a responsabilidade dos transportistas de mercadorías polas perdas ou avarías que sufran estas estará limitada como máximo á cantidade de 4,5 euros por quilogramo. A responsabilidade deses transportistas polos atrasos na entrega das mercadorías non poderá exceder, salvo pacto en contrario, o prezo do transporte.

2. Salvo que expresamente se pacten unhas contías ou condicións diferentes, a responsabilidade dos transportistas de viaxeiros polas perdas ou avarías que sufran as equipaxes destes estará limitada como máximo a 14,5 euros por quilogramo. A súa responsabilidade polas perdas ou avarías que sufran as encargas que transporten rexeráse polas condicións sinaladas no número 1 deste artigo en relación co transporte de mercadorías.

A vixilancia dos vultos de man corresponderá ao viaxeiro que acompañan e, en consecuencia, serán da conta deste os danos que aqueles poidan sufrir mentres se encontren a bordo do vehículo, salvo que probe a responsabilidade da empresa transportista, caso en que serán de aplicación as limitacións anteriormente previstas en relación coas equipaxes. En todo caso, considerarase responsable a empresa transportista da posible perda ou deterioración dos vultos de man ocorrida nalgún momento en que, con ocasión dunha parada, todos os ocupantes abandonasen o vehículo sen que, inmediatamente despois, o condutor fechase as portas de acceso.

3. A proba do pacto de límites ou condicións de responsabilidade diferentes aos establecidos nos números 1 e 2 deste artigo corresponderá á parte que as alegue.

4. As limitacións de responsabilidade previstas nos dous primeiros números deste artigo non serán de aplicación cando o dano se produza mediando dolo do transportista.

5. Cando se pacten límites superiores ou condicións de responsabilidade diferentes ás previstas nos números anteriores, o transportista poderá percibir unha cantidade adicional sobre o prezo do transporte en correspondencia co aumento de responsabilidade pactado. A contía desa percepción adicional será libremente pactada polas partes.

6. A limitacións establecidas nos números anteriores serán tamén de aplicación aos que por disposición legal asuman a posición de transportistas fronte aos cargadores e usuarios.»

Dous. Engádesse un novo número 3 ao artigo 4 coa seguinte redacción:

«De acordo coa disposición derradeira primeira da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e o artigo 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e en execución do que se dispón no número 5 do artigo 22 da LOTT, a normativa de seguranza e saúde no traballo e de prevención de riscos laborais relativa ás operacións de carga, estiba, desestiba e descarga aplicable aos condutores profesionais por conta allea de vehículos para cuxa condución se precise permiso da clase «C+E» será tamén de aplicación aos condutores profesionais por conta propia ou autónomos desta clase de vehículos».

Tres. O número 2 do artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

«A competencia das xuntas para realizaren as actuacións previstas nas alíneas a) e b) do artigo anterior virá determinada polo lugar de orixe ou destino do transporte ou o de celebración do correspondente contrato, á escolla do peticionario ou demandante, salvo que expresamente e por escrito se pactase a submisión a unha xunta concreta.

No caso de a controversia se suscitar ante máis dunha xunta das previstas no parágrafo anterior, será competente aquela ante a cal se suscitou con anterioridade, debendo absterse no seu favor as restantes».

Catro. O número 1 do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«As xuntas arbitrais do transporte estarán compostas polo presidente e por un mínimo de dous e un máximo de catro vogais, designados todos eles polas comunidades autónomas a que se refire o número 1 do artigo anterior ou, se for o caso, pola Dirección Xeral de Transportes por Estrada. Deberán, en todo caso, formar parte das xuntas os dous vogais representantes dos cargadores ou usuarios e das empresas do sector do transporte a que se refiren os números 3 e 4 deste artigo, sen prexuízo do disposto no artigo 9.7.»

Cinco. O número 4 do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«A vogalía obrigatoria restante será ocupada polo representante das empresas de transporte ou de actividades auxiliares e complementarias deste.

Para tal efecto poderanse designar varias persoas en representación dos diversos sectores do transporte, que non poderán exceder os que constituían sección independente no Comité Nacional do Transporte por Estrada, existindo como mínimo un

representante do sector das empresas de transporte de viaxeiros e outro do de mercadorías. Designarase, así mesmo, ao menos un representante das empresas de transporte por ferrocarril e poderase designar outro das empresas de transporte por cable.

Segundo determine o órgano competente, o nomeamento das persoas a que se refire o parágrafo anterior realizarase por proposta do órgano institucionalizado de representación das empresas de transporte existentes, se é o caso, no territorio da comunidade autónoma de que se trate, das asociacións representativas do sector nese territorio ou do Comité Nacional do Transporte por Estrada e de RENFE ou, cando for o caso, outras empresas ferroviarias.»

Seis. O artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«1. A posibilidade de acción ante as xuntas para promover a arbitrase prevista na alínea a) do artigo 6 prescribirá nos mesmos prazos en que se produciría se se tratase dunha acción xudicial que se presentase ante os tribunais de xustiza.

2. As actuacións arbitrais das xuntas serán instadas por escrito asinado polo demandante ou os seus representantes, no cal se expresará o nome e domicilio do reclamante e da persoa contra a cal se reclama, facendo exposición dos fundamentos de feito e de dereito en que se xustifique a reclamación, especificando de forma clara e precisa a petición e propondo as probas que se coiden pertinentes.

3. A secretaría das xuntas remitirá copia da reclamación á parte contra a cal se reclame, sinalándose nese mesmo escrito data para a vista, que será comunicada tamén ao demandante.

4. Na vista, que será oral, as partes poderán alegar o que ao seu dereito conveña e presentar ou propor as probas que coiden pertinentes. A xunta ditará o seu laudo, unha vez oídas as partes e practicadas ou recibidas as probas que considere oportunas, no prazo previsto na lexislación xeral de arbitrase.

O presidente poderá decidir por si só cuestións de ordenación, tramitación e impulso do procedemento.

5. No caso de o reclamante ou o seu representante non asistir á vista, terase por desistido na súa reclamación.

A inasistencia da parte reclamada non impedirá a celebración da vista nin que se dite o laudo.

6. Para a comparecencia ante a xunta de arbitrase non será necesaria a asistencia de avogado nin procurador.

As partes poderán conferir a súa representación mediante escrito dirixido á xunta de que se trate.

En relación coas notificacións ás partes, que será realizada pola secretaría das xuntas, será de aplicación a lexislación de procedemento administrativo.

7. O laudo acordase por maioría simple dos membros da xunta, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente. A inasistencia de calquera dos membros da xunta, con excepción do presidente, non impedirá que se celebre a vista nin que se dite o laudo.

8. Os laudos non requirirán formalidades especiais e terán os efectos previstos na lexislación xeral de arbitrase, procedendo unicamente contra eles a acción de anulación e de revisión polas causas especificamente previstas na dita lexislación. Transcorridos vinte días desde que foi ditado o laudo, poderase obter a súa execución forzosa ante o órgano xudicial competente, sendo en tal caso aplicables,

así mesmo, as previsións da lexislación xeral de arbitraje.

9. As arbitraxes a que se refire este artigo serán gratuítas, sen prexuízo da obrigatoriedade de satisfacer os gastos xerados pola práctica de probas.

O pagamento das custas rexerese polo disposto na lexislación xeral de arbitraje.

10. No non previsto nos números anteriores e nas normas de organización que, co fin de homoxeneizar e procurar a eficacia da súa actuación, se é o caso, determine o ministro de Fomento, aplicaranse as regras establecidas na lexislación xeral de arbitraje.

11. As regras procedementais, se é o caso, necesarias para a realización das funcións das xuntas previstas nas alíneas b), c) e d) do artigo 6, serán determinadas polo ministro de Fomento.»

Sete. O artigo 16 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os órganos competentes en materia de transportes perseguirán o aumento da eficacia da función inspectora a través da elaboración periódica de plans de inspección, os cales darán un carácter sistemático ás actuacións inspectoras, e determinarán, se é o caso, as liñas xerais directrices das operacións de control referidas a servizos ou actividades que poidan requirir actuacións especiais.

A elaboración de tales plans levarase a efecto de forma coordinada cos órganos competentes para a vixilancia do transporte terrestre en vías urbanas ou interurbanas, co fin de lograr o adecuado axuste no exercicio das distintas competencias de vixilancia e inspección. Así mesmo, na elaboración poderase pedir a colaboración do Comité Nacional do Transporte por Estrada.

2. O Ministerio de Fomento poderá determinar en todo momento os criterios de actuación prioritaria dos servizos de inspección en relación cos transportes da súa competencia, xa a exerza directamente a Administración do Estado ou, por delegación, as comunidades autónomas. Os ditos criterios orientarán tal actuación prioritaria cara a aquelas infraccións que en cada momento teñan máis repercusión social ou impliquen unha maior perturbación na ordenación e seguranza do transporte, incidindo fundamentalmente, en todo caso, sobre aquelas que resulten lesivas para a libre e ordenada competencia entre as empresas que operan no mercado.

3. Os órganos das administracións públicas competentes en materia de transportes comunicarán aos mandos naturais das forzas e corpos de seguranza encargados da vixilancia do transporte por estrada nas provincias afectadas as instrucións que consideren precisas para o mellor cumprimento dos referidos plans de actuación, ben a través dos subdelegados do Goberno, cando as ditas forzas dependan da Administración do Estado, ou, noutro caso, a través dos órganos competentes das administracións autonómicas ou locais, sen prexuízo de impartir directamente as instrucións aos axentes especificamente dedicados á vixilancia do transporte, conforme o previsto no número 3 do artigo anterior.

4. Deberase procurar a actuación coordinada dos servizos de Inspección do Transporte Terrestre do Estado cos das comunidades autónomas e as entidades locais.»

Oito. O artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«De conformidade co disposto no número 1 do artigo 33 da LOTT, o persoal dos servizos de Inspección

do transporte terrestre terá, no exercicio das súas funcións, a consideración de autoridade.

Os funcionarios da inspección do transporte terrestre que exerzan funcións de dirección, tendo o carácter de técnicos de inspección, e que fosen nomeados e formalmente acreditados para o exercicio delas pola Administración correspondente, gozarán de plena independencia no desenvolvemento das actuacións inspectoras, con suxeición ás instrucións que impartan os seus superiores xerárquicos e ás prescricións dos plans previstos no artigo anterior.

Os que cometesen atentados ou desacatos de feito ou de palabra contra o persoal da inspección en acto de servizo ou con motivo deste incorrerán nas responsabilidades a que houber lugar segundo a lexislación vixente. Os funcionarios ou axentes deberán pór tales actos en coñecemento dos órganos competentes, co fin de que se inicien os oportunos procedementos e se exerzan, cando for o caso, as accións legais que procedan para o efecto.»

Nove. O número 1 do artigo 18 queda redactado da seguinte forma:

«Os servizos de inspección realizarán as súas funcións en relación coas empresas públicas ou privadas de transporte ou que realicen actividades auxiliares e complementarias do transporte, cos cargadores e usuarios e, en xeral, con todas as persoas e entidades que se vexan afectadas polas normas de ordenación dos transportes terrestres.»

Dez. O artigo 19 queda redactado da seguinte forma:

«Os titulares dos servizos e actividades a que se refire este regulamento, os titulares de empresas en cuxas instalacións se realicen actividades de transporte terrestre ou relacionadas con este, así como os que ocupen a posición de cargador ou remitente, mero expedidor ou destinatario ou consignatario nun transporte de mercadorías, os usuarios dun transporte de viaxeiros e, en xeral, as persoas afectadas polos seus preceptos, están obrigadas a facilitar ao persoal da Inspección do Transporte Terrestre, no exercicio das súas funcións, o acceso aos seus vehículos e instalacións e a inspección da carga ou pasaxe transportados a bordo daqueles, así como o exame dos documentos, libros de contabilidade, facturas, títulos de transporte e datos estatísticos que estean obrigados a manter e calquera outro asunto ou información relativos ás condicións de prestación dos servizos realizados que resulte necesaria para verificar o cumprimento das obrigas contidas na lexislación de transportes. Esta obriga alcanzará, en todo caso, a todos aqueles libros, documentos de xestión, control ou estatísticas cuxa formalización ou mantemento obrigatorio estea establecido pola normativa económica, fiscal, social e laboral ou ambiental que resulte de aplicación aos suxeitos anteriormente sinalados. Polo que atinxe aos usuarios do transporte de viaxeiros, estarán obrigados a identificarse a requirimento do persoal da inspección cando este se encontre realizando as súas funcións en relación co servizo utilizado por aqueles.

Para tal efecto, os servizos de inspección poderán solicitar a documentación precisa para o mellor cumprimento da súa función na propia empresa ou ben requirir a súa presentación nas oficinas públicas correspondentes, ou a comparecencia nestas do empresario ou os seus representantes, nos termos establecidos na lexislación de procedemento admi-

nistrativo. Nas inspeccións levadas a cabo na estrada, o condutor terá a consideración de representante da empresa en relación coa documentación que existe obriga de levar a bordo do vehículo e a información que lle sexa requirida respecto do servizo realizado.

Cando a documentación que se solicite sexa a acreditativa do cumprimento das obrigas relativas aos tempos de condución e descanso dos condutores, a empresa non se poderá escusar de presentala pola ausencia do empresario ou a persoa responsable do seu mantemento ou custodia.

A exigencia a que se refire este artigo unicamente poderá ser realizada na medida en que resulte necesaria para verificar o cumprimento das obrigas contidas na lexislación de transporte terrestre.»

Once. O artigo 20 queda redactado da seguinte forma:

«No exercicio da súa función, os membros da inspección do transporte terrestre están autorizados para:

a) Desenvolver materialmente a súa actuación en calquera lugar en que se desenvolvan actividades afectadas pola lexislación dos transportes terrestres. Non obstante, cando se trate de domicilios de persoas físicas ou xurídicas, será precisa a obtención previa do oportuno mandado xudicial.

b) Realizar as probas, investigacións ou exames que resulten necesarios para asegurarse da observancia das disposicións legais vixentes en materia de transportes terrestres.

En especial, os membros da inspección do transporte terrestre e os axentes das unidades ou destacamentos das forzas que legalmente teñen atribuída a vixilancia deste, cando existan indicios fundados de exceso de peso, manipulación ou funcionamento inadecuado imputable ao transportista do tacógrafo ou do limitador de velocidade ou outros instrumentos de control que exista obriga de levar instalados nos vehículos, poderán ordenar o traslado do vehículo até a báscula de pesaxe, taller autorizado ou zona de control que resulte máis adecuada para o seu exame, sempre que non supoña un percorrido de ida superior a trinta quilómetros. Non obstante cando os mencionados lugares se encontren situados no mesmo sentido da marcha que siga o vehículo, non existirá limitación en relación coa distancia a percorrer.

O condutor do vehículo así requirido estará obrigado a conducilo, acompañado polos membros da inspección do transporte terrestre ou os axentes das unidades ou destacamentos das forzas intervenientes, até os lugares citados, así como a facilitar as operacións de pesaxe e verificación, correndo os gastos destas, en caso de se produciren, por conta do denunciado, se se acredita a infracción, e, en caso contrario, da Administración competente para a incoación, se for o caso, do correspondente expediente sancionador.

Nos supostos de traslados a talleres autorizados, estes estarán obrigados a prestar o servizo de intervención técnica sobre tacógrafos, limitadores de velocidade ou outros instrumentos que exista obriga de levar instalados no vehículo, a todos aqueles axentes da inspección ou das forzas de vixilancia do transporte, sen ningún tipo de discriminación, e realizarán as verificacións pertinentes coa máxima dilixencia co fin de non perturbar a actuación inspectora.»

Doce. O artigo 22 queda redactado da seguinte forma:

«De conformidade co disposto no número 2 do artigo 33 da LOTT, os feitos constatados polos membros dos servizos de inspección do transporte terrestre e os axentes das forzas que legalmente teñan atribuída a vixilancia deste terán valor probatorio cando se formalicen en documento público, observando os requisitos legais pertinentes, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou presentar os propios administrados. Non obstante, a inspección actuante deberá presentar cantos elementos probatorios sobre o feito denunciado resulten posibles.»

Trece. O artigo 23 queda redactado da seguinte forma:

«Se, na súa actuación, o persoal dos servizos de Inspección do Transporte Terrestre descubrir feitos que puideren ser constitutivos de infracción da normativa reguladora doutros sectores, especialmente no referente ao ámbito laboral, fiscal e de seguranza viaria porao en coñecemento dos órganos competentes en función da materia de que se trate.

Similares actuacións ás previstas no parágrafo anterior deberán realizar os órganos de calquera sector da actividade administrativa que teñan coñecemento de infraccións das normas de ordenación dos transportes terrestres.

Con obxecto de conseguir a coordinación requirida para dar cumprimento ao disposto neste artigo, os órganos que teñan competencias sobre cada unha das distintas materias afectadas deberanse prestar a asistencia activa e cooperación que resulte necesaria para o efecto.»

Catorce. O número 3 do artigo 28 queda redactado da seguinte forma:

«Os transportes públicos discrecionais de viaxeiros en autotaxis estarán sometidos a tarifas máximas obrigatorias.»

Quince. O artigo 29 queda redactado da seguinte forma:

«1. Orixinalmente, as tarifas que resulten obrigatorias de conformidade co previsto no artigo anterior fixaranse de acordo coa valoración dos elementos que integren a estrutura de custos do servizo que, para tal efecto, deberá determinar a Administración. Esta valoración realizarase tomando como base os custos dunha empresa adecuadamente xestionada, podendo o Ministro de Fomento establecer regras para tal efecto.

2. As tarifas dos transportes públicos regulares permanentes ou temporais de viaxeiros de uso xeral deberán ser modificadas nos supostos previstos nos artigos 77.3 e 87 deste regulamento, conforme as regras establecidas neles.

Non obstante, esas tarifas poderán ser modificadas con carácter extraordinario, nos termos previstos no número seguinte, cando sufra unha variación excepcional o conxunto de elementos que integran a súa estrutura de custos ou unha parte substancial destes.

3. As tarifas obrigatorias que, se é o caso, se encontren establecidas para modalidades de transporte distintas á referida no número anterior ou para actividades auxiliares e complementarias do transporte deberán ser modificadas cando sufra variación substancial o conxunto dos elementos que integren a súa referida estrutura de custos. Esta modificación

poderá ser levada a cabo de oficio pola Administración ou por instancia das empresas de transporte, das súas asociacións, do Comité Nacional do Transporte por Estrada ou do Consello Nacional do Transporte Terrestre.

4. No procedemento de determinación e modificación das tarifas obrigatorias a que fai referencia o número anterior, deberán solicitarse os informes do Consello Nacional do Transporte Terrestre e, salvo que se trate de tarifas de transportes ferroviarios, do Comité Nacional do Transporte por Estrada, e débense emitir nun prazo máximo de quince días.

5. Non obstante o disposto nos números 3 e 4, sempre que isto resulte factible e adecuado, a contía das tarifas que se establezan de forma xeral para un sector do transporte axustarase aos acordos xerais a que, se é o caso, chegasen os representantes das empresas do sector do transporte e os dos cargadores ou usuarios, podendo a Administración, para tal efecto, promover a necesaria colaboración entre eles.

6. Coa limitación establecida no artigo 87.1.b), cando por razóns de política económica o prezo dos transportes estiver incluído nalguna das modalidades de intervención reguladas na normativa xeral de prezos, a Administración de transportes deberá someter o establecemento e modificación das correspondentes tarifas aos órganos competentes sobre control de prezos.

7. O Ministerio de Fomento elaborará e manterá actualizados, despois de audiencia do Comité Nacional do Transporte por Estrada e das asociacións máis representativas dos usuarios do transporte, observatorios en que se recolla respectivamente a evolución dos custos dos transportes de viaxeiros e de mercadorías, aos cales dará difusión a través dos medios que se consideren máis eficaces para facilitar o seu coñecemento por empresas e particulares.»

Dezaseis. O número 1 do artigo 31 queda redactado da seguinte forma:

«O Consello Nacional de Transportes Terrestres é o órgano superior de asesoramento, consulta e debate sectorial da Administración en asuntos que afecten o funcionamento do sistema de transportes. O Consello estará estruturado en dúas seccións, unha de transporte de viaxeiros e outra de transporte de mercadorías. O presidente e os conselleiros membros de cada unha das seccións serán designados polo ministro de Fomento, de acordo coa seguinte estrutura:»

a) Sección de Transporte de Viaxeiros:

1.º Seis conselleiros representantes das empresas de transporte público de viaxeiros, designados por proposta do Comité Nacional do Transporte por Estrada.

2.º Dous conselleiros representantes das axencias de viaxe, designados por proposta do Comité Nacional do Transporte por Estrada.

3.º Un conselleiro representante das estacións de transporte de viaxeiros, designado por proposta do Comité Nacional do Transporte por Estrada.

4.º Sete conselleiros representantes dos usuarios, seis dos cales serán designados polo Consello de Consumidores e Usuarios e un polo Comité Español de Representantes de Minusválidos (CERMI).

5.º Dous conselleiros representantes dos traballadores do sector de transporte de viaxeiros, designados por proposta das centrais sindicais máis representativas do dito sector.

6.º Dous conselleiros representantes das empresas de fabricación e carrozamento de vehículos industriais de viaxeiros, designados por proposta das asociacións representativas delas.

7.º Catro conselleiros representantes das empresas ferroviarias, nomeados por proposta conxunta de RENFE-operadora, FEVE e as asociacións de empresas ferroviarias, e outro máis designado por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias.

8.º Un conselleiro representante das empresas de transporte aéreo non regular, nomeado por proposta das súas asociacións representativas.

9.º Dous conselleiros designados entre expertos en transportes terrestres de recoñecido prestixio.

10.º Un mínimo de cinco conselleiros designados entre membros da Administración, especializados en materias que afecten o funcionamento do sistema de transportes. Estes conselleiros terán voz pero non voto. Ao menos dous deles serán designados por proposta da Conferencia Nacional do Transporte ou, por delegación desta, da Comisión de Directores Xerais de Transporte do Estado e das Comunidades Autónomas. Outro dos designados estará especialmente cualificado polo seu coñecemento do sector ferroviario.

b) Sección de Transporte de Mercadorías:

1.º Seis conselleiros representantes das empresas de transporte público de mercadorías por estrada, designados por proposta do Comité Nacional do Transporte por Estrada.

2.º Tres conselleiros representantes das empresas dedicadas a actividades auxiliares e complementarias do transporte de mercadorías, designados por proposta do Comité Nacional do Transporte por Estrada.

3.º Seis conselleiros representantes das empresas cargadoras, designados por proposta das asociacións representativas destas.

4.º Un conselleiro representante dos usuarios, designado polo Consello de Consumidores e Usuarios.

5.º Dous conselleiros representantes dos traballadores do sector do transporte de mercadorías, designados por proposta das centrais sindicais máis representativas do sector.

6.º Dous conselleiros representantes das empresas fabricantes de vehículos industriais de mercadorías, de carrozamento deses vehículos e de fabricación de remolques e semirremolques, designados por proposta das asociacións representativas delas.

7.º Un conselleiro designado por proposta do Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación.

8.º Catro conselleiros representantes das empresas de transporte ferroviario, nomeados por proposta conxunta de RENFE-operadora, FEVE e as asociacións de empresas ferroviarias, e outro máis designado por proposta do administrador de infraestruturas ferroviarias.

9.º Un conselleiro representante das empresas de transporte aéreo de carga, nomeado por proposta das asociacións representativas delas.

10.º Un conselleiro representante das empresas de transporte marítimo, nomeado por proposta das asociacións representativas delas.

11.º Dous conselleiros designados entre expertos en transportes terrestres de recoñecido prestixio.

12.º Un mínimo de cinco conselleiros designados entre membros da Administración especializada en materias que afecten o funcionamento do sistema de transporte. Estes conselleiros terán voz pero non voto. Ao menos dous deles serán designados por proposta da Conferencia Nacional do Transporte ou, por delegación desta, da Comisión de Directores Xerais de Transporte do Estado e das Comunidades Autónomas. Outro dos designados estará especialmente cualificado polo seu coñecemento do sector ferroviario.»

Dezasete. O número 1 do artigo 36 queda redactado da seguinte forma:

«Nos casos de morte, cesamento ou incapacidade física ou legal da persoa que cumprise o requisito de capacitación profesional e estivese a exercer a dirección efectiva da empresa, esta poderá continuar a súa actividade durante un prazo máximo de tres meses, mesmo que a persoa que de forma efectiva a dirixa durante ese tempo non cumpra o citado requisito. En ningún caso se poderán acumular no espazo de doce meses períodos descontínuos nesta situación que sumen no seu conxunto máis de cinco meses.»

Dezaoto. A alínea c) do artigo 37 queda redactada da seguinte forma:

«Ter sido sancionadas pola comisión de infraccións en materia de transportes nos termos sinalados no artigo seguinte.»

Dezanove. O artigo 38 queda redactado da seguinte forma:

«1. Para os efectos previstos na alínea c) do artigo anterior, considérase que as persoas que dirixen unha empresa perderon o requisito de honorabilidade cando esta foi sancionada, mediante resolucións que poñan fin á vía administrativa, nos termos seguintes:

a) Pola comisión da infracción tipificada no número 5 do artigo 140 da LOTT.

b) Pola comisión de dúas ou máis infraccións das tipificadas nos números 1, 2, 3, 4 e 6 do artigo 140 da LOTT, no período de 366 días.

c) Pola comisión de tres ou máis infraccións das tipificadas nos números 15, 16, 17 e 18 do artigo 140 da LOTT, no período de 366 días.

2. O prazo polo cal se considerará perdido o requisito de honorabilidade será de cinco anos no caso sinalado na alínea a) do número anterior e de tres nos sinalados nas alíneas b) e c).

3. A perda do requisito de honorabilidade polas causas sinaladas neste artigo producirase en relación con todas as persoas que realicen a dirección efectiva da empresa infractora.

Non obstante, sen prexuízo da existencia de responsabilidade nos termos previstos no artigo 138 da LOTT, a perda de honorabilidade non se producirá respecto das persoas a que se refire o parágrafo anterior cando estas xustifiquen que as correspondentes infraccións non lles son persoalmente imputables de forma directa, nin con base nas funcións e responsabilidades que, como directivos da empresa, lles corresponden. Esta xustificación non se poderá apreciar en ningún caso en relación coas persoas a través das cales a empresa cumpra o requisito de capacitación profesional.»

Vinte. O artigo 41 queda redactado da seguinte forma:

«1. Para a realización de transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, tanto público

como privado, así como das actividades auxiliares e complementarias do transporte, será precisa a obtención do correspondente título administrativo habilitante.

2. Por excepción ao establecido no número anterior, non será necesaria a obtención de título habilitante, sen prexuízo do previsto no número seguinte e da obrigatoriedade do cumprimento das normas de ordenación do transporte que sexan de aplicación, para a realización das seguintes clases de transporte:

a) Transportes privados particulares definidos no artigo 101 da LOTT e 156 deste regulamento.

b) Transportes públicos ou privados realizados en vehículos de menos de tres rodas.

c) Transportes privados complementarios de viaxeiros que se realicen en vehículos de turismo, salvo que se trate de transporte sanitario.

d) Transportes privados complementarios de mercadorías que se realicen en vehículos de até 3,5 toneladas de masa máxima autorizada, inclusive.

e) Transportes públicos de mercadorías realizados en vehículos de até dúas toneladas de masa máxima autorizada, inclusive. A referida masa máxima autorizada poderá ser modificada polo Ministerio de Fomento, con carácter xeral, ou unicamente para os vehículos de determinadas características, sen que en ningún caso poida ser superior a tres toneladas e media.

f) Transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros e de mercadorías que se realicen integramente en recintos cerrados dedicados a actividades distintas do transporte terrestre, salvo nos supostos en que, por concorreren circunstancias de especial repercusión no transporte da zona, o órgano competente da Administración de transportes, mediante resolución motivada e precedendo informe do Comité Nacional do Transporte por Estrada, estableza expresamente a obrigatoriedade de autorización.

g) Transportes oficiais.

h) Transportes privados complementarios realizados por tractores agrícolas.

i) Transportes de equipaxes en remolques arrastrados por vehículos destinados ao transporte de viaxeiros.

j) Transportes fúnebres realizados en vehículos especialmente acondicionados para isto.

k) Transportes de lixo e inmundicias realizados en vehículos especialmente acondicionados para isto ou que, en calquera caso, fosen adquiridos con este fin pola correspondente entidade local.

l) Transportes de diñeiro, valores e mercadorías preciosas, realizados en vehículos especialmente acondicionados para isto.

m) Transportes de medicamentos, de aparellos e equipamentos médicos, e doutros artigos necesarios en casos de axudas urxentes e, en particular, de catástrofes naturais.

3. Non obstante o disposto no número anterior, para a realización daqueles transportes públicos previstos nel que polo seu volume ou repercusión así o xustifiquen, o ministro de Fomento poderá exixir que a empresa obteña unha autorización xenérica para realizar o tipo de transporte de que se trate outorgada na modalidade prevista na alínea a), do número 1, do artigo 92, da LOTT e válida para realizar transporte con calquera número de vehículos. O outorgamento desta autorización será regrado e non se lle poderán establecer limitacións cuantitativas.

4. Os vehículos que leven unidos de forma permanente máquinas ou instrumentos tales como os destinados a grupos electrógenos, guindastres de elevación, equipamentos de sondaxe, etc., constituíndo estas máquinas ou instrumentos o uso exclusivo do vehículo, non necesitarán estar amparados por títulos habilitantes de transporte de clase ningunha, sen prexuízo das autorizacións que, se é o caso, procedan, de conformidade co disposto na lexislación sobre tráfico, circulación e seguraza viaria por razón do peso ou dimensións do vehículo correspondente.

5. Os títulos habilitantes revestirán a forma de autorización administrativa outorgada á persoa física ou xurídica titular da actividade.

Non obstante, os transportes públicos regulares permanentes de viaxeiros de uso xeral, salvo os previstos no artigo 100 deste regulamento, prestaranse, en principio, ao abeiro da correspondente concesión administrativa, ben que se poderá utilizar igualmente calquera outra das formas de xestión indirecta previstas na lexislación de contratación administrativa, cando así o decida o órgano competente por razóns de interese público que deberán quedar debidamente xustificadas no oportuno expediente.

O órgano en cada caso competente determinará a modalidade a través da cal se prestará a actividade das estacións de transporte, sexan de viaxeiros ou de mercadorías, e dos centros públicos de información e distribución de cargas que se xestionen en forma indirecta.»

Vinte e un. O artigo 43 queda redactado da seguinte forma:

«1. Sen prexuízo das consecuencias a que, se é o caso, haxa lugar, consonte o disposto no título VI deste regulamento, cando a Administración constata o incumprimento dos requisitos sinalados, procederá de oficio a deixar en suspenso os correspondentes títulos habilitantes ou as súas copias, na medida en que se produza un desaxuste entre aqueles e a circunstancia real da empresa, comunicándollos ao seu titular. Esta suspensión, que implicará a entrega á Administración da documentación referida aos títulos afectados, manterase até se corrixa o incumprimento constatado. Non obstante, se a corrección non se produciu con anterioridade, o órgano competente procederá á anulación definitiva dos correspondentes títulos habilitantes con ocasión do máis próximo visado que, en aplicación do disposto no artigo 46, corresponda.

2. Para os efectos previstos no número anterior, cando o incumprimento do requisito de que se trate fose detectado polos servizos de inspección do transporte terrestre, deberán comunicarllo ao órgano competente para o outorgamento dos títulos de que se trate, o cal procederá de forma inmediata á suspensión destes.

Cando a perda do requisito sexa constatada polos órganos encargados do outorgamento e tramitación de títulos habilitantes ou do mantemento do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte, deberán pólo inmediatamente en coñecemento dos servizos de inspección do transporte terrestre para que, se así procede, se inicie o correspondente procedemento sancionador en aplicación do disposto nos números 2 e 3 do artigo 140 da LOTT.

3. Mentres unha empresa teña suspendido algún título habilitante ou copias deste polas causas sinaladas neste artigo, non poderá obter novos títulos ou copias da mesma clase.

4. A suspensión ou revogación dos correspondentes títulos habilitantes por calquera das causas previstas neste artigo non dará lugar a indemnización ningunha a favor do seu titular e, en caso de revogación, producirase a perda da fianza, cando esta existir.»

Vinte e dous. O número 4 do artigo 47 queda redactado da seguinte forma:

«Vehículo pesado: vehículo automóbil especialmente acondicionado para o transporte de mercadorías, cuxo peso máximo autorizado sexa superior a 6 toneladas e cuxa capacidade de carga exceda 3,5 toneladas. As cabezas tractoras terán a consideración de vehículos pesados cando teñan unha capacidade de arrastre de máis de 3,5 toneladas.»

Vinte e tres. O artigo 48 queda redactado da seguinte forma:

«1. As empresas prestadoras dos servizos de transporte público ou de actividades auxiliares ou complementarias deste levarán a cabo a súa explotación con plena autonomía económica, xestionándose, de acordo coas condicións que foren establecidas, ao seu risco e ventura.

2. Para os efectos sinalados no número anterior, os servizos de transporte público levaranse a cabo baixo a dirección e responsabilidade do transportista, intermediario de transportes, cooperativa ou sociedade de comercialización que os contratase como transportista co cargador ou usuario, ao cal lle deberán ser facturados por aquel en nome propio.

3. En todo caso, o transportista que contratase a realización dun servizo de transporte público, sexa co usuario efectivo ou cun intermediario de transporte, deberá levalo a cabo cos medios persoais e materiais integrantes da súa propia organización empresarial, utilizando vehículos con capacidade de tracción propia dos cales dispoña ben en propiedade ben en arrendamento financeiro, arrendamento ordinario ou a través doutra forma xurídica autorizada polo Ministerio de Fomento, os cales deberán estar amparados por títulos habilitantes expedidos a nome do propio transportista, e ser conducidos, salvo nos casos expresamente exceptuados, por traballadores da súa empresa en réxime laboral.

Non obstante, en aplicación do disposto nos artigos 76 e 97 da LOTT, os transportistas que reciban demandas de transporte que excedan conxunturalmente as que poden servir cos seus propios medios, poderán atendelas mediante a colaboración doutros transportistas usando os vehículos e os condutores destes, dentro dos límites sinalados nos artigos 85, 107.2 e 121 deste regulamento en relación cos diferentes tipos de transporte e con suxeición ás seguintes regras:

a) O transportista que reciba a demanda de transporte do usuario contratará con este e facturalle en nome propio, nos termos sinalados no número 2 deste artigo.

Nos documentos contables da empresa que utilízase a colaboración doutros transportistas deberán facer constar de forma diferenciada os contratos atendidos desta maneira, identificando as empresas colaboradoras e o volume de transporte realizado por cada unha.

b) O transportista colaborador deberá contar co título habilitante que, se é o caso, resulte preceptivo para a realización do transporte de que se trate.

As empresas que prestasen a súa colaboración a outros transportistas deberán reflectir nos seus documentos contables de forma diferenciada os transportes levados a cabo por esta vía, identificando as empresas a que prestaron a súa colaboración e o volume de transporte realizado para cada unha delas.

c) As obrigas e responsabilidades administrativas propias do transportista corresponderán á empresa colaboradora ao abeiro de cuxa autorización se efectúa o transporte e que materialmente o executa.

Ao transportista que recibiu a demanda de transporte do usuario corresponderanlle fronte á Administración as obrigas e responsabilidades propias das axencias de transporte e as que son propias do transportista fronte ao usuario que con el contratase o servizo.

d) Nas cartas de porte ou outros documentos en que se reflitan as condicións pactadas nos correspondentes contratos de transporte de mercadorías, así como nos documentos de control que, se é o caso, resulte obrigatorio expedir en relación con cada operación de transporte, deberá facerse constar tanto a empresa transportista que contrata en nome propio co usuario como a empresa colaboradora a través da cal se presta o servizo.

e) Nos transportes de viaxeiros, a empresa colaboradora deberá reflectir no libro de ruta dos vehículos que utilice que o servizo se está a prestar en réxime de colaboración, citando a empresa transportista a cuxa demanda se realiza. Cando se trate de transportes regulares permanentes de uso xeral, as circunstancias da colaboración deberanse reflectir, así mesmo, naquel outros documentos de control que, se é o caso, determine o ministro de Fomento.

Para un adecuado control administrativo da colaboración levada a cabo entre transportistas, a inspección do transporte non se limitará á análise comparativa e cruzada dos datos das empresas que utilizen e prestasen a colaboración, senón que, ademais, examinará a capacidade das empresas inspeccionadas para realizar cos seus propios vehículos os servizos que facturasen nun determinado período.»

Vinte e catro. O número 1 do artigo 50 queda redactado da seguinte forma:

«A organización interna e o funcionamento do rexistro a que se refire o artigo anterior rexeráse polos principios e regras que determine o seu regulamento, que, para o efecto, será aprobado polo Ministerio de Fomento, mediante orde do titular do departamento.

En todo caso, o referido rexistro contará, como mínimo, coas seguintes seccións:

- a) Empresas transportistas.
- b) Autorizacións habilitantes para a realización de transportes discretivos e actividades auxiliares e complementarias do transporte.
- c) Concesións e autorizacións habilitantes para a realización de transportes regulares de uso xeral.
- d) Capacitación para o exercicio da actividade de transportista e de actividades auxiliares e complementarias do transporte.
- e) Condutores de países non pertencentes á Unión Europea que presten os seus servizos en empresas españolas.
- f) Tarxetas de tacógrafo.
- g) Conselleiros de seguranza no transporte de mercadorías perigosas.
- h) Infraccións e sancións.»

Vinte e cinco. O artigo 52 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os títulos habilitantes para a realización dos servizos e actividades de transporte regulados neste regulamento poderán ser outorgados directamente ás entidades cooperativas de traballo asociado, sempre que cumpran os requisitos exixidos para isto no artigo 42.

2. As persoas que formen parte de cooperativas de traballo asociado de transporte ou de actividades auxiliares ou complementarias do transporte por estrada, ás cales se refire o artigo 60 da LOTT, non poderán obter persoalmente, mentres formen parte delas, títulos administrativos habilitantes correspondentes á actividade que realice a cooperativa, debendo transmitir a esta todos os que, se for o caso, anteriormente posúen ou ben renunciar a eles.

Cando a Administración constate que o socio dunha cooperativa de traballo asociado obtivo un dos referidos títulos habilitantes mentres formaba parte da cooperativa, contravindo o anteriormente sinalado, deberá actuar conforme o previsto no artigo 43.

3. As cooperativas de traballo asociado terán, para efectos da normativa de ordenación do transporte, a consideración de empresas transportistas ou da actividade auxiliar ou complementaria a que en cada caso estean dedicadas, correspondéndolles os mesmos dereitos e obrigas que ao resto das empresas. Para tal efecto, deberán contratar e facturar aos seus clientes en nome propio, nos termos sinalados no artigo 48.

4. As cooperativas de traballo asociado deberán transmitir aos socios que deixen de formar parte delas os títulos habilitantes que, se é o caso, aqueles lles transmitisen no momento da súa incorporación, sempre que estes así o soliciten e se cumpran, no momento do abandono, todos os requisitos legal e regulamentariamente exixidos para que resulte posible a transmisión por parte da cooperativa do título habilitante de que se trate a favor do socio que a abandona e este cumpra todas as condicións exixidas para adquirir a súa titularidade. En caso contrario, o socio que deixa de formar parte da cooperativa terá dereito a ser compensado por parte desta, nos termos que, para tal efecto, sinalen os seus propios estatutos»

Vinte e seis. O artigo 54 queda redactado da seguinte forma:

«As funcións de colaboración do sector empresarial do transporte por estrada coa Administración previstas na lexislación vixente, así como a participación no Comité Nacional de Transportes por Estrada en representación do sector, estarán reservadas ás asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte por estrada legalmente constituídas que teñan unha representación significativa.»

Vinte e sete. O artigo 55 queda redactado da seguinte forma:

«1. A representatividade, para efectos da súa colaboración e participación en funcións administrativas, das asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte por estrada farase constar no rexistro a que se refire o artigo 49. Esta representatividade establecerase en relación con cada unha das distintas clases ou modalidades de transporte

por estrada ou de actividades auxiliares ou complementarias deste que constitúan sección ou subsección no Comité Nacional do Transporte por Estrada, e determinarase en función dos seguintes criterios:

a) Para cada clase ou modalidade de transporte, a representatividade virá determinada en función do número de empresas membros de cada asociación e do número de autorizacións referidas a vehículo, ou de copias certificadas da autorización referida á empresa, previstas no artigo 113 de que, se é o caso, sexan titulares aqueles.

Idéntica regra se seguirá para determinar a representatividade das asociacións de arrendadores de vehículos con condutor.

Para os efectos previstos neste número, a representatividade das asociacións de transporte urbano de viaxeiros en autobús virá determinada polo número de empresas membro de cada asociación e o número de vehículos destinados a esta modalidade de transporte de que sexan titulares aqueles.

Para determinar a representatividade das asociacións de transporte público internacional de mercadorías teranse en conta o número de empresas membros de cada asociación e o número de autorizacións de transporte internacional ou de copias autorizadas destas de que sexan titulares, tanto se se trata de licenzas comunitarias como doutras autorizacións bilaterais ou multilaterais, sempre que teñan validez temporal para unha pluralidade de viaxes. A respecto das autorizacións bilaterais á viaxe, computaranse cun valor inferior ás anteriores, conforme as regras de ponderación que, para o efecto, determine o ministro de Fomento.

b) A representatividade das asociacións de axencias, transitarios, almacenistas-distribuidores e arrendadores de vehículos sen condutor determinarase en función do número de empresas asociadas provistas do correspondente título habilitante e do número de locais de sede central e sucursais ou locais auxiliares de que elas sexan titulares, que fosen debidamente comunicados á Administración.

c) A representatividade das asociacións non comprendidas nas alíneas anteriores virá determinada en función do número das súas empresas membro.

2. Salvo que o ministro de Fomento, en razón das variacións que se produzan na configuración do mercado dos transportes, especialmente a respecto do número de empresas, títulos habilitantes e vehículos, por proposta do Comité Nacional do Transporte por Estrada, estableza un criterio diferente, as representatividades previstas nas alíneas a), b) e c) do número anterior mediranse de acordo coas seguintes fórmulas:

a) A representatividade das asociacións a que se refire a alínea a) do número anterior será igual á suma do número de empresas asociadas, multiplicado por 0,20, máis o número de autorizacións e de copias certificadas destas de que sexan titulares as empresas asociadas para a modalidade de transporte ou actividade de que se trate, multiplicado por 0,80.

b) A representatividade das asociacións a que se refire a alínea b) do número anterior será igual á suma do número de empresas asociadas, multiplicado por 0,80, máis o número de locais de sede central e sucursais de que sexan titulares as empresas asociadas para a actividade de que se trate, multiplicado por 0,20.

c) A representatividade das asociacións a que se refire a alínea c) do número anterior será igual ao número das súas empresas asociadas.

3. Para efectos da determinación da representatividade a que se refire o número anterior, as asociacións deberán subministrar á Administración os correspondentes datos e actualizalos na forma e condicións que, co fin de facilitar e axilizar a constatación da referida representatividade, estableza o Ministerio de Fomento.»

Vinte e oito. O artigo 63 queda redactado da seguinte forma:

«1. A Dirección Xeral de Transportes por Estrada remitirá un exemplar do anteproxecto a cada unha das comunidades autónomas por que discorra o itinerario do servizo e acordará a apertura dun período de información pública por un prazo de trinta días, mediante anuncio no «Boletín Oficial del Estado».

2. Durante o prazo sinalado no número 1, o anteproxecto estará exposto para o seu libre exame na Dirección Xeral de Transportes por Estrada e na sede dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, e os particulares, empresas de transporte, asociacións de transportistas e demais entidades públicas e privadas poderán formular as observacións que coiden convenientes.

3. Coincidindo coa apertura do referido período de información pública, solicitaranse os informes do Consello Nacional de Transportes Terrestres, do Comité Nacional do Transporte por Estrada e das comunidades autónomas afectadas.

4. Finalizado o período de información pública, e dentro dos quince días seguintes, as comunidades autónomas afectadas emitirán os seus informes, remitíndoos, xunto coas observacións presentadas ante elas polos particulares, á Dirección Xeral de Transportes por Estrada. Nese prazo máximo deberán, así mesmo, emitir os seus informes o Consello Nacional de Transportes Terrestres e o Comité Nacional do Transporte por Estrada.

5. Transcorrido o prazo establecido no número anterior, o ministro de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Transportes por Estrada, despois da valoración técnica, económica e xurídica das alegacións presentadas e dos informes emitidos, resolverá acerca da procedencia de establecer o servizo, así como da pertinencia de introducir modificacións sobre o anteproxecto inicialmente formulado, e aprobará, se for o caso, o proxecto que servirá de base ao prego de condicións conforme o cal se adxudicará a explotación do servizo.

6. Se durante a tramitación dun novo servizo se alega a existencia doutra fórmula de entre as previstas neste regulamento que resulte máis adecuada para atender as necesidades de transporte que se pretende cubrir, tal como a modificación ou unificación de concesións preexistentes ou a prestación de servizos de dúas ou máis concesións cos mesmos vehículos sen solución de continuidade, solicitándose expresamente a adopción alternativa desa solución, a Administración resolverá simultaneamente acerca desta solicitude e da procedencia de establecer o novo servizo, sen que para tal efecto sexa necesaria a apertura dun procedemento independente.

En todo caso, se durante o procedemento seguido para o establecemento dun novo servizo resulta xustificada que a unificación ou modificación de concesións preexistentes constitúe unha alternativa máis adecuada, a Administración poderá acordala de oficio, dando por concluído o procedemento.

mento iniciado. Deberá, neste suposto, manterse o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación da concesión que se modifique, nos termos previstos no artigo 77.3, cando así se estableza neste regulamento con carácter xeral para o tipo de modificación de que se trate.»

Vinte e nove. Engádesse un novo número 4 ao artigo 64, coa seguinte redacción:

«A prohibición de establecemento de tráfico coincidentes na creación de novos servizos non afectará aqueles que se creen como consecuencia da extinción dunha concesión anterior na cal xa se encontrasen incluídos.»

Trinta. A alínea d) do número 1 do artigo 65 queda redactada da seguinte forma:

«Nos supostos a que se refiren os números 3 e 4 do artigo anterior.»

Trinta e un. O artigo 67 queda redactado da seguinte forma:

«A duración das concesións, que non poderá ser inferior a seis anos nin superior a quince, establecerase no título concesional de acordo coas características e necesidades do servizo. Teranse en conta, así mesmo, o volume de tráfico, beneficio potencial e demais circunstancias que se desprendan do estudo económico da explotación.»

Trinta e dous. O artigo 68 queda redactado da seguinte forma:

«1. Para o outorgamento das concesións correspondentes a servizos regulares permanentes de viaxeiros de uso xeral seguirase o procedemento de concurso. Tal concurso será convocado e resolto pola Dirección Xeral de Transportes por Estrada.

2. No citado concurso servirá de base ao correspondente prego de condicións xurídicas, económicas, técnicas e administrativas o proxecto aprobado pola Administración, incluíndose ademais as especificacións que a Dirección Xeral de Transportes por Estrada considere conveniente introducir para satisfacer máis adecuadamente o interese público, sempre que respecten as previsións do proxecto aprobado.

3. Faranse constar no prego de condicións os seguintes asuntos:

1.º Os tráfico a atender, segundo a definición deles contida no número 1 do artigo 64.

2.º Os correspondentes itinerarios, definidos polas estradas por que discorra o servizo e os núcleos de poboación en que se efectúen paradas para tomar e deixar viaxeiros.

3.º O calendario de prestación do servizo e o número mínimo de expedicións que se vaian realizar.

4.º O número de vehículos que, como mínimo, deberán quedar adscritos á prestación do servizo, podendo incluírse os necesarios para atender intensificacións de tráfico, ou ben o número mínimo de prazos de transporte a ofrecer, con especificación, se é o caso, das características técnicas ou da categoría dos vehículos que se vaian utilizar, conforme a clasificación destes que, para tal efecto, adoptase o ministro de Fomento en atención ás súas características técnicas e de confortabilidade. Especialmente determinaranse as condicións exixidas para facilitar o uso dos vehículos por persoas de mobilidade reducida.

5.º As instalacións que, se é o caso, resulten necesarias.

6.º Os prazos de substitución obrigatoria de vehículos e instalacións.

7.º O réxime tarifario do servizo.

8.º O compromiso da empresa prestataria de non excluírse da arbitrase das xuntas arbitrais do transporte nos litixios que, en relación co contrato de transporte, se poidan suscitar cos usuarios do servizo, cando esa arbitrase sexa instada por estes conforme o que se sinala no artigo 9.

9.º O prazo da concesión.

10.º As restantes circunstancias económicas ou técnicas do servizo.»

Trinta e tres. A alínea a) do número 1 do artigo 69 queda redactada da seguinte forma:

«Condicións esenciais, que deberán ser respectadas polas distintas ofertas, as cales non poderán introducir variacións nelas; deberán figurar como tales os tráfico a realizar, o prazo de duración da concesión, o compromiso do concesionario de non excluírse da arbitrase das xuntas arbitrais do transporte cando este sexa solicitado polos usuarios e as demais circunstancias a que expresamente se atribúa o carácter esencial no prego de condicións.

Terá así mesmo carácter de condición esencial o itinerario da concesión, ben que o prego de condicións poderá incluír máis dun itinerario.»

Trinta e catro. O artigo 70 queda redactado da seguinte forma:

«1. O concurso será anunciado no «Boletín Oficial del Estado» e sinalarase un prazo non inferior a trinta días para a presentación de proposicións, as cales se deberán dirixir á Dirección Xeral de Transportes por Estrada.

2. Poderán participar no concurso as empresas que, encontrándose inscritas no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas nos termos previstos na lexislación sobre contratos das administracións públicas, reúnan os requisitos previstos no artigo 42 e os que expresamente se determinen no prego de condicións e teñan a súa xustificación nas características do servizo determinadas polo proxecto que lle serviu de base.

Poderán, así mesmo, concorrer de forma conxunta varias empresas facendo unha única oferta, sempre que adquiren formalmente o compromiso de constituír, en caso de aquela resultar seleccionada, unha persoa xurídica das enumeradas na alínea a) do artigo 42.1 á cal se realizaría a adxudicación definitiva, sen que resulte necesario que tales empresas acrediten ter constituído unha unión temporal nin ningunha outra forma de colaboración empresarial antes de a selección se producir.

Non obstante, e sen prexuízo do disposto no artigo 80 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, ningunha delas poderá presentar, individualmente ou xunto con outras, ofertas alternativas nese mesmo concurso, debendo para tal efecto identificarse con precisión cada unha das empresas que participen na oferta conxunta.

Non poderán presentar ofertas a un mesmo concurso dúas persoas xurídicas distintas cando unha delas sexa titular de máis do 50 por cento do capital social da outra, ou cando unha mesma persoa, física ou xurídica, sexa titular de máis do 50 por cento do capital social dunha e outra.

A infracción das normas contidas nos dous parágrafos anteriores dará lugar á inadmisión de todas

as propostas subscritas ou participadas por calquera das empresas afectadas.»

Trinta e cinco. Engádesse un novo número 3 ao artigo 71 coa seguinte redacción:

«Cando o concurso se convocase como consecuencia da extinción dunha concesión anterior, non resultará necesario que os concursantes inclúan no primeiro sobre o estudo económico xustificativo da tarifa que propoñan.»

Trinta e seis. O número 4 do artigo 72 queda redactado da seguinte forma:

«A mesa do concurso remitirá a documentación presentada acompañando as solicitudes admitidas á Dirección Xeral de Transportes por Estrada que, após os estudos oportunos, formulará a proposta de adxudicación.»

Trinta e sete. O número 2 do artigo 73 queda redactado da seguinte forma:

«Valorarase cada un dos compoñentes da oferta en virtude da súa importancia para a prestación do servizo.

En especial, serán obxecto de tal valoración as concrecións que sobre tarifas, frecuencia de expedicións, características e antigüidade dos vehículos e instalacións, compromiso de absorber o persoal do antigo concesionario, cando proceda, e calidade e seguranza do servizo realicen os distintos licitadores.

O prego de condicións de cada concurso establecerá módulos obxectivos para a valoración das distintas ofertas, podendo o ministro de Fomento establecer regras e precisións de carácter xeral para o efecto.»

Trinta e oito. O artigo 74 queda redactado da seguinte forma:

«1. Unha vez realizada a adxudicación provisoria da concesión de acordo co previsto no artigo anterior, o adxudicatario deberá acreditar no prazo de tres meses, a non ser que o prego de condicións determinase outro diferente, o cumprimento de todos os requisitos necesarios para a prestación do servizo que non fosen exixidos no trámite do concurso, así como a constitución da fianza definitiva do servizo mediante calquera das modalidades previstas no artigo 71. O importe da fianza será equivalente ao 4 por cento da recadación anual prevista conforme os elementos contidos na oferta obxecto de adxudicación.

Dentro dese prazo, o adxudicatario deberá comunicar ao órgano concedente os seguintes asuntos:

a) A relación dos vehículos, identificados polas súas matrículas, que quedarán adscritos á concesión.

b) O calendario e cadro de horarios consonte os cales se van realizar as expedicións concesionais.

c) A situación xeográfica concreta dos puntos de orixe e paradas dos servizos, incluíndo tanto aquelas que se realicen para atender os tráfico da concesión como as que teñan un carácter puramente técnico.

Os puntos de parada que se vaian realizar en solo urbano ou urbanizable, así como a súa modificación, determinaranse, despois do informe ou proposta do concello afectado, con audiencia do concesionario e ponderando a incidencia na prestación

dos servizos incluídos na concesión e no tráfico urbano.

Os puntos de parada identificaranse polo seu enderezo postal cando se encontren en solo urbano, ou pola denominación da infraestrutura e punto quilométrico concretos en que teñan lugar, cando non sexa así. Tratándose dunha estación de transporte de viaxeiros, farase constar esa circunstancia, así como o carácter público ou privado daquela e a súa titularidade.

Os datos así comunicados polo adxudicatario provisorio xuntaranse, posteriormente, como documento anexo ao título concesional que se formalice conforme o disposto neste artigo.

O prazo sinalado neste número poderá ser excepcionalmente prorrogado até tres meses máis, cando medien razóns que, a xuízo da Administración, así o xustifiquen suficientemente.

2. Acreditados tales datos polo adxudicatario, a Administración procederá á adxudicación definitiva da concesión.

Non obstante, de conformidade co disposto no artigo 146.5 da LOTT, o pagamento das sancións pecuniarias sinaladas nesa lei, impostas por calquera causa mediante resolución que poña fin á vía administrativa, será requisito necesario para que proceda a dita adxudicación definitiva.

Se o adxudicatario non constitúe a fianza definitiva, non acredita o cumprimento dalgún dos requisitos necesarios para a prestación do servizo ou non fornece algún dos datos sinalados no número 1 dentro do prazo que neste se determina, ou renuncia á adxudicación, perderá a fianza provisoria e os seus dereitos de adxudicatario.

3. A adxudicación definitiva da concesión dará lugar á formalización do correspondente contrato mediante documento administrativo, conforme o que para o efecto se encuentre previsto na lexislación sobre contratación administrativa. Tal contrato constituirá o título concesional, no cal quedarán determinadas as condicións de prestación do servizo, axustadas ao prego do concurso modificado conforme a oferta do adxudicatario.

A eficacia do contrato así formalizado quedará suxeita a que o adxudicatario inicie a prestación do servizo no prazo previsto no número 5 deste artigo, perdendo, en caso contrario, a fianza definitiva, ben como a súa condición de concesionario.

A data de formalización do contrato constituirá o día a partir do cal se iniciará o cómputo do prazo concesional.

4. A adxudicación definitiva da concesión do servizo será publicada no «Boletín Oficial del Estado», coas condicións esenciais que a identifiquen, sendo os gastos correspondentes por conta do adxudicatario.

O pagamento polo concesionario dos gastos xerados pola publicación será requisito necesario para que se poida iniciar a prestación do servizo para efectos do disposto neste artigo.

5. O concesionario, salvo que de forma expresa figure no prego de condicións outro diferente, disporá dun prazo dun mes, contado a partir da data de formalización do contrato administrativo, para iniciar a prestación do servizo. Tal prazo unicamente poderá ser prorrogado cando non fose posible a publicación previa da adxudicación definitiva da concesión no «Boletín Oficial del Estado» por causa imputable á Administración.

Para tal efecto, a prestación do servizo unicamente se poderá considerar iniciada cando o órgano competente para o outorgamento da concesión dite

resolución declarándoa inaugurada, nos termos sinalados no artigo 75.

6. Cando o adxudicatario inicial do concurso perda os seus dereitos como tal en calquera dos supostos sinalados neste artigo, a Administración, salvo que decida declarar deserto o concurso, adxudicará o servizo á empresa que presentou a oferta que obtivo a mellor valoración despois da inicialmente escollida.»

Trinta e nove. O número 1 do artigo 75 queda redactado da seguinte forma:

«A entrada en funcionamento do servizo concesional farase constar na acta que, no día en que teña lugar, levantarán os servizos de inspección do transporte terrestre.

A expedición mediante a cal se inicie a prestación do servizo deberá discorrer entre a orixe e o final da concesión, realizándose a totalidade das paradas, obrigatorias e técnicas, daquela.

Na acta levantada polos servizos de inspección acerca da entrada en funcionamento do servizo faranse constar os seguintes datos:

a) Adecuación dos vehículos utilizados ás condicións establecidas no título concesional.

b) Data, lugar e hora de saída da expedición inaugural.

c) Descrición do itinerario seguido pola expedición inaugural, con identificación das distintas infraestruturas por que discorra e indicación da situación xeográfica concreta do punto ou puntos de parada obrigatoria dos vehículos nas localidades entre as cales se realice o tráfico e, se é o caso, os puntos de parada técnica.

d) Hora de entrada e saída da expedición inaugural en cada un dos puntos de parada consignados conforme o sinalado na alínea c).

e) Lugar, data e hora en que finaliza a expedición inaugural.

f) Adecuación para a prestación do servizo concesional dos lugares de saída, finalización e parada utilizados durante a expedición, cunha breve indicación do equipamento e servizos que neles se encontran ao dispor dos usuarios.

g) Se for o caso, cantas outras observacións ou incidencias considere pertinente reflectir o técnico da Inspección actuante por consideralas relevantes en relación coa prestación futura do servizo concesional.

Á vista do contido da acta levantada pola inspección, o órgano concedente actuará da seguinte maneira:

Cando na acta se fixese constar a plena adecuación do servizo prestado nesa primeira expedición ás condicións de prestación sinaladas no título concesional, ditará resolución mediante a cal se declare inaugurada a concesión.

Cando no informe se fixesen constar deficiencias imputables ao concesionario que, a xuízo do órgano concedente, poidan ser razoablemente emendadas por este nun período de tempo breve, o referido órgano poderá ditar unha resolución declarando inaugurada a concesión baixo a condición de que as deficiencias observadas se emenden nun determinado prazo, que en ningún caso poderá ser superior a un mes.

Finalizado o prazo sinalado, os servizos de inspección do transporte terrestre comprobarán se as deficiencias de que se trata foron emendadas. Cando así fose, o órgano concedente ditará nova resolución confirmando os efectos da declaración de inauguración contida na súa primeira resolución. En caso contrario, a concesión non se poderá consi-

derar inaugurada, producíndose os efectos previstos para o dito suposto nos números 3 e 5 do artigo 74. Para tal efecto, notificarase esta circunstancia ao concesionario, convidándoo a formular cantas alegacións considere oportunas, antes de ditar a correspondente resolución.

Cando na acta dos servizos de inspección do transporte terrestre se fixesen constar deficiencias imputables ao concesionario que, a xuízo do órgano concedente, non poderían ser emendadas a curto prazo, a concesión non se declarará inaugurada, sen que as actuacións realizadas interrompan o cómputo do prazo previsto no artigo 74.5. Para tal efecto, notificarase esta circunstancia ao concesionario, convidándoo a formular cantas alegacións considere oportunas, antes de ditar a correspondente resolución.»

Corenta. O artigo 77 queda redactado da seguinte forma:

«1. A Administración, de oficio ou por instancia dos usuarios, poderá acordar, xustificando o interese xeral e logo de audiencia do concesionario, aquelas modificacións das condicións de prestación previstas no título concesional que resulten necesarias ou convenientes para mellorar o servizo.

2. Así mesmo, a Administración poderá autorizar, consonte o disposto nos artigos seguintes, aquelas modificacións das condicións de prestación previstas no título concesional que sexan solicitadas polo concesionario.

Non obstante, o concesionario non poderá solicitar tales modificacións até teren transcorrido tres anos desde a formalización inicial do referido título, ou dous desde a súa última modificación, nin cando falte un período inferior a dous anos para a terminación do prazo concesional.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 da LOTT, o pagamento das sancións pecuniarias sinaladas na lei, impostas por calquera causa ao concesionario mediante resolución que poña fin á vía administrativa, será requisito necesario para a realización de calquera modificación das condicións de prestación das concesións de que sexa titular.

3. A variación das condicións previstas no título concesional requirirá a modificación deste, mediante a formalización do correspondente documento administrativo, en todos aqueles supostos en que así se sinala neste regulamento.

Na modificación do título concesional deberá manterse o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación da concesión. Para tal efecto, a modificación dará lugar, en todo caso, a unha revisión xeral das condicións establecidas no título, con obxecto de que a relación existente entre os custos xerados pola explotación da concesión e a súa tarifa no momento previo á modificación sexa a mesma que no posterior.

4. Os requisitos sinalados neste artigo non serán de aplicación en relación coa modificación da relación dos vehículos adscritos á concesión, o calendario e cadro de horarios das expedicións concesionais e a situación xeográfica concreta dos puntos de orixe e parada dos servizos que, de conformidade co disposto no artigo 74.1, non figurarán no propio título concesional senón nun documento anexo a este.»

Corenta e un. O artigo 78 queda redactado da seguinte forma:

«1. A prestación do servizo axustarase aos tráxicos autorizados e ao itinerario sinalado no título concesional.

A modificación dos ditos tráfico e itinerario poderá ser acordada pola Administración ben de oficio ou por instancia dos usuarios, ben por solicitude do concesionario, resultando de aplicación, para o efecto, o disposto no artigo anterior.

2. Consideraranse modificacións dos tráfico da concesión:

a) A ampliación dos tráfico previstos no título concesional consistente na incorporación de novas relacións mediante ampliacións do itinerario da concesión.

b) A realización de tráfico comprendidos dentro do itinerario da concesión non previstos orixinalmente no título concesional.

c) A supresión ou segregación de tráfico establecidos no título concesional.

3. A substitución ou modificación total ou parcial do itinerario establecido no título concesional, consistente na utilización de infraestruturas distintas deberá, así mesmo, ser aprobada pola Administración aínda que non conteña ningunha das modificacións sinaladas no número anterior.

Sen prexuízo de que a variación do itinerario recollido no título concesional deba ir acompañada da modificación deste nos termos sinalados no artigo 77.3, deberase establecer claramente na documentación anexa ao dito título o novo calendario e horario de expedicións cando estes deban sufrir alteración como consecuencia da utilización do novo itinerario.

Cando as expedicións realizadas polo novo itinerario non cubran a totalidade dos tráfico da concesión, a Administración deberá velar porque non exista unha desproporción manifesta entre o número das que se prestan por un e outro itinerario e evitará a utilización exclusiva dun só deles nos horarios máis demandados.»

Corenta e dous. O artigo 79 queda redactado da seguinte forma:

«Cando sexa o concesionario quen solicite a modificación dos tráfico sinalados no título concesional, a súa solicitude deberase acompañar dunha memoria xustificativa da modificación proposta, con expresión, se é o caso, dos datos de poboación das localidades e da área afectada que se pretenda incluír ou suprimir no itinerario da concesión, plano e descrición dos novos percorridos, con indicación dos servizos con cuxo itinerario se produza algunha coincidencia, previsión das modificacións no número de usuarios, repercusión económica e tarifaria, xustificación da dispoñibilidade dos medios materiais necesarios para a explotación e os demais que, por resultaren precisos para a adopción da decisión procedente, determine, se é o caso, o ministro de Fomento. As mesmas circunstancias fará constar a Administración no oportuno expediente cando o incoe de oficio.

A Dirección Xeral de Transportes por Estrada acordará a apertura dun período de información pública de ao menos quince días e, simultaneamente, solicitará o informe das comunidades autónomas afectadas, do Consello Nacional de Transportes Terrestres e do Comité Nacional do Transporte por Estrada, os cales deberán ser emitidos no prazo de quince días, e resolverá a seguir.»

Corenta e tres. O artigo 80 queda redactado da seguinte forma:

«1. As modificacións das concesións que consistan na inclusión de novos tráfico non previstos no título concesional estarán, en todo caso, subordi-

nadas a que se respecten as regras sobre prohibición de coincidencias con servizos preexistentes establecidas nos artigos 64 e 65.

A aprobación de modificacións que consistan na incorporación de novos tráfico estará condicionada a que quede xustificada que estes carecen de entidade propia para constituíren unha explotación economicamente independente e que teñen un carácter complementario a respecto da concesión en que se pretenden incluír.

2. Considerarase que os novos tráfico carecen de entidade propia que xustifique o seu establecemento como servizo independente cando quede acreditada a imposibilidade obxectiva da súa explotación rendible, ou cando a tarifa que tivese que sinalarse para rendibilizalo fose manifestamente máis elevada que a que resultaría de aplicación, en execución do establecido no segundo parágrafo do artigo 77.3, se eses tráfico fosen incluídos na concesión preexistente.

Se existiren dúbidas por parte da Administración en relación cos feitos a que se refire o parágrafo anterior, poderase someter a concurso o novo tráfico como servizo independente, quedando a autorización de modificación condicionada a que o concurso quede deserto, ou a que, se for o caso, tivese que adxudicarse cunha tarifa igual ou superior á que resultaría da súa inclusión na concesión preexistente.»

Corenta e catro. O artigo 81 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os concesionarios estarán obrigados a prestar o servizo de acordo co calendario, as expedicións e os horarios sinalados no título concesional e na documentación anexa a este.

2. O calendario dun servizo quedará establecido pola relación dos días da semana, mes ou ano en que se prestará.

3. As expedicións serán o conxunto de circulacións independentes con horario diferenciado realizadas entre a totalidade ou unha parte dos núcleos de poboación comunicados polo servizo.

Para efectos sistemáticos, denominarase ruta o conxunto de expedicións dunha concesión que atendan idénticos tráfico.

4. O horario quedará determinado polas horas de chegada e saída sinaladas para as distintas expedicións en cada un dos puntos de parada en que se tomen ou deixen viaxeiros.

5. O calendario, a relación de expedicións e os horarios dos servizos deberanse encontrar ao dispor do público nas estacións de viaxeiros e nos locais da empresa en que se despachen billetes para a expedición ou expedicións de que se trate.

Os concesionarios deberán facilitar a adecuada difusión deses datos a través dos medios máis convenientes para isto.

6. Os concesionarios estarán obrigados a facilitar periodicamente á Dirección Xeral de Transportes por Estrada os datos relativos á explotación do servizo que o ministro de Fomento determine, así como, puntualmente, aqueloutros que tal Dirección lles solicite de forma individualizada.»

Corenta e cinco. O artigo 82 queda redactado da seguinte forma:

«1. A Administración, cando existan razóns obxectivas que o xustifiquen, poderá, oído o concesionario, introducir modificacións obrigatorias no calendario, número de expedicións e horario do servizo.

2. Salvo que no título concesional estea expresamente previsto un réxime diferente, as modificacións do calendario, número de expedicións ou horario realizadas polo concesionario axustaranse ás seguintes regras:

As modificacións de calendario ou horarios, así como o aumento permanente do número de expedicións inicialmente establecidas no título concesional, deberán ser comunicadas polos concesionarios á Administración cunha anticipación mínima de quince días, podendo esta prohibilas ou limitalas en calquera momento por razóns de interese xeral debidamente xustificadas, que se deberán explicitar. Non será necesaria a referida comunicación cando se trate de aumentos conxunturais de expedicións para atender puntas de demanda.

A redución do número de expedicións que supoña unha diminución do establecido no título concesional deberá ser previamente autorizada pola Administración, resultando de aplicación o disposto no artigo 77. En calquera outro suposto a redución poderase realizar conforme o sinalado no parágrafo anterior.

As modificacións a que fai referencia este número darán lugar, en todo caso, á modificación da documentación anexa ao título concesional na medida en que se tiver visto afectada.

3. As comunicacións e solicitudes de modificación a que se refire este artigo deberán documentar cunha memoria xustificativa e canta outra documentación determine o ministro de Fomento por considerala precisa para a adopción da decisión procedente.

As modificacións a que se refire este artigo unicamente poderán ser postas en práctica unha vez transcorridos sete días desde que foron anunciadas ao público polo concesionario, sen que este anuncio poida ser previo ao cumprimento dos prazos sinalados nos números anteriores, ou á autorización da Administración naqueles casos en que resulta preceptiva.»

Corenta e seis. O artigo 83 queda redactado da seguinte forma:

«1. No título concesional determinarase o número mínimo e a capacidade dos vehículos que deben estar adscritos á prestación do servizo concesional, ou o número mínimo de prazas ofrecidas e as condicións técnicas e de seguranza que deben reunir eses vehículos, así como a súa antigüidade máxima e outras características exixibles, de acordo coas circunstancias propias do tráfico a atender.

Para tal efecto, o ministro de Fomento, con carácter xeral, ou os correspondentes títulos concesionais, de forma individualizada, poderán exixir que o concesionario acredite que os vehículos que se vaian adscribir á concesión correspondan a unha determinada categoría consonte as clasificacións expresamente establecidas para o efecto ou que, se é o caso, resulten de uso común no ámbito do transporte de viaxeiros por estrada.

2. A empresa adxudicataria do servizo deberá comunicar á Administración, antes da formalización do título concesional, os vehículos concretos que adscriba á concesión. Estes vehículos, dos cales a empresa deberá dispor en virtude dalgún dos títulos previstos no número 1 do artigo 48 deste regulamento, deberán reunir as condicións técnicas e de capacidade establecidas no título concesional.

O concesionario deberá comunicar tamén á Administración, se é o caso, o cambio dos vehículos adscritos á concesión antes de facelo efectivo. Os vehículos adscritos para substituír os anteriores

deberanse axustar, así mesmo, ás condicións do título concesional.

A modificación do número de vehículos establecido no título concesional ou da súa categoría, número de prazas ou condicións técnicas e de seguranza deberá ser autorizada pola Administración, que poderá, así mesmo, impola de oficio, resultando de aplicación o disposto no artigo 77 cando tal modificación implique unha redución do número de vehículos ou unha rebaixa das condicións que se encontraren sinaladas no título concesional.

3. Un mesmo vehículo poderá ser utilizado en diversas concesións dun mesmo titular, figurando adscrito simultaneamente a elas cando esa adscripción conxunta sexa expresamente autorizada pola Administración por resultar compatible a prestación de todos ou parte dos servizos daqueles conforme os seus respectivos calendarios, horarios e expedicións.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, nin da adscripción duns vehículos concretos, cando o seu titular así o comunique á Administración e esta non o prohiba ou estableza limitacións ao respecto, unha concesión poderá ser atendida utilizando indistintamente calquera dos vehículos de que sexa titular o concesionario, sempre que cumpran as condicións establecidas no título concesional. Este uso indistinto poderase facer extensivo, se é o caso, á frota de vehículos doutras empresas cando se cumpra algunha das tres condicións seguintes:

a) Que tales empresas sexan titulares de máis do 50 por cento do capital social da empresa concesionaria.

b) Que a empresa concesionaria sexa titular de máis do 50 por cento do capital social de tales empresas.

c) Que tanto o capital social de tales empresas como o da empresa concesionaria sexan da titularidade dunha mesma persoa, física ou xurídica, en máis dun 50 por cento.

5. A utilización de vehículos prevista nos dous números anteriores non poderá en ningún caso consistir na prestación conxunta sen solución de continuidade dos servizos correspondentes a varias concesións, que soamente poderá ser autorizada consonte o previsto nos artigos 90 e 91.

Os servizos prestados de conformidade co previsto neste artigo mediante vehículos non adscritos á concesión consideraranse, tanto para efectos das correspondentes relacións xurídico-privadas como das obrigas e responsabilidades de carácter administrativo, prestados pola empresa concesionaria, considerándose integrados na súa organización empresarial os vehículos cedidos por outros transportistas.

6. En todo caso, os vehículos que presten os servizos dunha concesión deberán estar sinalados, conforme o que para tal efecto determine o ministro de Fomento, co fin de facilitar a inmediata identificación daquela.»

Corenta e sete. O artigo 84 queda redactado da seguinte forma:

«O concesionario deberá contar cunha autorización habilitante para a realización de transporte discrecional de viaxeiros que ampare os vehículos adscritos á concesión. A utilización deses vehículos en servizos distintos dos concesionais estará, en todo caso, condicionada a que resulte asegurada a correcta prestación destes últimos.

Por excepción, non será obrigatorio contar coa autorización habilitante para a realización de transporte discrecional cando isto se encontre previsto no título concesional, de conformidade co artigo 68.2 da LOTT.»

Corenta e oito. O artigo 85 queda redactado da seguinte forma:

«1. Para facer fronte a intensificacións de tráfico que non poidan ser atendidas polos vehículos adscritos á concesión poderanse utilizar outros non adscritos, xa dispoña deles o concesionario xa lle fosen cedidos con condutor por outros transportistas por vía de colaboración. Os vehículos deberán estar amparados pola correspondente autorización de transporte discrecional e cumprir as condicións exixidas no título concesional para os adscritos á concesión.

Excepcionalmente, cando ao concesionario non lle resulte posible atender as intensificacións de tráfico mediante vehículos que cumpran as condicións mínimas exixidas no título concesional, poderase servir doutros, xa sexan propios ou alleos, de categoría ou características inferiores, ben que neste suposto se deberá compensar os usuarios que vaian viaxar neles, conforme as regras que, para tal efecto, determine o ministro de Fomento.

A utilización de vehículos non adscritos á concesión prevista neste artigo unicamente se poderá levar a cabo por vía de reforzo, debendo, en consecuencia, utilizarse en cada expedición cando menos un vehículo dos adscritos.

2. O volume de tráfico medido en vehículos-quilómetro servido mediante vehículos non adscritos á concesión non poderá exceder o 30 por cento do tráfico total desta en cómputo anual, salvo que o título concesional, ben inicialmente ben mediante unha modificación posterior formalizada nos termos sinalados no artigo 77.3, sinala un límite distinto en atención a circunstancias especiais que así o xustifiquen, relacionadas coa estacionalidade ou irregularidade da demanda atendida.

Cando se supere a referida porcentaxe durante dous anos consecutivos, o órgano concedente procederá a modificar o título concesional, aumentando o número de vehículos que deben estar adscritos á concesión na proporción que corresponda, de conformidade coas regras sinaladas no artigo 83.2.

3. O servizo considerarase, en todo caso, prestado pola empresa concesionaria do servizo regular, tanto para efectos das correspondentes relacións xurídico-privadas como das obrigas e responsabilidades de carácter administrativo, considerándose os vehículos cedidos por outros transportistas a que se refire este artigo integrados na súa organización.

4. A utilización de vehículos doutros transportistas por vía da colaboración prevista neste artigo non poderá amparar a prestación conxunta dos servizos de distintas concesións sen solución de continuidade, salvo que se obteña a autorización a que se refire o artigo 90.

5. Para efectos de control do disposto nos números 2 e 3, o ministro de Fomento establecerá as regras conforme as cales se deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Sen prexuízo das medidas de control previstas no artigo 48.3, os concesionarios estarán obrigados a lle comunicar á Administración os datos correspondentes á utilización de vehículos non adscritos á concesión.

b) Sempre que os servizos concesionais se estean a prestar mediante vehículos dun transportista

distinto ao concesionario, deberase poder xustificar a relación xurídica conforme a cal se utilizan.

6. O disposto neste artigo non será de aplicación aos supostos regulados no 83.4.»

Corenta e nove. O artigo 86 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os servizos de transporte público regular permanente de viaxeiros de uso xeral prestaranse respectando as tarifas establecidas no título concesional, coas actualizacións que tivesen lugar desde a formalización inicial ou desde a última modificación daquel.

Salvo que no propio título concesional se estableza outra cousa, as tarifas sinaladas neste terán a consideración de máximas, e, en consecuencia, o concesionario poderá cobrar aos usuarios calquera prezo inferior a aqueles.

Non obstante, cando o concesionario reciba calquera clase de axuda económica da Administración para o sostemento do servizo de que se trate, unicamente poderá aplicar tarifas inferiores ás máximas sinaladas no título concesional ou aplicar calquera xénero de descontos ou rebaixas aos usuarios dando conta, cunha anticipación mínima de 15 días, á Administración, a cal poderá prohibilas ou limitalas.

2. O réxime tarifario da concesión poderase establecer:

a) Mediante unha única tarifa viaxeiro-quilómetro para todos os servizos e expedicións da concesión.

b) Mediante distintas tarifas viaxeiro-quilómetro específicas para cada un dos servizos e expedicións da concesión ou parte deles.

c) Mediante unha tarifa viaxeiro-quilómetro especial para aqueles servizos que pola súa comodidade, calidade, servizos complementarios ou outras circunstancias a requiran.

d) Mediante tarifas zonais por viaxeiro para cada zona por que discorran os servizos da concesión, independentemente do número de quilómetros realizados.

e) Mediante tarifas por viaxeiro para todos os servizos da concesión, independentemente dos quilómetros realizados.

3. Nos supostos previstos nas alíneas a), b) e c) o prezo do billete para cada traxecto será o resultado de multiplicar a tarifa establecida pola distancia en quilómetros entre os puntos de orixe e destino, e poderanse aplicar, cando for o caso, os arredondamentos autorizados. Poderase, así mesmo, neses supostos, prever un mínimo de percepción calquera que for a distancia percorrida.

4. Nas liñas interurbanas que teñan tráfico urbano coincidentes cos doutros servizos de competencia municipal, as correspondentes tarifas individuais para eses tráfico non poderán ser inferiores ás do servizo urbano municipal, salvo que o órgano concedente, por causas debidamente xustificadas, autorice outra cousa, despois de informe favorable do ente que teña a competencia sobre o servizo urbano coincidente.

5. Por petición do concesionario, a Administración poderá autorizar o establecemento de expedicións diferenciadas das ordinarias nas cales se presten aos viaxeiros servizos complementarios ou de maior calidade que os previstos no título concesional, cuxas tarifas serán libremente fixadas.

O outorgamento desta autorización estará condicionado a que quede garantida a posibilidade para

todos os usuarios que así o desexen de utilizar o servizo noutras expedicións nas condicións previstas no título concesional e aos prezos establecidos neste.

O número de expedicións autorizadas conforme o previsto neste número non poderá exceder o 50 por cento das que se realicen nun mesmo día con idénticos orixe e destino, nin desprazar as ordinarias dos horarios máis demandados.

Non será necesaria a autorización a que se refiren os parágrafos anteriores cando se trate de servizos complementarios de utilización opcional por parte dos usuarios que se presten nas expedicións ordinarias e que se cobren de forma diferenciada unicamente aos usuarios que os utilicen.»

Cincuenta. O artigo 87 queda redactado da seguinte forma:

«1. Dentro do segundo trimestre de cada ano, a Administración procederá a unha revisión de carácter xeral das tarifas dos servizos públicos regulares interurbanos permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada en réxime de concesión, a cal se axustará ás seguintes regras:

a) A revisión terá como fundamento a modificación dos prezos calculada como a variación anual da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística no ano natural anterior dos índices de prezos de consumo (grupo xeral para o conxunto nacional) sobre a mesma medida do ano precedente (en diante $\Delta IPC_{\text{medio}}$) e a modificación do número de viaxeiros-quilómetro realizados en cada concesión no ano natural anterior (en diante Vkm_r) en relación coa mesma magnitude correspondente ao ano precedente (en diante Vkm_{r-1}).

Para estes efectos, a revisión realizarase calculando o coeficiente C, mediante a expresión:

$$C = 1 + \Delta IPC_{\text{medio}} X,$$

Onde $\Delta IPC_{\text{medio}}$ figurará expresado en tanto por un co signo que corresponda e o valor X vén dado por:

$$X = 1/100 [(Vkm_r - Vkm_{r-1}) / Vkm_{r-1}]$$

Onde Vkm_r se referirá ao ano natural anterior á revisión e Vkm_{r-1} ao ano inmediatamente anterior a aquel, estando en todo caso limitado o seu valor pola seguinte fórmula expresada en porcentaxe:

$$0 \leq X \leq 1$$

O coeficiente C aplicaráselles ás tarifas vixentes en cada unha das concesións (T_{t-1}) de forma que a tarifa revisada (T_t) para cada momento sexa:

$$T_t = T_{t-1} \cdot C$$

b) As revisións tarifarias realizadas en execución do disposto neste número non estarán suxeitas ao réxime establecido no artigo 16 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, de medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Os ministros de Fomento e de Economía e Facenda poderán establecer mediante orde conxunta as especificacións que, se é o caso, consideren necesarias para a execución do disposto neste número.

2. A falta de fornecemento por parte dun concesionario dos datos estatísticos relativos a unha concesión nos termos regulamentariamente establecidos terá como consecuencia, independente-

mente das sancións a que legalmente houber lugar, que non se revise a tarifa desa concesión até a falta ser corrixida.

A omisión, o erro ou a falsidade nos referidos datos fornecidos polo concesionario terá como consecuencia, independentemente da sanción a que, se é o caso, puider haber lugar conforme o legalmente establecido, que, unha vez detectados aqueles, se proceda a rectificar a tarifa revisada que se tivese calculado tendo en conta tales datos, así como todas as que, se é o caso, se aprobasen con posterioridade.

3. Para efectos de contabilidade, as empresas titulares de concesións ou autorizacións de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral deberán tratar cada unha delas como unha actividade separada, xestionándoa como unha división contable independente, distinta de calquera outra actividade que realicen, esta ou non relacionada co transporte de viaxeiros.

Os ministros de Fomento e de Economía e Facenda poderán establecer mediante orde conxunta as especificacións que, se é o caso, consideren pertinentes para o exacto cumprimento do disposto neste número.»

Cincuenta e un. O artigo 88 queda redactado da seguinte forma:

«1. A Administración deberá ter en conta a necesidade de compensar o concesionario, sempre que este así o solicite, polas obrigas de servizo público que lle sexan impostas con posterioridade á formalización do título concesional e alteren a relación entre custos e tarifa que neste se determina.

Cando isto resulte posible, a compensación instrumentarase a través dunha modificación da tarifa da concesión, que se deberá formalizar nos termos previstos no artigo 77.3. En caso contrario, a compensación será levada a efecto de forma directa pola Administración.

2. De conformidade co previsto no artigo 19.4 da LOTT, naquelas concesións urbanas, rurais, de débil tráfico ou nas cales concorran circunstancias especiais que orixinen a súa falta de rendibilidade, en cuxos títulos concesionais figure inicialmente ou sexa introducida con posterioridade a obrigatoriedade da Administración de subvencionar ou compensar os déficits de explotación, realizarase a compensación segundo o establecido nos referidos títulos.»

Cincuenta e dous. O artigo 90 queda redactado da seguinte forma:

«1. A Dirección Xeral de Transportes por Estrada poderá autorizar a utilización dun mesmo vehículo para servir conxuntamente os tráxicos de dúas ou máis concesións que presenten puntos de contacto, co fin de que os servizos correspondentes a elas se presten sen solución de continuidade no percorrido.

Para os efectos deste regulamento, unicamente se entenderá que se produce solución de continuidade na prestación de dous servizos cando entre un e outro teña lugar o transbordo dos viaxeiros.

2. Para que proceda o outorgamento da autorización prevista no parágrafo anterior, deberánse cumprir os seguintes requisitos:

a) Que as concesións obxecto da autorización teñan en común un lugar de parada en que poidan tomar ou deixar viaxeiros consonte os seus respectivos títulos concesionais.

b) Que se respecten as regras sobre prohibición de tráfico establecidos no artigo 64, de tal forma que os tráfico atendidos sen solución de continuidade non poderán ser coincidentes cos que xa o estean a ser por outros servizos regulares permanentes de uso xeral preexistentes integrados nunha terceira concesión.

c) Que resulte acreditada a conveniencia da prestación do servizo sen solución de continuidade nunha valoración global, na cal se terán en conta tanto os intereses dos concesionarios como os dos usuarios dos servizos afectados.

d) Que resulte probada a improcedencia de establecer un servizo regular permanente de uso xeral novo e independente para atender de forma unificada os tráfico que se pretende prestar sen solución de continuidade.

e) Que non proceda a unificación das concesións respecto das cales se solicita a autorización, por non resultar adecuada a explotación xeral conxunta de todos ou da maior parte dos servizos de ambas.

3. No outorgamento da autorización a que se refire este artigo e na explotación dos servizos realizados ao seu amparo, deberanse ter en conta as seguintes regras:

a) Os servizos prestados ao abeiro desta autorización supoñen unha forma especial de colaboración entre transportistas, resultándolles de aplicación, en consecuencia, todas as regras sinaladas nos artigos 48.3 e 85, con excepción do disposto no último parágrafo do número 1 do segundo dos artigos citados en relación coa necesidade de que o servizo se preste por vía de reforzo.

b) O outorgamento da autorización regulada neste artigo non implica, por si mesmo, ningunha modificación dos tráfico das concesións afectadas.

Cando se pretenda que os servizos prestados sen solución de continuidade atendan tráfico que non se encontrasen expresamente incluídos nalgunha das concesións, deberanse modificar estes previamente á tramitación da autorización prevista neste artigo, seguindo para isto as regras e o procedemento sinalados nos artigos 79 e 80.

c) O outorgamento da autorización regulada neste artigo non implica, por si mesmo, ningunha modificación do calendario, expedicións, horarios ou itinerario das concesións afectadas.

Cando se pretenda que os servizos prestados sen solución de continuidade se realicen con horario, calendario ou itinerario que non estivesen a ser utilizados previamente nas concesións afectadas, será necesario que simultaneamente se modifiquen aqueles, conforme o procedemento sinalado para isto no artigo 82.

d) O outorgamento da autorización a que se refire este artigo non altera o réxime tarifario das concesións afectadas, de tal forma que o prezo cobrado aos usuarios dos servizos prestados sen solución de continuidade será a suma dos prezos correspondentes aos traxectos realizados sobre o itinerario de cada unha das concesións, conforme as súas respectivas tarifas.

e) A realización dunha ou máis expedicións que atendan os servizos das concesións afectadas sen solución de continuidade será obrigatoria nos termos sinalados na correspondente autorización.

Cando os concesionarios decidisen realizar un maior número de expedicións sen solución de continuidade que as sinaladas na autorización, deberánlle comunicar á Administración, de forma conxunta e cunha anticipación mínima de 15 días, as que pre-

tendan levar a cabo, podendo aquela establecer, se é o caso, as limitacións que coide convenientes.

Idéntico procedemento se deberá seguir cando se trate de reducir o número de expedicións realizadas sen solución de continuidade que se viñese prestando, podendo a Administración anular a autorización, despois de audiencia dos interesados, cando entenda que a redución do número de expedicións priva aquela de contido real.

f) A autorización outorgarase cun prazo de validez limitado, que en ningún caso poderá superar o de finalización daquela das concesións afectadas a que reste menor tempo de vixencia.

4. A validez da autorización a que se refire este artigo extinguirase nos seguintes supostos:

a) Cando conclúa o prazo de validez por que foi outorgado.

b) Cando o titular dalgunha das concesións afectadas renuncie expresamente á prestación conxunta.

c) Cando a Administración, de oficio ou por instancia de parte, determine a procedencia de establecer un servizo regular permanente de uso xeral novo e independente para atender de forma unificada os tráfico afectados, despois da celebración do correspondente concurso nos termos sinalados na regra 3.^a do artigo seguinte.

5. A Administración poderá impor, en idénticas condicións ás anteriormente sinaladas neste artigo, a realización sen solución de continuidade de expedicións correspondentes a concesións distintas cando, por razóns de interese xeral, instase o titular delas a aumentar o número de expedicións que vén realizando e este se negase a isto, sempre que se conte coa conformidade expresa do outro concesionario para a realización das expedicións que resulten necesarias.»

Cincuenta e tres. O artigo 91 queda redactado da seguinte forma:

«O outorgamento da autorización a que se refire o artigo anterior tramitarase conforme as seguintes regras:

1.^a A solicitude será dirixida polo titular ou titulares das correspondentes concesións á Dirección Xeral de Transportes por Estrada, a cal realizará a tramitación do oportuno expediente, salvo que despois de audiencia aos solicitantes considerase que acceder á solicitude sería manifestamente improcedente. No expediente deberanse solicitar os informes do Consello Nacional de Transportes Terrestres e do Comité Nacional do Transporte por Estrada, así como das comunidades autónomas afectadas, que deberán ser emitidos nun prazo non superior a 15 días.

2.^a Se das actuacións a que se refire o número anterior se deducir a conveniencia de que o servizo se preste sen solución de continuidade e a improcedencia de establecelo con carácter independente, ponderándose para tal efecto a rendibilidade deste e a repercusión do seu establecemento nas liñas existentes, así como a inadecuación da explotación xeral conxunta das concesións, outorgarase a autorización solicitada, determinándose nela as condicións de prestación do servizo.

3.^a Se após a tramitación do expediente subsisten dúbidas acerca da procedencia do establecemento do servizo como independente ou da rendibilidade deste cunha tarifa igual ou inferior aos prezos que resultarían da aplicación do sinalado na alínea d) do artigo 90.3, a Administración poderá someter a

concurso a súa adxudicación, quedando a autorización de prestación conxunta sen solución de continuidade condicionada a que o concurso quede deserto ou a que, se é o caso, tivese que adxudicarse cunha tarifa superior á anteriormente referida.»

Cincuenta e catro. O artigo 92 queda redactado da seguinte forma:

«1. A Administración, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar a unificación de dúas ou máis concesións independentes para efectos de que os servizos obxecto destas sexan prestados en réxime de unidade de empresa.

A inclusión dunha concesión nun procedemento de unificación soamente será posible a partir de que transcorresen tres anos do seu prazo de vixencia e deixará de selo cando falten menos de dous para a finalización daquel.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 da LOTT, o pagamento das sancións pecuniarias sinaladas nesa lei, impostas por calquera causa ao concesionario mediante resolución que poña fin á vía administrativa, será requisito necesario para que se poida iniciar por solicitude súa un procedemento de unificación de concesións de que sexa titular.

2. A unificación tramitarase seguindo as regras que para o establecemento de novos servizos se determinan neste regulamento, dándose audiencia aos titulares das concesións afectadas, despois do prazo xeral de información pública, cando a unificación sexa solicitada de oficio pola Administración.

3. O acordo de unificación soamente se considerará xustificado cando no oportuno expediente resulte probado que a explotación xeral conxunta dos anteriores servizos contribúe a racionalizar a explotación destes ou a rede xeral de transportes, sen que, en ningún caso, supoña, nunha valoración global, un empeoramento das condicións en que o servizo se oferta á maioría dos usuarios afectados.

4. Cando se leve a cabo a unificación de concesións, a Administración poderá realizar as modificacións nas condicións de explotación que resulten necesarias para unha máis adecuada prestación do servizo, de acordo coas características da concesión unificada.

Non obstante, unicamente se poderán autorizar na unificación tráfico non incluídos nalguna das concesións que se unifiquen cando quede debidamente xustificada a inviabilidade ou improcedencia de establecer un novo servizo independente e a inexistencia de servizos coincidentes, sendo para tal efecto de aplicación regras análogas ás establecidas no artigo 80.

5. Os servizos unificados serán obxecto dunha nova concesión, que comportará a extinción das anteriores e que terá como prazo de duración a media dos anos de vixencia que lles resten ás concesións que se unifiquen, ponderados polo factor vehículos-quilómetro anuais.

A tarifa da concesión unificada establecerase de tal forma que a relación que garde cos custos xerados pola súa explotación sexa a mesma que a existente no momento inmediatamente anterior á unificación entre a media das tarifas das concesións que se unifiquen, ponderadas polo factor viaxeiros-quilómetro medio dos últimos tres anos, e a media dos custos xerados polas súas respectivas explotacións, ponderados así mesmo polo referido factor.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a tarifa que se estableza inicialmente á concesión unificada non poderá ser superior en máis dun 5 por cento á que tivese sinalada no momento inmediata-

mente anterior á unificación aquela das concesións que se unifican que a tivese máis baixa.

6. A unificación de concesións dará lugar á expedición dun novo título concesional, debendo a concesión unificada inaugurarse conforme o que para o efecto se sinala nos artigos 74 e 75.»

Cincuenta e cinco. O número 3 do artigo 94 queda redactado da seguinte forma:

«A autorización referida outorgarase despois de xustificación da empresa adquirente da súa capacidade para a prestación do servizo e da dispoñibilidade dos medios exixibles.

Tal autorización non poderá ser concedida se non transcorreron polo menos tres anos desde a formalización inicial do título concesional ou desde unha anterior transmisión, nin cando falte un período inferior a dous anos para a terminación do prazo concesional.

Non serán, porén, de aplicación tales prazos cando se trate dun simple cambio na forma xurídica da empresa titular da concesión.»

Cincuenta e seis. O artigo 95 queda redactado da seguinte forma:

«1. As concesións extinguiranse polas causas seguintes:

a) Finalización do prazo por que fosen outorgadas.

b) Declaración de caducidade, de acordo co previsto nos números 2 e 4 do artigo 143 e 1 do 144 da LOTT e nos números 2 e 4 do artigo 201 e 1 do 202 deste regulamento.

c) Morte do empresario individual ou extinción da empresa xestora do servizo, salvo que se produza a transmisión das concesións nos termos previstos no artigo anterior deste regulamento.

Non se considerará que se extinguiu a empresa cando cambie simplemente a súa forma xurídica pero se manteña aquela nos seus aspectos económico e laboral.

d) Declaración de concurso do concesionario, determinada xudicialmente, que imposibilite a prestación do servizo.

e) Supresión ou rescate do servizo por razóns de interese público, mediante a indemnización que corresponda, de acordo co legalmente establecido.

f) Renuncia do concesionario, que deberá ter sido anunciada por este ao órgano concedente cunha anticipación non inferior a doce meses con relación á data en que pretenda cesar na prestación do servizo.

g) Mutuo acordo entre a Administración e o concesionario.

h) Perda polo concesionario dos requisitos sinalados con carácter xeral no artigo 42, ou dos especificamente incluídos no título concesional, cuxo cumprimento resultaría necesario para o outorgamento ou posterior mantemento da concesión, nos termos legal e regulamentariamente previstos.

i) Unificación con outras concesións.

j) Aquelas que se establezan expresamente no título concesional.

2. Extinguida a concesión, quedarán a favor do concesionario saínte os bens e instalacións que achegase para a explotación do servizo.

Nos supostos sinalados nas alíneas a), b), c), d), f), g), h) e j) do número anterior, cando non existan razóns que aconsellen a supresión dos servizos que estaban a ser prestados mediante a concesión extinguida, a Administración poderá convocar un novo

concurso para o outorgamento dunha nova concesión, dándose por cumpridos todos os requirimentos contidos no capítulo primeiro deste título, salvo que se pretendese introducir modificacións significativas en relación cos tráficos ou o itinerario da concesión extinta.

O prego de condicións do dito concurso debebase axustar, basicamente, ao contido do título concesional extinguido.

Non se admitirán no concurso as ofertas que, se é o caso, fosen presentadas polo anterior concesionario ou nas cales participe este ou calquera outra empresa en que sexa titular de máis do 50 por cento do capital social, cando o fin da concesión preexistente se debese a algunha das causas sinaladas nas alíneas b), d), f), g) ou h) do número 1 deste artigo.»

Cincuenta e sete. O artigo 96 queda redactado da seguinte forma:

«Para os efectos previstos nos artigos 140.5 da LOTT e 197.5 deste regulamento, considerarase abandono dunha concesión a interrupción na prestación dos servizos sen causa xustificada durante máis de 10 días consecutivos; quince non consecutivos no transcurso dun período igual ou inferior a 30 días; ou 40 non consecutivos no transcurso dun período igual ou inferior a 365 días, cando se trate de concesións que teñan expedicións todos os días. Cando se trate de concesións que non teñan expedicións todos os días, os referidos prazos reduciranse proporcionalmente e computaranse unicamente os días en que estean establecidas expedicións.

Considéranse causas xustificadas a folga, o feche patronal legalmente autorizado e as demais alleas á vontade do empresario que igualmente impidan a este a prestación do servizo.»

Cincuenta e oito. O artigo 97 queda redactado da seguinte forma:

«1. Cando se produzan os supostos de rescate, renuncia ou caducidade previstos no artigo 95, a Administración, salvo que decida a supresión do servizo ou asuma a súa xestión directa conforme o disposto no artigo 71.2 da LOTT, convocará no menor prazo posible un novo concurso público para outorgar a concesión e, mentres tanto, poderá xestionar directa ou indirectamente o servizo, utilizando, se isto resultar necesario ou conveniente, os medios persoais e materiais con que aquel se viña prestando, asumindo os resultados económicos da explotación.

2. Cando se utilicen os medios adscritos á concesión extinguida nos supostos sinalados no número anterior, deberase indemnizar o concesionario de conformidade co previsto na lexislación sobre responsabilidade patrimonial da Administración. Non obstante, non procederá a indemnización nos seguintes supostos:

a) Durante os doce meses seguintes á declaración de caducidade, cando a causa da extinción da concesión fose a sinalada na alínea b) do artigo 95.1.

b) Durante o prazo que reste para cumprir doce meses desde a data de aviso previo do concesionario que renunciase á súa concesión, cando este non tiver anunciado a súa intención coa anticipación mínima exixida na alínea f) do artigo 95.1.

3. Cando finalice o prazo concesional sen que concluíse o procedemento tendente a determinar a subseguinte prestación do servizo, o concesionario, por requirimento da Administración, prolongará a súa xestión até a finalización do procedemento, sen

que en ningún caso estea obrigado a continuala durante un prazo superior a doce meses.»

Cincuenta e nove. O artigo 106 queda redactado da seguinte forma:

«1. A autorización administrativa especial necesaria para a realización de transportes regulares de uso especial outorgaráselles ás empresas que convisen previamente a realización do transporte co representante dos usuarios a través do correspondente contrato ou precontrato, sempre que cumpran os requisitos exixidos no artigo 42.1 e se probe a dispoñibilidade dos medios materiais necesarios para a prestación do servizo.

2. Consideraranse representantes dos usuarios as persoas que, con base na súa específica posición respecto destes, asuman a relación co transportista, tales como órganos administrativos competentes sobre centros escolares, propietarios ou directores de colexios ou centros de produción, representantes de asociacións de pais de alumnos ou de traballadores, ou outros similares.»

Sesenta. O artigo 108 queda redactado da seguinte forma:

«As autorizacións para a realización de transportes regulares de uso especial outorgaranse polo prazo a que se refira o correspondente contrato cos usuarios, sen prexuízo de que o órgano en cada caso competente poida exixir o seu visado cunha determinada periodicidade co fin de constatar o mantemento das condicións que xustificaron o seu outorgamento.»

Sesenta e un. O artigo 110 queda redactado da seguinte forma:

«1. As autorizacións para a realización de transportes públicos discrecionais de mercadorías e de viaxeiros en autobús outorgaranse na modalidade de autorización á empresa referida ao conxunto de vehículos para os cales, en cada momento, a Administración expedise unha copia certificada daquela.

Como regra xeral, cada copia certificada da autorización expedirase referida a un vehículo concreto identificado pola súa matrícula.

Non obstante, cando as exixencias derivadas da ordenación dunha determinada modalidade ou clase de transporte non fagan imprescindible a referida adscrición das copias da autorización a vehículos concretos, o ministro de Fomento poderá acordar que aquelas se expidan sen referilas a priori a vehículo ningún, podendo por tanto realizar transporte ao seu amparo calquera vehículo de que dispoña o titular da autorización nos termos previstos no artigo 48.1 e que reúna as condicións exixidas nela.

2. As autorizacións para a realización de transportes públicos discrecionais de viaxeiros en vehículos de turismo outorgaranse referidas a un vehículo concreto, cuxa identificación deberá figurar nelas.»

Sesenta e dous. O artigo 111 queda redactado da seguinte forma:

«As autorizacións de transporte público discrecional de mercadorías e de viaxeiros habilitarán para realizar servizos en todo o territorio nacional.

Como regra xeral as autorizacións domiciliaranse no lugar en que a empresa transportista teña o seu domicilio fiscal. Non obstante, o ministro de Fomento poderá determinar aqueles supostos excepcionais en que as autorizacións se poderán

domiciliar nun lugar diferente, por vir realizando a empresa unha actividade económica distinta con anterioridade.»

Sesenta e tres. O artigo 112 queda redactado da seguinte forma:

«Para o outorgamento de autorizacións de transporte público discrecional de mercadorías ou de viaxeiros será necesario probar o cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 42 e concordantes deste regulamento.»

Sesenta e catro. O artigo 113 queda redactado da seguinte forma:

«O outorgamento das autorizacións de transporte público discrecional será realizado polo órgano competente no lugar en que aquelas deban estar domiciliadas e documentarase a través da expedición das correspondentes tarxetas de transporte, nas cales se especificará o nome do seu titular, clase e domicilio da autorización e demais circunstancias que determine a Dirección Xeral de Transportes por Estrada.

Cando a autorización estea referida a un vehículo concreto, na correspondente tarxeta farase constar, así mesmo, a súa matrícula.

Cando a autorización estea referida a un conxunto de vehículos concretos, o órgano competente expedirá, ademais, unha copia certificada daquela referida a cada un de tales vehículos, na cal se fará constar a súa matrícula e que terá un valor equivalente ao da autorización que reproduce.

Cando a autorización non estea referida a priori a vehículo concreto ningún, o órgano competente expedirá un número de copias certificadas daquela igual ao número de vehículos de que dispoña o seu titular nos termos previstos no artigo 48.3, as cales terán, como no caso anterior, un valor equivalente ao da autorización que reproducen.»

Sesenta e cinco. O artigo 114 queda redactado da seguinte forma:

«Non existirán límites cuantitativos ao outorgamento de autorizacións para realizar transportes públicos discrecionais de mercadorías nin de viaxeiros en autobús.»

Sesenta e seis. O artigo 115 queda redactado da seguinte forma:

«Os vehículos de transporte mixto definidos no número 5 do artigo 47 poderán realizar tanto o transporte de viaxeiros como o de mercadorías que as súas características técnicas permitan.

Para a realización de transporte con vehículos desa clase será necesaria a posesión da preceptiva autorización administrativa, cuxo outorgamento estará condicionado ao cumprimento simultáneo dos requisitos exixidos para a obtención tanto da autorización de transporte de viaxeiros como da de mercadorías que correspondan en función das características do vehículo e da clase de transporte público ou privado que se pretenda realizar con el.»

Sesenta e sete. O artigo 116 queda redactado da seguinte forma:

«Para efectos do cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 42.1, as autorizacións de transporte mixto computarán, simultaneamente, como unha autorización máis tanto de transporte de mercadorías como de viaxeiros das cales, se é o caso, sexa titular a mesma empresa.

En consecuencia, o seu titular poderá solicitar en calquera momento o troco dunha autorización de transporte mixto por outra de transporte de viaxeiros ou mercadorías referida ao mesmo vehículo, cuxa clase virá determinada polas características deste e da natureza do transporte público ou privado que se viñese realizando con el.»

Sesenta e oito. O artigo 117 queda redactado da seguinte forma:

«Naqueles supostos en que as autorizacións de transporte público discrecional de viaxeiros e de mercadorías, ou as súas copias certificadas, estean referidas a vehículos concretos, estes unicamente se poderán substituír por outros cando así o autorice o Ministerio de Fomento mediante a referencia da autorización ou copia ao novo vehículo.

Así mesmo, deberá autorizar o Ministerio de Fomento, nos referidos supostos, a continuidade da vixencia das autorizacións de transporte ou as súas copias cando se realicen modificacións das características dos vehículos a que estean referidas e que afecten a súa masa máxima autorizada, capacidade de carga, número de prazas ou outras condicións técnicas.

A substitución dos vehículos e a modificación das súas características estará condicionada a que estas non impliquen un aumento do número de prazas ou da capacidade de carga ou masa máxima autorizada que, se é o caso, contradiga a natureza da autorización de que se trate, así como ao resto de condicións referidas á antigüidade do vehículo substituto ou a entidade da modificación que, cando for o caso, estableza o ministro de Fomento.»

Sesenta e nove. O artigo 118 queda redactado da seguinte forma:

«1. Con carácter xeral, as autorizacións de transporte discrecional de mercadorías e viaxeiros en autobús serán intransferibles, salvo a favor dos herdeiros forzosos do anterior titular, nos casos de morte, xubilación ou incapacidade física ou legal deste.

Non obstante, o ministro de Fomento poderá sinalar a transmisibilidade desas autorizacións naqueles supostos en que, conforme o que se sinala no artigo 110, estas ou as súas copias se outorguen referidas a vehículos concretos cuxa identificación figure nelas e tal outorgamento se encontre sometido a limitacións por razóns da antigüidade dos vehículos ou doutro tipo.

2. As autorizacións de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo serán transmisibles cando o sexan tamén as licenzas habilitantes para a realización de transporte urbano nesta clase de vehículos.

3. En todo caso, a transmisión de autorizacións de transporte estará subordinada a que os adquirentes cumpran os requisitos de carácter persoal previstos no artigo 42 e concordantes deste regulamento, así como ao cumprimento das regras específicas que, se é o caso, determine o ministro de Fomento, o cal poderá en especial condicionala a que a empresa transmitente teña unha determinada antigüidade como titular da autorización, non diminuíse o número de autorizacións ou copias de que era titular nun determinado período de tempo, ou a que se produza a transmisión da totalidade da empresa.

A dita transmisión requirirá a novación subxectiva da autorización e, se é o caso, das súas copias certificadas a favor do adquirente por parte da Administración.»

Setenta. O artigo 119 queda redactado da seguinte forma:

«Naqueles supostos en que o transporte se realice ao abeiro dunha autorización especificamente referida ao vehículo de que se trate, deberase levar a bordo deste o orixinal da tarxeta en que se documente a autorización.

Cando se realice ao abeiro dunha autorización referida ao conxunto de vehículos da empresa para os cales a Administración expedise as correspondentes copias certificadas, deberase levar a bordo do vehículo a copia que corresponda, cando esta se encontre expresamente referida a aquel, ou calquera das copias de que dispoña a empresa en caso contrario.»

Setenta e un. O artigo 123 queda redactado da seguinte forma:

«O outorgamento das autorizacións habilitantes para a realización de transportes discrecionais interurbanos en vehículos de turismo estará condicionado a que o solicitante sexa previamente titular da licenza municipal que habilite para a prestación da mesma clase de servizos no ámbito urbano.

A autorización de transporte interurbano debebase domiciliar no mesmo municipio que outorgou a licenza de transporte urbano.

A perda ou retirada por calquera causa legal da licenza de transporte urbano dará lugar á cancelación da autorización habilitante para a realización de transporte interurbano, salvo que se dean as circunstancias previstas no artigo seguinte.»

Setenta e dous. O artigo 124 queda redactado da seguinte forma:

«Excepcionalmente, poderanse outorgar autorizacións habilitantes para a prestación de servizos interurbanos, mesmo que o municipio competente non tivese outorgado previamente a correspondente licenza municipal, se concorren as seguintes circunstancias:

a) Que fose denegada a correspondente licenza municipal habilitante para a realización de transporte urbano, ou non se ditase resolución expresa no prazo de tres meses a partir da súa petición.

b) Que a autorización se vaia domiciliar nun núcleo de poboación de menos de 5.000 habitantes.

c) Que a oferta de transporte público discrecional en vehículos de turismo na zona xeográfica de que se trate sexa insuficiente para atender adecuadamente as necesidades de transporte interurbano, debendo quedar esta circunstancia plenamente xustificada no expediente.»

Setenta e tres. O artigo 125 queda redactado da seguinte forma:

«Como regra xeral, os servizos a que se refire esta sección, salvo nos supostos exceptuados nos artigos 126 e 127, deberanse iniciar no termo municipal en que se encontre domiciliada a autorización de transporte.

Para tal efecto entenderase, en principio, que a orixe ou inicio do transporte se produce no lugar en que son recollidos os pasaxeiros de forma efectiva.»

Setenta e catro. O número 3 do artigo 126 queda redactado da seguinte forma:

«As autorizacións habilitantes para realizar servizos nas áreas territoriais de prestación conxunta serán outorgadas polo ente competente para o establecemento da área, ou polo que designen as nor-

mas reguladoras desta, e, para efectos do disposto no artigo 123, terán análoga consideración á das licenzas municipais.

No procedemento de adxudicación desas autorizacións deberanse observar os requisitos específicos establecidos para o outorgamento de licenzas municipais, sendo de aplicación as normas relativas a estas nos servizos que se presten integramente dentro desas áreas.»

Setenta e cinco. O artigo 127 queda redactado da seguinte forma:

«1. Non obstante o disposto con carácter xeral no artigo 125, os servizos de recolla de viaxeiros en portos e aeroportos que fosen previa e expresamente contratados, poderán ser prestados ao abeiro de autorizacións de transporte discrecional en vehículo de turismo domiciliadas en municipios distintos a aquel en que se encontra o porto ou aeroporto de que se trate, sempre que o destino de tales servizos se encontre no municipio en que estaa domiciliada a autorización.

O ministro de Fomento, e nos seus respectivos ámbitos territoriais as comunidades autónomas que por delegación do Estado teñan a competencia para o outorgamento das autorizacións de transporte discrecional en vehículos de turismo, poderán estender o réxime sinalado neste número aos servizos de recolla de viaxeiros en estacións ferroviarias ou de autobuses cando entendan que isto contribuirá a dotar dunha maior fluidez e eficacia o sistema xeral de transporte público de viaxeiros.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, cando as autorizacións domiciliadas no termo municipal en que se encontren portos ou aeroportos, ou outros, tales como, estacións ferroviarias ou de autobuses, feiras, mercados ou outros similares en que se xere un tráfico importante que afecte varios municipios, non cheguen para atender esta demanda de transporte, o ente competente en materia de transporte interurbano poderá establecer, despois de informe dos municipios afectados, un réxime específico que inclúa a posibilidade de que vehículos con autorización de transporte interurbano domiciliada noutros municipios realicen servizos con orixe nos referidos puntos de xeración de tráfico.

3. Os órganos en cada caso competentes porán especial atención na vixilancia e control do cumprimento das condicións exixibles para a prestación dos servizos que, consonte o disposto nos números anteriores, se inicien fóra do municipio en que se encontre domiciliada a autorización; o órgano que teña a competencia no lugar de destino pode limitar ou prohibir a realización de tales servizos aos que tiveren incumplido tales condicións de forma reiterada.»

Setenta e seis. O número 2 do artigo 135 queda redactado da seguinte forma:

«As autorizacións para a realización de transporte público sanitario serán outorgadas polo órgano estatal ou autonómico competente en materia de transporte interurbano.

A decisión administrativa sobre o outorgamento da autorización terá carácter regrado, e pode revestir carácter negativo unicamente cando se incumpra algunha condición ou requisito que resulte preceptivo, ou cando así deba resultar da aplicación dos criterios de prestación do servizo e de distribución territorial deste debidamente aprobados.»

Setenta e sete. O artigo 139 queda redactado da seguinte forma:

«1. O transporte funerario deberá ser realizado por empresas funerarias legalmente establecidas, tendo a consideración de transporte privado complementario.

2. Na realización dos servizos de transporte funerario deberanse respectar as normas vixentes de policía mortuoria, debendo cumprir os vehículos todos aqueles requisitos técnicos e sanitarios que, se é o caso, establezan os ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo.

3. Todas as empresas legalmente dedicadas á realización de transportes funerarios poderán desenvolver esta clase de servizos en todo o territorio nacional, con independencia da súa orixe ou percorrido, até o lugar en que se realice o enterramento ou se conduza o cadáver.»

Setenta e oito. O número 2 do artigo 156 queda redactado da seguinte forma:

«Os transportes privados particulares de viaxeiros deberanse realizar en vehículos de turismo.

Os transportes privados particulares de mercadorías deberanse levar a cabo en vehículos lixeiros, salvo que se trate do transporte de máquinas, animais ou complementos destinados á práctica persoal dalgunha actividade deportiva ou recreativa que, polas súas características, non resulte posible transportar nun vehículo desa categoría.»

Setenta e nove. A alínea b) do artigo 157 queda redactada da seguinte forma:

«A empresa deberá dispor dos vehículos en réxime de propiedade, leasing ou arrendamento, nos termos, neste último caso, sinalados neste Regulamento.»

Oitenta. O artigo 158 queda redactado da seguinte forma:

«1. A realización de transportes privados complementarios requirirá de autorización administrativa previa, salvo que se encontren exentos disto conforme o establecido no artigo 41.

2. As autorizacións de transporte privado complementario habilitarán para realizar servizos desta clase en todo o territorial nacional.

Estas autorizacións outorgaranse referidas xenericamente á empresa e documentaranse seguindo as regras sinaladas no artigo 113 que resulten de aplicación para as autorizacións de transporte público referidas á mesma clase de vehículos.

3. Para o outorgamento das autorizacións de transporte privado complementario de viaxeiros será necesaria a xustificación previa da necesidade de realizar o transporte para o cal se solicite a autorización, de acordo co número de empregados dos respectivos centros ou de persoas que, pola súa relación permanente coa actividade que se desenvolve neles, deban asistir habitualmente por razóns intrínsecas á natureza ou finalidade da actividade empresarial que neles se desenvolve.

Para o outorgamento das autorizacións de transporte privado complementario de mercadorías será necesario, así mesmo, xustificar a necesidade de realización deste segundo a natureza e o volume da actividade da empresa.

A Administración poderá, en función dos datos obtidos, limitar o número de vehículos, ou das prazas ou capacidade de carga destes, que poidan realizar transporte ao abeiro da autorización.

4. O outorgamento de autorizacións de transporte privado complementario estará, así mesmo, condicionado ao cumprimento dos requisitos que en relación cos vehículos, os seus condutores ou outras circunstancias estableza o ministro de Fomento para garantir o desenvolvemento equilibrado do mercado de transporte.

5. As autorizacións de transporte privado complementario unicamente poderán ser transmitidas cando simultaneamente se lle transmita ao mesmo adquirente a titularidade da industria ou negocio a cuxo servizo se encontren afectas.»

Oitenta e un. O número 1 do artigo 159 queda redactado da seguinte forma:

«Son axencias de transporte de mercadorías as empresas individuais ou colectivas dedicadas a intermediar na contratación do transporte de mercadorías como organizacións auxiliares interpostas entre os cargadores e os transportistas.

A actividade de intermediación na contratación de transporte non quedará desvirtuada polo feito de no seu desenvolvemento se utilizaren exclusivamente medios telefónicos, informáticos ou telemáticos que obvien a relación directa e persoal entre a axencia e os seus clientes.»

Oitenta e dous. O número 1 do artigo 170 queda redactado da seguinte forma:

«Serán de aplicación en relación co exercicio da actividade de transitario as mesmas regras establecidas para as axencias de transporte de mercadorías en relación coas seguintes cuestións:

a) Liberdade para escoller a vía, modo e clase de transporte que coiden conveniente cando non estiveren previamente pactados.

b) Posibilidade de realizar a súa intervención en relación cos transportes efectuados en calquera modo.

c) Obrigatoriedade de contratar con transportistas debidamente autorizados.

d) Posibilidade de utilizar a colaboración doutros transitarios ou axencias de transportes.

e) Posibilidade de desenvolver a súa actividade utilizando exclusivamente medios telefónicos, informáticos ou telemáticos que obvien a relación directa e persoal entre a axencia e os seus clientes.»

Oitenta e tres. O artigo 175 queda redactado da seguinte forma:

«1. Para o outorgamento das autorizacións de arrendamento de vehículos sen condutor será necesario que a persoa física ou xurídica solicitante cumpra os seguintes requisitos:

a) Disposición de, ao menos, un local ou oficina dedicado á actividade de arrendamento, con nome ou título rexistrado, aberto ao público despois de cumprir os requisitos legais sobre apertura de locais ou oficinas. A dedicación de tales locais e oficinas á referida actividade soamente resultará compatible coa de cambio de moeda, e non poderá, en consecuencia, realizarse ningunha outra distinta destas neles.

b) Disposición, a título de propiedade ou arrendamento financeiro, do número mínimo de vehículos dedicados á actividade de arrendamento que determine o ministro de Fomento en función das circunstancias concorrentes no mercado.

c) Non superación dos límites de antigüidade dos vehículos que, se é o caso, determine o ministro de Fomento, en función das circunstancias concorrentes no mercado.

d) Subscrición dos seguros de responsabilidade civil por danos que resulten obrigatorios conforme a lexislación vixente.

e) Disposición de garaxes ou aparcadoiros cando así o exixa o Ministerio de Fomento ou a comunidade autónoma competente por delegación do Estado para o outorgamento das correspondentes autorizacións, debendo esta respectar as regras que, se é o caso, o referido ministerio estableza.

f) As demais que, por resultaren necesarias para o adecuado exercicio da actividade, determine o ministro de Fomento ou, de acordo coas previsións realizadas por este, a comunidade autónoma competente por delegación do Estado para o outorgamento das correspondentes autorizacións, debendo esta respectar as regras que, se é o caso, o referido ministro estableza.

2. As autorizacións de arrendamento de vehículos sen condutor habilitarán para a prestación do servizo sen limitación de raio de acción.

Unha vez obtida a correspondente autorización, o seu titular poderá abrir sucursais ou locais auxiliares en lugares distintos daquel en que se encontre domiciliada a autorización, sendo suficiente, para tal efecto, a comunicación previa da referida apertura ao órgano competente en materia de transportes por razón do lugar en que aqueles se encontren, facendo expresión dos datos identificadores do local, co fin de posibilitar a inspección e control das actividades realizadas nel. Tales locais deberán cumprir, en todo caso, idénticas exixencias ás establecidas na alínea a) do número anterior.

Logo que reciba a mencionada comunicación, o órgano competente procederá a realizar a anotación da nova sucursal ou local auxiliar no Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.

Co obxecto de facilitar a satisfacción dos fins perseguidos pola Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguranza cidadá, o órgano competente para o outorgamento das autorizacións de arrendamento de vehículos sen condutor notificará ao subdelegado do Goberno da provincia en que se domicilien a relación das autorizacións outorgadas, así como das sucursais ou dos locais auxiliares cuxa apertura se lle comunique.»

Oitenta e catro. A alínea a) do artigo 177 queda redactada da seguinte forma:

«O contrato de arrendamento, salvo o disposto na sección 2.^a deste capítulo, deberase referir unicamente á posta a disposición do vehículo sen condutor, non podendo ir acompañado doutro concertado coa mesma empresa relativo ao persoal condutor ou acompañante.»

Oitenta e cinco. O artigo 178 queda redactado da seguinte forma:

«1. Cando o vehículo arrendado se vaia destinar á realización de calquera tipo de transporte suxeito a autorización ou concesión administrativa, será necesario que se lle adscriba con carácter previo a correspondente autorización de transporte, ou unha copia certificada desta, da cal deberá ser titular o arrendatario.

Co fin de probar a dispoñibilidade do vehículo arrendado, necesaria para o outorgamento da autorización de transporte, será suficiente un precontrato ou documento análogo en que as partes se comprometan a realizar o arrendamento e en que figure o prazo de duración deste, a identificación da empresa

arrendadora e da autorización de arrendamento con que esta conte, así como os datos do vehículo de que se trate.

Antes da formalización do contrato definitivo de arrendamento, a empresa arrendadora deberá exixir ao arrendatario que conte coa correspondente autorización de transporte cando se trate de autobuses ou vehículos pesados de mercadorías.

2. As prescricións deste artigo e do anterior non serán de aplicación nos supostos de utilización por parte de empresas de transporte de vehículos doutros transportistas, a través das fórmulas de colaboración legalmente previstas.»

Oitenta e seis. O artigo 180 queda redactado da seguinte forma:

«1. Fóra dos supostos de colaboración entre transportistas legalmente previstos, unicamente se poderán arrendar con condutor os vehículos de turismo. Este arrendamento terá para todos os efectos administrativos a consideración de actividade de transporte.

2. Para a realización da actividade de arrendamento con condutor será precisa a obtención, para cada vehículo que se pretenda dedicar a ela, da correspondente autorización administrativa que habilite para o efecto.»

Oitenta e sete. O artigo 183 queda redactado da seguinte forma:

«De conformidade co establecido no artigo 127 da LOTT, terán a consideración de estacións de transporte por estrada de viaxeiros ou de mercadorías os lugares destinados a concentrar as saídas, chegadas e tránsitos ás poboacións dos vehículos de transporte público que reúnan as condicións mínimas establecidas nos artigos seguintes.

En ningún caso terán a consideración de estacións de transporte os terreos e instalacións destinados unicamente a garaxe, estacionamento de vehículos ou almacenamento de mercadorías.»

Oitenta e oito. O artigo 184 queda redactado da seguinte forma:

«1. As estacións de transporte de viaxeiros deberán cumprir, como mínimo, as seguintes condicións:

a) Contar con accesos para entradas e saídas dos vehículos configurados de modo que non produzan interferencias entre eles nin alteracións sensibles na capacidade de circulación normal polas vías contiguas.

b) Contar con accesos para entradas e saídas dos viaxeiros independentes dos vehículos.

c) Posuír dársenas cubertas en número suficiente para os aparcadoiros simultáneos que se precisen.

d) Ter plataformas cubertas para subida e baixada de viaxeiros.

e) Contar con zonas de espera independentes das plataformas.

f) Contar con instalacións de servizos sanitarios.

g) Posuír dependencias, de uso común ou individualizado, para a facturación, consigna e venda de billetes, así como oficina de información, xa sexan explotadas por medios propios xa a través de terceiros.

h) As demais que, de acordo coas características dos servizos que cada estación deba atender, determine o ministro de Fomento ou as comunidades autónomas.

2. O ministro de Fomento, precedendo informe do Comité Nacional do Transporte por Estrada e do Consello Nacional de Transportes Terrestres, poderá establecer unha clasificación de estacións de transporte en diversas categorías, en función da dotación e servizos con que estas contén, para efectos de facilitar a planificación en relación co establecemento desta clase de infraestruturas e a información aos seus usuarios.»

Oitenta e nove. O artigo 185 queda redactado da seguinte forma:

«As estacións de transporte de mercadorías deberán cumprir, como mínimo, as seguintes condicións:

a) Situación en zona próxima aos núcleos de contratación ou intercambio e xeración de cargas.

b) Carácter público, isto é, que poidan ser utilizadas por calquera vehículo de transporte ou transportista legalmente establecido, coas únicas restricións que se establezan nas súas normas específicas de explotación.

c) Acoller no seu recinto un conxunto de servizos e instalacións onde se desenvolvan actividades relacionadas ou vinculadas ao transporte e integrados, pola súa vez, en funcións ou tarefas específicas da estación ou ao servizo delas, tales como almacenaxe, manipulación, clasificación, depósito, grupaxe ou distribución das mercadorías.

d) Posuír, dentro dunha zona identificada e delimitada, accesos controlados para os vehículos, así como contar con patios, vías de manobra e aparcadoiros adecuados para vehículos pesados.

e) Contar con naves de consolidación e fraccionamento de cargas dotadas de peiraos para recibir ou expedir as mercadorías, así como con naves de almacenamento.

f) Contar con instalacións para a atención das tripulacións dos vehículos, tales como lugar de restauración, sala de descanso ou de espera, así como dos servizos adecuados destinados ao aseo persoal.

g) As demais que, de acordo coas características dos servizos que cada estación deba atender, determinen o Ministerio de Fomento ou as comunidades autónomas.»

Noventa. O artigo 186 queda redactado da seguinte forma:

«Terán a consideración de centros de transporte de mercadorías aquelas estacións de transporte que dispoñan dunha superficie mínima de 150.000 metros cadrados, dos cales ao menos 25.000 deberán estar ocupados por naves e almacéns destinados a actividades relacionadas co transporte e a loxística, sempre que sexan xestionadas por unha autoridade única, pública, privada ou mixta, que garanta o desenvolvemento e a permanencia no tempo dos servizos e actividades para que a instalación foi concibida.»

Noventa e un. O artigo 187 queda redactado da seguinte forma:

«Como categoría específica, terán a consideración de centros de transporte de mercadorías especializados aqueles cuxa actividade se desenvolva, principal ou preferentemente, en relación cunha determinada clase de mercadorías ou modalidade de transportes, tales como os dedicados ao transporte de mercadorías perigosas, mercadorías perecedoiras, cargas fraccionadas ou outros.»

Noventa e dous. O artigo 193 queda redactado da seguinte forma:

«A imputación da responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras dos transportes por estrada e das súas actividades auxiliares e complementarias realizarase de conformidade co previsto no artigo 138.1 da LOTT.

A responsabilidade dun determinado suxeito non excluírá a que legalmente corresponda a outro, aínda no suposto de aquela derivar en ambos os casos do disposto nun mesmo número do artigo 138.1 da LOTT.»

Noventa e tres. O artigo 197 queda redactado da seguinte forma:

«De conformidade co establecido no artigo 140 da LOTT, consideraranse infraccións moi graves:

1. A realización de transportes públicos ou dalgunha das súas actividades auxiliares ou complementarias carecendo da concesión, autorización ou licenza que, se é o caso, resulte preceptiva para isto de conformidade coas normas reguladoras dos transportes terrestres.

A prestación de servizos para os cales se requira conxuntamente algunha das concesións ou autorizacións especiais reguladas na LOTT e a autorización habilitante para o transporte discrecional de viaxeiros regulada no título III desa lei considérase incluída, en todo caso, na infracción tipificada neste número, tanto se carece da unha como da outra.

Para os efectos da súa correcta cualificación, considéranse incluídos neste número os seguintes feitos:

1.1 A prestación de servizos de transporte público que excedan o ámbito territorial especificamente autorizado.

1.2 A realización de transportes públicos ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias carecendo de autorización por non ter realizado o seu visado regulamentario, salvo que tal conduta se deba cualificar como infracción leve de conformidade co disposto no artigo 199.8.

1.3 A organización, establecemento ou realización de servizos regulares de transporte de viaxeiros sen ser titular da correspondente concesión ou autorización especial, xa sexan propios xa alleos os medios con que se presten e aínda que se posúa autorización de transporte discrecional.

1.4 A prestación material de servizos regulares de transporte de viaxeiros carecendo da preceptiva concesión ou autorización especial, aínda que a correspondente empresa non contrate cos usuarios e se limite a actuar baixo a dirección do organizador do transporte, sempre que no dito caso a Administración fixese advertencia do carácter ilegal do transporte.

1.5 O transporte de persoas ou grupos distintos daqueles a que especificamente se encontra referida a correspondente autorización de transporte regular de uso especial.

1.6 A realización, ao abeiro de autorizacións de transporte privado complementario, de servizos que non cumpran algunha das condicións expresamente reguladas no artigo 102.2 da LOTT, considerándose, para tal efecto, incumprimento do disposto na alínea c) do referido precepto a utilización dun semirremolque ou remolque alleo, mesmo que o vehículo tractor sexa propiedade da empresa titular da autorización.

1.7 A realización de servizos con cobramento individual ou con reiteración de itinerario ou turísticos ao exclusivo abeiro de autorizacións de trans-

porte discrecional, fóra dos supostos expresamente permitidos ou incumprindo as condicións establecidas para isto.

1.8 A realización de transportes públicos sen levar a bordo do vehículo o orixinal da correspondente copia certificada da autorización ou licenza cando esta fose expedida na modalidade prevista na alínea b) do número 2 do artigo 92 da LOTT, ou da documentación acreditativa que resulte tamén necesaria para controlar a legalidade do transporte, conforme o que, para o efecto, determine o ministro de Fomento, cando o transporte se realice ao abeiro de autorizacións outorgadas nas modalidades previstas nas alíneas a) e b) do número 1 do artigo 92 da citada LOTT.

Así mesmo, considerarase incluída neste número a realización de transporte levando a bordo do vehículo utilizado unha copia certificada da autorización ou licenza de que se trate especificamente referida a outro vehículo.

1.9 A realización de transportes públicos ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias carecendo de autorización, aínda que se leve a bordo do vehículo unha autorización ou licenza, ou unha copia destas, que se encontre caducada, revogada ou que por calquera outra causa tiver perdido a súa validez ou debería ter sido devolta á Administración en cumprimento de normas legal ou regulamentariamente establecidas.

1.10 A realización de transporte público ao abeiro de autorizacións que unicamente habiliten para efectuar un tipo de transporte de características distintas do efectivamente realizado.

Non se apreciará a infracción tipificada neste número cando concorran coas sinaladas nos números 2 e 3 do presente artigo.

2. A realización de transporte público, ou de actividades auxiliares ou complementarias do transporte, incumprindo algún dos requisitos exixidos no artigo 42.1 da LOTT e nas alíneas a), b) e c) do artigo 42.1 deste regulamento.

3. A realización de transporte público ou de actividades auxiliares e complementarias incumprindo algún dos requisitos que resulten exixibles de conformidade co disposto nas alíneas b) e c) do artigo 48 da LOTT e nas alíneas d), e) e f) do artigo 42.1 deste regulamento.

En todo caso, será constitutiva desta infracción a realización do transporte ou actividade de que se trate sen dispor do número mínimo de vehículos, condutores ou locais abertos ao público ou instalacións que reúnan as condicións establecidas, cando así resulte obrigatorio.

4. A cesión do uso de títulos habilitantes por parte dos seus titulares a favor doutras persoas, quer a título oneroso quer gratuito.

Considerarase incluída na anterior infracción calquera forma de autorización, expresa ou tácita, que permita a utilización do título de forma temporal ou permanente por unha persoa, física ou xurídica, distinta daquela a cuxo nome se encontre expedido.

5. O abandono das concesións de transporte regular de viaxeiros ou a paralización dos seus servizos nos termos previstos no artigo 96 deste regulamento.

6. A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que imposibiliten total ou parcialmente o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas, así como a desatención total ou parcial ás instrucións ou aos requirimentos dos membros da inspección do trans-

porte terrestre ou das forzas que legalmente teñen atribuída a vixilancia desa clase de transporte.

Entenderase incluído neste número todo suposto en que as persoas sometidas á lexislación dos transportes terrestres, ou os seus representantes, impidan ao persoal da inspección ou aos axentes que directamente realicen a vixilancia e control do transporte o desenvolvemento das facultades que lles corresponden conforme o sinalado nos artigos 19 e 20 deste regulamento.

Nos supostos de requirimentos relativos ao cumprimento da lexislación sobre tempos de condución e descanso dos condutores, considerarase cometida unha infracción distinta por cada vehículo ou condutor do cal non se presente a documentación solicitada.

En todo caso, considerarase non presentada, e consecuentemente será constitutiva da infracción tipificada neste número, a remisión á Administración da información extraída do tacógrafo dixital ou da tarxeta do condutor sen a correspondente sinatura dixital ou outros elementos destinados a garantir a súa autenticidade.

Así mesmo, considerarase obstrución para os efectos deste artigo o suposto en que, ante un requirimento da inspección do transporte terrestre ou dos axentes que directamente realicen a vixilancia e o control deste, a empresa transportista ou os seus representantes se neguen a sinalar os datos identificadores do vehículo ou conxunto de vehículos con que se realizou ou se estea a realizar un determinado servizo de transporte, a orixe e destino deste ou a data en que se realizou, ou calquera outro dato ou circunstancia relativo a el que resulte relevante para os efectos da actuación inspectora levada a cabo.

En todo caso, considerarase incluída na infracción tipificada neste número a desobediencia das ordes, verbais ou escritas, impartidas polos servizos de inspección do transporte terrestre ou polos axentes que directamente realicen os labores de vixilancia e control deste no uso das facultades que lles están conferidas e, en especial, o incumprimento das ordes de traslado dos vehículos nos supostos legalmente previstos.

Considerarase tamén incluída nesta infracción non comunicar ao subdelegado do Goberno o lugar en que se encontra un vehículo que, se é o caso, deba ser precintado ou a data en que regresará á súa base en caso de non se encontrar nela nese momento.

7. O quebrantamento das ordes de inmovilización ou precintaxe de vehículos ou locais, así como a desatención aos requirimentos formulados pola Administración nos termos sinalados no artigo 202.2.

8. A falsificación de títulos administrativos habilitantes para a realización de transporte terrestre ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias, ou dalgún dos datos que deban constar naqueles.

A responsabilidade pola dita infracción corresponderá tanto ás persoas que falsificasen o título, ou colaborasen na súa falsificación ou comercialización coñecendo o carácter ilícito da súa actuación, como ás que o utilizasen para encubrir a realización de transportes ou actividades non autorizadas.

Considerarase incluída neste número a utilización de fotocopias, facsímiles, reprografías ou calquera outra forma de reprodución mecánica, electrónica ou doutra natureza do título habilitante en substitución deste, cando a reprodución conteña alteracións respecto do orixinal.

9. O falseamento dos documentos que deban ser presentados como requisito para a obtención de calquera título, certificación ou documento que deba ser expedido pola Administración a favor do solicitante ou de calquera dos datos que deban constar naqueles.

10. A manipulación do tacógrafo ou dos seus elementos, do limitador de velocidade ou outros instrumentos ou medios de control que exista a obriga de levar instalados no vehículo, destinada a alterar o seu normal funcionamento, así como a instalación de elementos mecánicos, electrónicos ou doutra natureza destinados a alterar o correcto funcionamento dos correspondentes instrumentos de control ou modificar as súas medicións, aínda que uns ou outros non se encontren en funcionamento no momento de realizarse a inspección.

A responsabilidade por esta infracción corresponderá tanto ás persoas que manipulasen o tacógrafo ou instrumento de que se trate, ou colaborasen na súa manipulación, instalación ou comercialización, como ao transportista que os teña instalados nos seus vehículos.

11. A carencia do tacógrafo, do limitador de velocidade ou dos seus elementos ou doutros instrumentos ou medios de control que exista a obriga de levar instalados no vehículo.

Considerarase equivalente á súa carencia a utilización de instrumentos ou elementos non homologados, cando preceptivamente debesen estar, ou que sexan distintos aos exixidos regulamentariamente.

12. A carencia significativa de follas de rexistro ou de datos rexistrados no tacógrafo ou nas tarxetas dos condutores que exista obriga de conservar na sede da empresa.

Para tal efecto, considerarase que tal carencia de follas ou datos é significativa cando resulte probado que falta, por vehículo ou por condutor, o reflexo de máis dun 30 por cento dos quilómetros realizados durante o período requirido. A esta circunstancia equipararase o feito de que a documentación presentada non permita, por causa imputable á empresa, determinar o número total de quilómetros realizados durante ese período.

En todo caso, para os efectos deste número, así como do número 11 do artigo 198, considerarase que se carece daquelas follas de rexistro cuxo contido resulte ilexible, debido á súa sucidade, deterioración ou outra causa.

13. A falsificación de follas de rexistro, tarxetas de condutor ou outros elementos ou medios de control que exista a obriga de levar no vehículo, así como o falseamento do seu contido ou alteración das mencións obrigatorias da folla de rexistro ou tarxeta do condutor.

Considerarase tamén constitutiva desta infracción calquera utilización indebida das referidas follas, tarxetas ou elementos destinada a modificar a información neles recollida ou a anular ou alterar o normal funcionamento dos aparellos de control instalados no vehículo.

Terá a mesma consideración a presentación de documentos de carácter público ou privado con obxecto de xustificar fraudulentamente a carencia de follas de rexistro, tarxetas de condutor ou outros elementos ou medios de control que exista a obriga de levar no vehículo.

A responsabilidade por esta infracción corresponderá tanto ás persoas que falsificasen os referidos elementos ou colaborasen na súa falsificación ou comercialización, como aos que os utilizasen

para encubrir as auténticas condicións de realización dun transporte.

14. O falseamento de calquera documento contable, estatístico ou de control que as empresas incluídas no artigo 19 se encontren obrigadas a levar ou dos datos que constan neses documentos.

15. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

15.1 A falta de explotación do servizo polo propio concesionario, salvo os supostos de colaboración expresamente permitidos.

15.2 O incumprimento dos tráxicos, itinerario, expedicións ou puntos de parada establecidos, cando non constitúa abandono da concesión nos termos sinalados no número 5 deste artigo.

15.3 Denegar a venda de billetes ou o acceso ao vehículo aos que os adquirisen, salvo que se dean circunstancias legal ou regulamentariamente establecidas que o xustifiquen.

Especialmente, considerarase incluído na anterior circunstancia impedir ou dificultar o acceso ou a utilización dos servizos de transporte a persoas discapacitadas, aínda no suposto de que non exista obriga de que o vehículo se encontre especialmente adaptado para isto, sempre que, neste último suposto, esas persoas porten os medios que lles resulten precisos para acceder e abandonar o vehículo e instalarse nunha praza ordinaria.

15.4 A realización do servizo transbordando inxustificadamente os usuarios durante a viaxe.

15.5 O incumprimento do réxime tarifario.

16. A realización de transportes públicos regulares de viaxeiros de uso especial cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

16.1 Nos transportes de uso especial de escolares e de menores, a ausencia dunha persoa maior de idade idónea, distinta do condutor, encargada do cuidado dos menores, cando isto resulte obrigatorio.

16.2 Nos transportes de uso especial de escolares e de menores, a falta de praza ou asento para cada menor así como a inexistencia de prazas próximas ás portas de servizo que sexan necesarias para persoas de mobilidade reducida.

16.3 A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso especial incumprindo calquera das condicións sinaladas na correspondente autorización co carácter de esenciais, cando o incumprimento non se encontre expresamente tipificado doutra maneira neste regulamento.

17. A realización de transportes discrecionais de viaxeiros e mercadorías cando se incumpra algún dos seguintes requisitos:

17.1 A autonomía económica e de dirección na explotación dos servizos por parte do titular da autorización, xestionando o transporte ao seu risco e ventura, cos medios persoais e materiais integrantes da súa propia organización empresarial, nos termos sinalados no artigo 48.

17.2 A obriga do titular da autorización ou licenza de transporte de asumir a posición de transportista en todos os contratos de transporte que realice ao abeiro da dita autorización ou licenza, nos termos sinalados no artigo 48.

18. A realización de actividades de axencia de transporte, transitario ou almacenista distribuidor cando se incumpra algún dos seguintes requisitos:

18.1 A realización da actividade de intermediación na contratación de transportes terrestres en

calidade de comisionista en nome propio, contratando no seu propio nome cos cargadores ou usuarios e os titulares de autorizacións de transporte, asumindo fronte a aqueles a posición de transportista e fronte a estes as obrigas e responsabilidades propias do cargador, nos termos sinalados nos artigos 48 e 159.

18.2 A realización da actividade en locais autorizados ou comunicados nos termos legal ou regulamentariamente establecidos.

19. O exceso sobre a masa máxima autorizada dos vehículos ou dalgún dos seus eixes nas porcentaxes que a seguir se relacionan:

M.M.A.	% de exceso total	% de exceso sobre un eixe
De máis de 20 t	+ 15%	+ 30%
De máis de 10 t a 20 t .	+ 20%	+ 40%
De até 10 t	+ 25%	+ 50%

Cando, non obstante terse expedido en relación co transporte de que se trate unha autorización especial de circulación outorgada conforme a lexislación vixente na materia, aquel se realizase excedendo os límites de masa sinalados na autorización especial, esta considerarase sen efecto, e, en consecuencia, unicamente se terá en conta para cualificar esta infracción a masa máxima permitida en aplicación das regras xerais contidas na dita normativa.

A responsabilidade por esta infracción, cando se exceda a masa máxima total autorizada dos vehículos, corresponderá tanto ao transportista como ao cargador, ao expedidor e ao intermediario, salvo que algún deles xustifique respecto a si mesmo a existencia de causas de inimputabilidade.

Cando se trate de excesos de peso por eixe, a responsabilidade corresponderá a quen realizase a estiba a bordo do vehículo.

Cando se trate dun transporte de paquetería ou mudanzas presumirase, salvo proba en contrario, a concorrencia de causas de inimputabilidade respecto do cargador e o expedidor.

20. O exceso superior ao 50 por cento nos tempos máximos de conducción ou de conducción ininterrompida, así como a minoración superior a esa porcentaxe dos períodos de descanso obrigatorios.

21. A realización das operacións de carga, estiba, desestiba ou descarga polo propio condutor do vehículo contravindo as limitacións que, se é o caso, resulten de aplicación de conformidade co establecido no artigo 4.3 deste regulamento. A responsabilidade por esta infracción corresponderá tanto á empresa baixo cuxa dirección actúe o condutor do vehículo como, se é o caso, ao cargador ou remitente, expedidor, operador de transporte e consignatario ou destinatario, salvo que algún deles xustifique respecto de si mesmo a existencia de causas de inimputabilidade.

22. Non levar inserida a correspondente folla de rexistro ou tarxeta do condutor no tacógrafo, cando isto resulte exixible; levar inserida unha folla de rexistro sen ter anotado o nome e apelido do condutor ou levar inseridas as follas de rexistro ou tarxetas correspondentes a outro condutor.

A esta conduta quedará equiparada a falta de impresión dos datos que constan no tacógrafo ao inicio e á finalización da viaxe, naqueles supostos en que así resulte obrigatorio, así como a falta de identificación do condutor na dita impresión.

23. O incumprimento da obriga de subscribir os seguros que resulten preceptivos conforme o disposto no artigo 21 da LOTT e 5 deste regulamento.

24. A carencia de follas de rexistro do tacógrafo, da tarxeta de condutor ou dos documentos impresos que exista obriga de levar no vehículo.

Considerarase, así mesmo, incluída nesta infracción a falta de realización daquelas anotacións manuais relativas á actividade do condutor que exista obriga de levar a cabo por parte deste cando o tacógrafo estea avariado.

25. A realización de transportes, carga ou descarga de mercadorías perigosas, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

25.1 Utilizar cisternas que presenten fugas, salvo que se acredite que estas non existían ou non foron advertidas antes de iniciarse o transporte e que a contía das perdas en relación coa natureza da mercadoría transportada non xustificaba a interrupción daquel.

25.2 Carecer do certificado de aprobación do vehículo expedido polo organismo competente onde se acredite que este responde ás prescricións regulamentariamente exixibles para o transporte a que vai destinado, levalo caducado ou levar un distinto ao exixido regulamentariamente.

25.3 Utilizar vehículos que non cumbran as condicións técnicas regulamentarias exixidas para o transporte de determinadas mercadorías.

25.4 Non levar a bordo do vehículo os documentos de transporte ou acompañamento ou non indicar nestes a mercadoría perigosa transportada.

25.5 Transportar mercadorías perigosas, en condicións distintas ás fixadas pola regulamentación sobre o transporte deste tipo de materias, sen a correspondente excepción ou permiso excepcional.

25.6 Carecer de paneis, placas ou etiquetas de perigo ou calquera sinalización exixible.

25.7 Non levar na cabina do vehículo as instrucións escritas para casos de accidentes correspondentes á materia que se transporta.

25.8 Incumprir as prohibicións de cargamento en común nun mesmo vehículo.

25.9 Incumprir as limitacións das cantidades a transportar.

25.10 Utilizar envases ou embalaxes non homologados, gravemente deteriorados, que presenten fugas ou que carezan dalgún dos requisitos técnicos exixidos.

25.11 Incumprir as normas de embalaxe en común nun mesmo vulto.

25.12 Incumprir as normas sobre o grao de enchemento.

25.13 Indicar inadecuadamente nos documentos de transporte ou acompañamento a mercadoría perigosa transportada.

25.14 Entregar ao transportista instrucións escritas para casos de accidentes inadecuadas en relación coa materia que se transporta, así como a falta de certificación do expedidor sobre o cumprimento da normativa vixente no transporte.

25.15 Transportar mercadorías suxeitas a autorización previa carecendo dela.

25.16 Utilizar paneis, placas ou etiquetas de perigo inadecuadas en relación coa mercadoría transportada.

25.17 Incumprir durante as operacións de carga ou descarga a prohibición de fumar no curso das manipulacións, nas proximidades dos vultos colocados en espera de manipular, na proximidade dos vehículos parados e no seu interior.

25.18 Incumprir a obriga de conectar á terra os vehículos cisterna nas manobras de carga ou descarga, cando sexa exixible.

25.19 Non informar sobre a inmovilización do vehículo a causa de accidente ou incidente grave, ou deixar de adoptar as medidas de seguraza e protección, excepto en caso de imposibilidade.

25.20 Mesturar as instrucións escritas para casos de accidente da mercadoría que se transporta coas doutros produtos.

25.21 Transportar, cargar ou descargar mercadorías perigosas carecendo as empresas involucradas do preceptivo conselleiro de seguraza ou, aínda téndoo, que este non se encontre habilitado para a materia ou actividade de que se trate.

25.22 Non remitir ás autoridades competentes o informe anual ou os partes de accidentes cando isto resulte obrigatorio.

25.23 Non conservar as empresas os informes anuais durante o prazo legalmente establecido, non os tendo remitido aos órganos competentes.

A responsabilidade pola comisión das infraccións determinadas neste número corresponderá: ao transportista e ao cargador polas infraccións dos números 25.1 e 25.2; ao transportista, ao cargador ou expedidor, segundo o caso, polas infraccións dos números 25.3 a 25.7; ao cargador ou expedidor, segundo o caso, polas infraccións dos números 25.8 a 25.16; ao cargador ou descargador, segundo o caso, polas infraccións dos números 25.17 e 25.18; ao transportista polas infraccións dos números 25.19 e 25.20; á empresa obrigada a ter conselleiro de seguraza, polas infraccións dos números 25.21 a 25.23.

Non obstante, o transportista quedará exento de responsabilidade pola comisión da infracción tipificada no número 25.6 se se acredita que, dadas as circunstancias de carga, el non puido detectar a falta de etiquetas de perigo nos vultos ou envases.

Para os efectos previstos neste número e no artigo 198.24, terá a consideración de expedidor a persoa física ou xurídica por cuxa orde e conta se realiza o envío da mercadoría perigosa, figurando como tal na carta de porte, e de cargador-descargador a persoa física ou xurídica baixo cuxa responsabilidade se realizan as operacións de carga ou descarga da mercadoría perigosa.

26. A realización de transportes de produtos alimenticios ou mercadorías percedoiras cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

26.1 Transportar mercadorías percedoiras que, conforme a normativa específica aplicable, deban ser transportadas a temperatura regulada, en vehículos ou recipientes que, polas súas condicións técnicas, non poidan alcanzar a temperatura exixida para o seu transporte.

26.2 Carecer do certificado de conformidade para o transporte de mercadorías percedoiras ou telo caducado ou falseado.

26.3 Cargar produtos que necesiten regulación de temperatura durante o transporte a unha temperatura distinta da exixida durante este.

26.4 Transportar produtos que necesiten regulación de temperatura durante o transporte a unha temperatura distinta da exixida durante este.

26.5 Efectuar manobras de transporte, carga ou descarga en condicións distintas ás exixidas nos regulamentos que regulen tales circunstancias.

26.6 Transportar produtos alimenticios incumprindo as condicións de sanidade e hixiene legal ou regulamentariamente establecidas.

A responsabilidade pola comisión das infraccións determinadas neste número corresponderá: ao transportista e a quen figure como expedidor no documento de transporte, ou, de non existir este, á persoa física ou xurídica que contratase co transportista polas infraccións dos números 26.1 e 26.2; a quen figure como expedidor, ou, de non existir este, á persoa física ou xurídica que contratase co transportista pola infracción do número 26.3; ao transportista pola infracción do número 26.4 e 26.6; e ao transportista, expedidor ou destinatario, ou, de non existiren estes dous últimos, á persoa física ou xurídica que figure como expedidor ou destinatario no documento de transporte, pola infracción do número 26.5.»

Noventa e catro. O artigo 198 queda redactado da seguinte forma:

«De conformidade co establecido no artigo 141 da LOTT, consideraranse infraccións graves:

1. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

1.1 Non dispor do número mínimo de vehículos ou o incumprimento por estes das condicións exixidas no título concesional.

1.2 Non prestar os servizos suplementarios ofrecidos polo adxudicatario da concesión e recollidos no título concesional.

1.3 Incumprir a obriga de transporte gratuíto da equipaxe dos viaxeiros nos supostos e até o límite en que isto resulte obrigatorio.

1.4 Vender un número de prazas por vehículo superior ao das autorizadas no título concesional.

1.5 Realizar transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral incumprindo calquera das condicións sinaladas no título concesional ou autorización especial co carácter de esenciais, cando este incumprimento non se encontre expresamente tipificado doutra maneira neste regulamento.

2. O incumprimento da obriga de devolver á Administración unha autorización ou licenza de transporte, algunha das súas copias ou calquera outra documentación que, cando por ter sido caducada, revogada ou por calquera outra causa legal ou regulamentariamente establecida, debería ter sido devolta, sempre que o documento de que se trate conserve aparencia de validez.

3. O arrendamento de vehículos con condutor fóra das oficinas ou locais establecidos no artigo 182, así como a busca ou recolla de clientes que non fosen contratados previamente.

4. O exceso sobre a masa máxima autorizada dos vehículos ou dalgún dos seus eixes nas porcentaxes que a seguir se relacionan:

M.M.A.	% de exceso total	% de exceso sobre un eixe
De máis de 20 t.	+ 6% até o 15%	+ 25% até o 30%
De máis de 10 t a 20 t	+ 10% até o 20%	+ 35% até o 40%
De até 10 t	+ 15% até o 25%	+ 45% até o 50%

Para efectos de responsabilidade, serán de aplicación as regras establecidas no artigo 197.19.

5. O inadecuado funcionamento imputable ao transportista do tacógrafo, do limitador de velocidade ou os seus elementos ou doutros instrumentos ou medios de control que exista a obriga de levar

instalados no vehículo, cando non deba ser cualificada como moi grave de conformidade co establecido no artigo 197.10, ou non pasar a revisión periódica deles nos prazos e forma legal ou regulamentariamente establecidos.

Considerarase incluído nesta infracción levar o aparello, instrumento ou medio de control de que se trate avariado durante un período de tempo superior ao que regulamentariamente se determine, así como non utilizar adecuadamente o selector de actividades do tacógrafo, carecer dos preceptivos precintos ou placas, ou levalos rotos ou deteriorados, levar o reloxo do tacógrafo marcando unha hora distinta á do país de matriculación ou, se é o caso, do país en que se encontre circulando o vehículo, e a utilización dun tacógrafo destinado para o uso dun só condutor por dous ou máis condutores.

Así mesmo, considerarase incluído nesta infracción calquera funcionamento anómalo do tacógrafo imputable ao transportista que non permita visualizar a información nel rexistrada ou a súa impresión ou transferencia electrónica nas condicións legal ou regulamentariamente establecidas.

6. O exceso superior ao 20 por cento nos tempos máximos de condución ou de condución ininterrompida, así como a minoración superior a esa porcentaxe nos períodos de descanso establecidos, salvo que o exceso ou defecto deba ser considerado infracción moi grave, de conformidade co previsto no artigo 197.20.

7. A utilización dunha mesma folla de rexistro durante varias xornadas cando isto dese lugar á superposición de rexistros que impidan a súa lectura.

8. O incumprimento por parte do condutor da obriga de realizar por si mesmo determinadas entradas manuais ou anotacións no tacógrafo ou nas follas de rexistro, naqueles supostos en que tal obriga se encontre regulamentariamente establecida, salvo que se deba cualificar como moi grave de conformidade co establecido nos números 22 ao 24 do artigo 197 ou como leve por darse as circunstancias previstas no número 5 do artigo 199.

9. A utilización no tacógrafo de máis dunha folla de rexistro durante unha mesma xornada pola mesma persoa, salvo cando se cambie de vehículo e a folla de rexistro utilizada no tacógrafo do primeiro vehículo non se encontre homologada para a súa utilización no do segundo.

10. A obstrución que dificulte gravemente a actuación dos servizos de inspección do transporte terrestre, cando non concorran algún dos supostos que, conforme o sinalado no número 6 do artigo anterior, impliquen que a obstrución deba ser cualificada como infracción moi grave.

Nos supostos de requirimentos relativos ao cumprimento da lexislación sobre tempos de condución e descanso dos condutores, considerarase cometida unha infracción distinta por cada vehículo ou condutor do cal non se presente a documentación solicitada.

11. A carencia non significativa de follas de rexistro ou de datos rexistrados no tacógrafo ou nas tarxetas dos condutores que exista obriga de conservar na sede da empresa ao dispor da Administración, cando a infracción non deba ser cualificada como moi grave conforme o establecido no artigo 197.12, considerándose cometida unha infracción por cada vehículo ou condutor do cal se acredite a carencia non significativa de follas ou datos.

12. A falta de anotación de alta no rexistro a que fai referencia o artigo 53 da LOTT, incumprindo o establecido no artigo 53.3 do presente regula-

mento, por parte das cooperativas de transportistas e sociedades de comercialización.

13. A realización de transportes privados carecendo da autorización ou licenza que, se é o caso, resulte preceptiva para isto de conformidade coas normas reguladoras do transporte terrestre, salvo que esta infracción se deba cualificar como leve ao abeiro do disposto no artigo 199.8.

Considerarase que carece de autorización quen non tiver realizado o seu visado regulamentario, mesmo cando se produza polo suposto regulado no artigo 215.4.

14. A prestación de servizos públicos de transporte utilizando a mediación de persoas físicas ou xurídicas non autorizadas para esa mediación, sen prexuízo da sanción que ao mediador lle poida corresponder de conformidade co previsto no artigo 197.1.

15. A conivencia en actividades de mediación non autorizadas ou na venda de billetes para servizos de transporte de viaxeiros non autorizados en locais ou establecementos públicos destinados a outros fins. A responsabilidade corresponderá ao titular da industria ou servizo a que estea destinado o local.

16. A venda de billetes para servizos de transporte de viaxeiros non autorizados e, en xeral, a mediación en relación cos servizos ou actividades non autorizados, sen prexuízo de cualificar a infracción como moi grave, de conformidade co artigo 197.1, cando non se posúa título habilitante para realizar actividades de mediación.

17. O incumprimento do réxime tarifario regulamentariamente establecido, salvo que, por tratarse dun transporte público regular de viaxeiros de uso xeral, se deba cualificar como infracción moi grave de conformidade co establecido no artigo 197.15.5.

18. O reiterado incumprimento inxustificable superior a 15 minutos dos horarios de saída nas cabeceiras das liñas de servizos públicos regulares de transporte de viaxeiros de uso xeral.

19. A carencia, falta de dilixenciamento ou falta de datos esenciais da documentación de control, estatística ou contable a cuxa formalización se encontren obrigadas as empresas incluídas no artigo 19, así como a súa ocultación ou falta de conservación e a demora inxustificada da posta en coñecemento ou a falta de comunicación do seu contido á Administración, salvo que deba ser cualificada como infracción moi grave de conformidade co disposto nos números 6, 14, 22 ao 24 do artigo 197.

Especialmente, considerarase constitutiva desta infracción a carencia do preceptivo documento en que se deban formular as reclamacións dos usuarios e a negativa ou obstaculización ao seu uso polo público, a carencia das follas que, se é o caso, conformen os correspondentes documentos e a ocultación ou demora inxustificada da posta en coñecemento da inspección do transporte das reclamacións ou queixas consignadas nesa documentación.

20. O incumprimento por parte do destinatario ao cal se lle entregasen as mercadorías da obriga de pólas ao dispor dunha xunta arbitral do transporte, cando sexa requirido para o efecto pola dita xunta no exercicio das funcións que ten encomendadas para actuar como depositaria.

21. A realización de servizos de transporte público de viaxeiros en automóbiles de turismo iniciados en termo municipal distinto ao que corresponda a licenza de transporte urbano, salvo nos supostos regulamentariamente exceptuados.

22. A utilización por parte do arrendatario de vehículos industriais arrendados con ou sen condutor sen levar a bordo o contrato de arrendamento ou unha copia del, ou levalo sen formalizar, así como a falta de canta outra documentación resulte obrigatorio para acreditar a correcta utilización do vehículo.

23. O incumprimento polos titulares de autorizacións de transporte público sanitario das exixencias de dispoñibilidade temporal para a prestación do servizo que regulamentariamente se encontren determinadas, salvo causa xustificada.

24. A realización de transportes, carga ou descarga de mercadorías perigosas, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

24.1 Transportar mercadorías perigosas incumprindo as condicións establecidas na excepción ou permiso excepcional para mercadorías transportadas de forma distinta á recollida na regulamentación sobre mercadorías perigosas.

24.2 Non incluír nos documentos de acompañamento ou indicar inadecuadamente algún dos datos que regulamentariamente deben figurar neles.

24.3 Non respectar as condicións de illamento, estiba, protección ou segregación da carga regulamentariamente establecidas.

24.4 Non realizar nas estacións cargadoras ou descargadoras as comprobacións que sexan obrigatorias, antes, durante e despois da carga.

24.5 Transportar viaxeiros en unidades que transporten mercadorías perigosas fóra dos supostos en que as normas reguladoras desta clase de transportes o permitan.

24.6 Transportar mercadorías perigosas en vehículos de viaxeiros en cantidades non permitidas.

24.7 Carecer dos extintores que resulte obrigatorio levar en relación co vehículo ou a carga, ou dispor deles en condicións que non permitan ou garantan a súa correcta utilización.

Considéranse incluídos neste número aqueles supostos en que os extintores non estean provistos do correspondente precinto, salvo que se acredite o seu bo funcionamento ou caducase o prazo para facer a súa inspección.

24.8 Incumprimento do equipamento do vehículo ou do condutor que resulte obrigatorio conforme a lexislación española ou internacional que en cada caso resulte de aplicación.

24.9 Carecer do certificado de limpeza da cisterna nos casos en que sexa necesario.

24.10 Remitir ás autoridades competentes o informe anual ou os partes de accidentes fóra dos prazos legalmente establecidos.

24.11 Non proporcionar aos traballadores que interveñen no manexo de mercadorías perigosas a formación adecuada para previr riscos ocasionais.

A responsabilidade pola comisión das infraccións establecidas no presente número corresponderá: ao transportista e ao cargador ou expedidor, segundo o caso, pola infracción do número 24.1; ao cargador ou expedidor, segundo o caso, pola infracción do número 24.2; ao cargador ou descargador, segundo o caso, polas infraccións dos números 24.3 e 24.4; ao transportista polas infraccións dos números 24.5 a 24.8; ao transportista e ao cargador ou descargador, se é o caso, pola infracción establecida no número 24.9; á empresa obrigada a ter conselleiro de seguranza polas infraccións dos números 24.10 e 24.11.

25. O incumprimento polos centros de formación das condicións exixidas para efectos de homologación como entidades ou cursos de renovación do certificado de conselleiro de seguranza.

26. A realización de transportes de mercadorías perecedoiras con vehículos que carezan da placa de certificación de conformidade.

27. A contratación do transporte con transportistas ou intermediarios que non se encontren debidamente autorizados, sempre que a contratación global da empresa alcanzase no ano de que se trate ou no anterior o volume de 15 vehículos en viaxeiros ou 500 toneladas en mercadorías.

Entenderase incluída neste número a contratación por parte das cooperativas de transportistas ou sociedades de comercialización con transportistas non socios, fóra dos supostos de colaboración legal ou regulamentariamente establecidos.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, cando quen actúa como cargador sexa transportista, axencia de transportes, transitario, almacenista distribuidor, cooperativa de transportistas ou sociedade de comercialización non se terá en conta o volume mínimo de contratación global que naquelles se sinala, considerándose cometida a infracción sinalada neste número desde o primeiro transporte que se contrate con transportista ou intermediario non autorizado.

28. O incumprimento polas empresas arrendadoras de vehículos sen condutor da obriga de exixir a correspondente autorización de transporte ao arrendatario, nos casos previstos no artigo 178, e das condicións exixibles para a realización da súa actividade.

29. O incumprimento das condicións establecidas no título concesional, autorización ou regulamento de explotación das estacións de autobuses.

30. A prestación de servizos de transporte con vehículos que incumpran as prescricións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que, en cada caso, lles resulten de aplicación.

31. Calquera das infraccións previstas no artigo anterior, cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia non deba ser cualificada como moi grave, debéndose xustificar a existencia de tales circunstancias e motivar a resolución correspondente.»

Noventa e cinco. O artigo 199 queda redactado da seguinte forma:

«De conformidade co establecido no artigo 142 da LOTT, consideraranse infraccións leves:

1. A falta de comunicación de calquera dato ou circunstancia que deba figurar no rexistro a que fai referencia o artigo 53 da LOTT ou que exista obriga por outra causa de pór en coñecemento da Administración, consonte o que pola normativa en vigor se determine, salvo que tal infracción deba ser cualificada como grave conforme o establecido no 198.12.

2. O exceso sobre a masa máxima autorizada dos vehículos ou dalgún dos seus eixes, nas porcentaxes seguintes:

M.M.A.	% de exceso total	% de exceso sobre un eixe
De máis de 20 t.	+ 2,5% até o 6%	+ 20% até o 25%
De máis de 10 t a 20 t	+ 5% até o 10%	+ 30% até o 35%
De até 10 t	+ 6% até o 15%	+ 40% até o 45%

Para efectos de responsabilidade, serán de aplicación as regras establecidas no artigo 197.19.

3. O exceso nos tempos máximos de conducción ou de conducción ininterrompida, así como a minoración dos períodos de descanso ou pausa

establecidos, salvo que deba ser considerado infracción grave ou moi grave.

4. A utilización de follas de rexistro non homologadas ou que resulten incompatibles co tacógrafo utilizado, así como a utilización dunha tarxeta de condutor caducada.

5. O incumprimento por parte do condutor da obriga de realizar por si mesmo determinadas entradas manuais ou anotacións no tacógrafo ou nas follas de rexistro, naqueles supostos en que tal obriga se encontre regulamentariamente establecida, cando, non obstante non se teren realizado as anotacións oportunas, resulte posible deducir ben do propio tacógrafo ben das follas de rexistro inmediatamente anteriores e posteriores cal debería ter sido o seu contido.

6. A carencia dos preceptivos rótulos ou avisos de obrigada exhibición para coñecemento do público usuario.

Equipárase á carencia dos referidos rótulos ou avisos aqueles supostos en que pola súa localización ou calquera outra circunstancia relativa ao seu tamaño, lexibilidade ou redacción non resulte posible que sexa coñecido o seu contido polo público.

7. O incumprimento nos transportes interurbanos de viaxeiros contratados por praza con pagamento individual, da obriga de expedir billetes, das normas establecidas para o seu despacho ou devolución, así como expedilos sen as mencións esenciais.

8. A realización de transportes públicos ou privados ou algunha das súas actividades auxiliares ou complementarias carecendo da autorización ou licenza que, se é o caso, resulte preceptiva para isto de conformidade coas normas reguladoras dos transportes terrestres sempre que aquela se solicítase, probando o cumprimento de todos os requisitos exixidos para o seu outorgamento, no prazo máximo de 15 días contados desde a notificación do inicio do expediente sancionador.

9. A realización de transportes públicos ou privados sen levar a bordo do vehículo a documentación formal que acredite a posibilidade legal de prestalos ou que resulte exixible para a determinación da clase de transporte que se está a realizar, salvo que esta infracción deba ser cualificada como moi grave ou grave conforme o disposto nos artigos 197.1 e 198.13.

10. O arrendamento de vehículos sen condutor fóra das oficinas ou locais que regulamentariamente se determinen, así como non subscribir de forma independente un contrato por cada arrendamento de vehículos que a empresa efectúe.

11. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral incumprindo o calendario establecido.

12. A realización de transportes públicos regulares de viaxeiros de uso especial incumprindo o itinerario, calendario, horario, expedicións, puntos de parada ou algún dos requisitos establecidos na correspondente autorización de uso especial.

Así mesmo, no transporte de escolares e menores, o incumprimento das obrigas sobre parada de vehículos no centro escolar e acceso e abandono dos vehículos nos termos regulados nas normas sobre seguraza nesta clase de transportes.

13. O trato desconsiderado de palabra ou obras usuarios por parte do persoal da empresa no transporte de viaxeiros.

14. No transporte escolar e de menores, o incumprimento da obriga de exixir a entidade contratante ao transportista os documentos ou xustifi-

cantes que, consonte as normas que regulan a seguraza nes transportes, lle deba exixir.

15. A saída dos vehículos dedicados ao arrendamento con condutor do lugar en que habitualmente se encontren gardados ou estacionados sen levar a bordo a folla de ruta ou levándoa sen cubrir, salvo os supostos exceptuados regulamentariamente. Non se apreciará esta infracción cando conorra coa establecida no artigo 198.22.

16. O incumprimento por parte das empresas que interveñan na contratación e realización de transportes de mercadorías perigosas das seguintes obrigas:

16.1 Incluir nos informes anuais e partes de accidentes algún dos datos exixibles pola normativa vixente.

16.2 Comunicar aos órganos competentes a identidade dos conselleiros de seguraza con que conte a empresa e as súas áreas de responsabilidade, posuíndoos.

16.3 Conservar as empresas os informes anuais, durante o prazo regulamentariamente establecido, sempre que fosen remitidos aos órganos competentes.

17. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral ou especial incumprindo calquera das condicións sinaladas no título concesional ou autorización especial sen o carácter de esenciais, cando tal incumprimento non se encontre expresamente tipificado doutra maneira neste regulamento.

18. A carencia dos distintivos ou rótulos exixidos pola normativa vixente, relativos á natureza ou ao tipo de transporte que aquel estea autorizado a realizar, levalos en lugar non visible ou en condicións que dificulten a súa percepción, utilízalos de forma inadecuada ou levar en lugar visible do vehículo o distintivo correspondente a un ámbito territorial ou clase de transporte para cuxa realización non se encontre facultado polo necesario título habilitante.

19. No transporte de viaxeiros, a carencia de troco de moeda metálica ou billetes até a cantidade que, se é o caso, se encontre regulamentariamente determinada.

20. O incumprimento polos usuarios das obrigas que lles correspondan, consonte as regras de utilización do servizo establecidas de conformidade co disposto nos artigos 40.2 e 41.1 da LOTT, salvo que as normas en que se conteñan esas regras consideren expresamente o seu incumprimento como infracción grave.

En todo caso, considerarase constitutivo da infracción tipificada neste número o incumprimento polos usuarios dos transportes de viaxeiros das seguintes prohibicións:

20.1 Impedir ou forzar a apertura ou feche das portas de acceso aos vehículos.

20.2 Manipular os mecanismos de apertura ou feche das portas de acceso ao vehículo ou de calquera dos seus compartimentos previstos para o seu accionamento exclusivo polo persoal da empresa transportista.

20.3 Facer uso sen causa xustificada de calquera dos mecanismos de seguraza ou socorro instalados no vehículo para casos de emerxencia.

20.4 Abandonar o vehículo ou acceder a este fóra das paradas, se for o caso, establecidas para o efecto, salvo causa xustificada.

20.5 Realizar, sen causa xustificada, calquera acto susceptible de distraer a atención do condutor

ou entorpecer o seu labor cando o vehículo se encontre en marcha.

20.6 Viaxar en lugares distintos aos habilitados para os usuarios.

20.7 Fumar nos vehículos e en lugares distintos aos habilitados para tal fin en estacións de transporte nos termos que resulten da normativa específica sobre a materia.

20.8 Viaxar sen título de transporte ou con título que resulte insuficiente en función das características da viaxe e condicións de utilización previstas na correspondente concesión ou autorización, así como o uso indebido do título que se posúa.

20.9 Toda acción inxustificada que poida implicar deterioración ou causar sucidade nos vehículos ou estacións de transporte.

21. A realización da actividade de arrendamento de vehículos con condutor con vehículos que leven publicidade ou signos externos identificativos, salvo nos supostos regulamentariamente exceptuados.

22. A realización do transporte con vehículos alleos sobre os cales non se teñan as condicións de dispoñibilidade legalmente exixibles, así como utilizar para o transporte vehículos arrendados a outros transportistas ou utilizar a colaboración destes fóra dos supostos ou incumprindo as condicións legalmente establecidas, salvo que deba ser considerada infracción moi grave, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 197. En idéntica infracción incorrerán as empresas que actúen como colaboradores, incumprindo as obrigas que os afecten.

Para os efectos sinalados neste número constituirá unha infracción independente cada un dos transportes que se realicen unha vez superadas as porcentaxes máximas permitidas.

Non se apreciará esta infracción en relación cos servizos de transporte regular de uso xeral, sempre que se xustifique a debida utilización no transporte de que se trate da totalidade dos vehículos que, conforme o correspondente título concesional ou autorización especial, deban estar adscritos á súa realización.

23. A realización de transporte de mercadorías perigosas cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

23.1 Non levar a bordo do vehículo os documentos obrigatorios relativos a el, posuíndoos.

23.2 Carecer o vehículo das placas de identificación de características, cando sexan exixibles, ou levalas ilexibles, deterioradas ou carendo algunha das mencións esenciais, así como levar paneis ou etiquetas de perigo cando isto non resulte exixible.

A responsabilidade pola comisión das infraccións determinadas neste número corresponderá ao transportista ou, se é o caso, ao titular do vehículo.

24. A realización de transporte de mercadorías percedoiras cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

24.1 Non levar a bordo do vehículo os documentos obrigatorios relativos a el, posuíndoos.

24.2 Non levar no vehículo as marcas de identificación e indicacións regulamentarias ou levalas en lugares distintos aos establecidos.

A responsabilidade pola comisión das infraccións determinadas neste número corresponderá ao transportista ou, se é o caso, ao titular do vehículo.

25. Calquera das infraccións previstas no artigo anterior, cando, pola súa natureza, ocasión ou cir-

cunstancias, non deba ser cualificada como grave, debendo xustificarse a existencia desas circunstancias e motivarse a resolución correspondente.»

Noventa e seis. O artigo 200 queda redactado da seguinte forma:

«1. Terán a consideración de infraccións independentes as que se cometan en relación con distintas expedicións, aínda que os feitos infrinxan os mesmos ou semellantes preceptos.

Non obstante, tratándose de servizos de transporte regular, cando o incumprimento de que se trate garde relación directa coa actividade administrativa desenvolvida nas oficinas da empresa ou co vehículo utilizado e resulte probado que non podería ter sido corrixido até o regreso deste á sede empresarial da cal inicialmente partiu, o incumprimento considerárase constitutivo dunha soa infracción, aínda que se mantivese durante as distintas expedicións parciais realizadas entrementes.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, naquelas expedicións en que a tripulación do vehículo estea formada por máis dun condutor, os posibles incumprimentos en materia de tempos de condución e descanso dos condutores cometidos por cada un deles constituirán infraccións independentes.»

Noventa e sete. O artigo 201 queda redactado da seguinte forma:

«1. De conformidade co establecido no artigo 143 da LOTT, as sancións polas infraccións tipificadas nos artigos anteriores graduaranse de acordo coa repercusión social do feito infractor, a intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a magnitude do beneficio ilícitamente obtido e a reincidencia ou habitualidade na conduta infractora, conforme as regras e dentro das marxes seguintes:

a) Sancionaranse con apercibimento ou multa de até 200 euros as infraccións previstas nos números 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24 do artigo 199.

b) Sancionaranse con multa de 201 a 300 euros as infraccións previstas nos números 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 17 do artigo 199.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea a) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

c) Sancionaranse con multa de 301 a 400 euros as infraccións previstas nos números 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 199.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea b) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

d) Sancionaranse con multa de 401 a 1.000 euros as infraccións previstas nos números 25, 26, 27, 28, 29 e 30 do artigo 198.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea c) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

e) Sancionaranse con multa de 1.001 a 1.500 euros as infraccións previstas nos números 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24 do artigo 198.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea d) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión doutra infracción grave tipificada no mesmo número ou calquera das moi graves das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

f) Sancionaranse con multa de 1.501 a 2.000 euros as infraccións previstas nos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do artigo 198.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea e) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción grave tipificada no mesmo número ou calquera das moi graves das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

g) Sancionaranse con multa de 2.001 a 3.300 euros as infraccións previstas nos números 24, 25 e 26 do artigo 197.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea f) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción grave tipificada no mesmo número ou calquera das moi graves das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

h) Sancionaranse con multa de 3.301 a 4.600 euros as infraccións previstas nos números 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 23 do artigo 197.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea g) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

i) Sancionaranse con multa de 4.601 a 6.000 euros as infraccións previstas nos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14 do artigo 197.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións indicadas na alínea h) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

j) Sancionaranse con multa de 6.001 a 18.000 euros as infraccións indicadas na alínea i) cando o responsable delas xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas neste regulamento nos doce meses anteriores.

k) Cando fose de aplicación o previsto nos artigos 198.31 e 199.25, a contía da sanción que se for o caso corresponda impor estará comprendida, respectivamente, dentro dos límites establecidos nas alíneas d), e) e f) e a) b) e c).

2. A comisión da infracción prevista no número 2 do artigo 197 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a perda de validez de todas aquelas autorizacións de que fose titular o infractor para cuxa obtención resultaban exixibles os requisitos incumpridos.

A comisión da infracción prevista no número 3 do artigo 197 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a perda de validez de tantas autorizacións ou copias certificadas das cales fose titular o infractor como resulte preciso co fin de restablecer o equilibrio regulamentariamente exixido entre número de autorizacións e cumprimento das condicións requiridas para a súa obtención e mantemento. Non obstante, cando o nivel de

incumprimento do requisito de que se trate afectar unha parte importante do conxunto da actividade do infractor, poderá implicar a perda de validez de todas aquelas autorizacións de que fose titular para cuxa obtención resultase exixible aquel. En todo caso, cando esta infracción se cometer por segunda vez no espazo de doce meses, a sanción pecuniaria irá sempre acompañada da perda de validez da totalidade de autorizacións de que for titular o infractor.

A comisión da infracción prevista no número 4 do artigo 197 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a perda de validez de cantas autorizacións, licenzas ou copias certificadas de idéntica clase á utilizada for titular o transportista a cuxo nome foi expedida pola Administración.

A comisión da infracción prevista no número 5 do artigo 197 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a declaración de caducidade da concesión de que se trate e a inhabilitación para ser titular de calquera concesión ou autorización de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral de nova creación no prazo de cinco anos. Tampouco poderá a empresa inhabilitada ter unha participación maioritaria no capital de ningunha outra que pretenda acceder á titularidade dalgunhas de tales concesións ou autorizacións.

A comisión das infraccións previstas nos números 1 e 8 do artigo 197 poderá implicar, independentemente da sanción pecuniaria que corresponda, a precintaxe do vehículo con que se realiza o transporte ou a clausura do local en que, se é o caso, se veña exercendo a actividade, en ambos os supostos durante o prazo máximo dun ano, sen prexuízo do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan, e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía.

Cando na comisión da infracción prevista no número 10 do artigo 197 interviñesen talleres autorizados, con independencia da sanción que corresponda, proporase ao órgano competente a retirada da correspondente autorización.

3. Cando sexan detectadas durante a súa comisión na estrada infraccións que deban ser denunciadas de acordo co previsto nos números 1, 4, 6, 8, 10, 19 ao 20 do artigo 197, 4 ou 6 do artigo 198, ou ben algún dos excesos no tempo de conducción tipificados no número 3 do artigo 199, sempre que neste último suposto a distancia que aínda deba percorrer o vehículo para alcanzar o seu destino sexa superior a 30 quilómetros, deberase ordenar a inmediata inmovilización do vehículo até se suprimiren os motivos determinantes da infracción, salvo que concorran circunstancias ligadas á seguranza que aconsellen non facelo no caso concreto de que se trate. Para tal efecto, os membros da inspección do transporte terrestre ou axentes das forzas actuantes que legalmente teñen atribuída a súa vixilancia deberán reter a documentación do vehículo e, se é o caso, a da mercadoría, así como a correspondente autorización, até se emendaren as causas que deron lugar á inmovilización, sendo, en todo caso, responsabilidade do transportista a custodia do vehículo, a súa carga e pertenzas, así como os gastos que a inmovilización poida ocasionar. Se se negar a satisfacelos, quedará inmovilizado o vehículo até aqueles seren satisfeitos, aínda que desaparecesen as causas da infracción.

En idénticos termos se procederá naqueles supostos en que a inspección actuante retirase a folla de rexistro que viña sendo utilizada no tacógrafo durante a realización dun transporte e a empresa incumprise a obriga de levar a bordo

outras de recambio, así como naqueles en que retírase a tarxeta do condutor para o referido aparello.

Así mesmo, poderase ordenar a inmovilización dun vehículo cando sexan detectadas na estrada condutas infractoras en que concorran circunstancias que poidan entrañar perigo para a seguranza.

Cando o transportista non emende os feitos que deron lugar á inmovilización do vehículo no prazo de 15 días, o órgano competente para iniciar o expediente sancionador poderá ordenar o seu traslado desde o lugar en que inicialmente se inmovilizou a outro en que quedará depositado até a emenda dos referidos feitos. Os gastos que se poidan ocasionar polo traslado e depósito do vehículo serán pola conta do titular da autorización a cuxo amparo estivese realizando transporte ou, na súa falta, do titular do vehículo, o cal deberá aboalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo á recuperación do vehículo.

Nos supostos de inmovilización de vehículos que transporten viaxeiros, e co fin de que estes sufran a menor perturbación posible, será responsabilidade do transportista cuxo vehículo foi inmovilizado buscar os medios alternativos necesarios para facer chegar os viaxeiros ao seu destino. De non o facer, eses medios poderán ser establecidos pola Administración. Os gastos que xere a adopción de tales medidas serán, en todo caso, á conta do transportista. Se se negar a satisfacelos, quedará inmovilizado o vehículo até aqueles seren satisfeitos, aínda que desaparecesen as causas da infracción.

4. Independentemente das sancións pecuniaras que correspondan de conformidade con este regulamento, a resolución sancionadora en que se aprecie o incumprimento reiterado das circunstancias previstas nos números 15 ou 16 do artigo 197, poderá acordar a caducidade da concesión ou autorización especial de que se trate con perda da fianza e sen prexuízo do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan. Así mesmo, a resolución sancionadora en que se aprecie o incumprimento reiterado das circunstancias previstas nos números 17 ou 18 do artigo 197, poderá dar lugar á perda de validez de cantas autorizacións sexa titular o infractor.

Para os efectos previstos neste número considerase que existe incumprimento reiterado cando a correspondente empresa fose sancionada, mediante resolucións que poñan fin á vía administrativa, pola comisión nun período dun ano de tres ou máis infraccións de carácter moi grave por vulneración das circunstancias previstas nos números 15, 16, 17 ou 18 do artigo 197.

5. A comisión de infraccións moi graves, de forma reiterada, por persoas que non acrediten a súa residencia en territorio español, con independencia das sancións previstas na lexislación comunitaria, poderá dar lugar á prohibición de entrada en territorio español durante un período de cinco anos. Considerarase, para estes efectos, que existe incumprimento reiterado, cando a citada persoa fose sancionada mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión, nun período de dous anos, de cinco ou máis infraccións de carácter moi grave.

Cando as sancións impostas a persoas que non acrediten a súa residencia en territorio español mediante resolución que poña fin á vía administrativa non sexan satisfeitas en período voluntario, poderase proceder, se o vehículo de que se trate quedase inmovilizado durante a tramitación do expediente, á súa venda en poxa pública, na forma que estableza o ministro de Fomento, quedando o

diñeiro obtido afecto ao pagamento do importe da sanción, dos gastos orixinados pola inmovilización e a poxa, así como aos gastos que puideren terse producido como consecuencia do establecido no último parágrafo do número 3 anterior. O sobrante, se o houber, quedará ao dispor da persoa denunciada.

6. A imposición das sancións que, se é o caso, correspondan será independente da posible obriga de indemnizar os danos e perdas causados.

7. O prazo de precintaxe de vehículos, clausura de locais ou retirada non definitiva de autorizacións, comezarase a contar a partir da data en que o órgano administrativo competente leve a efecto a execución material do acto.»

Noventa e oito. O artigo 202 queda redactado da seguinte forma:

«1. A comisión de dúas ou máis infraccións das indicadas nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 197 no espazo dun ano carretará a inhabilitación do infractor durante un período de tres anos para ser titular de calquera clase de concesión, autorización ou licenza habilitante para o exercicio da actividade de transporte ou de calquera das súas actividades auxiliares e complementarias ou formar parte do consello de administración ou órgano equivalente dunha empresa que sexa titular de tales concesións, autorizacións ou licenzas. Durante este período, tampouco poderá o así inhabilitado achegar a súa capacitación profesional a ningunha empresa transportista ou de actividade auxiliar e complementaria do transporte.

A mencionada inhabilitación implicará a caducidade de cantas concesións e a perda de validez de cantas autorizacións e licenzas fose titular a empresa infractora, con carácter definitivo.

Para que se produza o suposto de reincidencia sinalado neste artigo, as sancións tidas en conta deberán ter sido impostas mediante resolución que poña fin á vía administrativa. O período de inhabilitación comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que se ditase a última destas resolucións.

2. En todos aqueles supostos en que se constate a comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos números 10 ou 11 do artigo 197, ou 1.1, 1.2 e 5 do artigo 198, á notificación do inicio do expediente sancionador xuntaráse un requirimento para que, no prazo dun mes, o titular da actividade acredite ter emendado a deficiencia constitutiva da infracción de que se trate e, cando así non o fixer, procederase a incoar un novo expediente sancionador, que se tramitará independente do anterior, pola comisión da infracción tipificada no artigo 197.7.

3. Para efectos da determinación dos supostos de reincidencia ou habitualidade establecidos neste regulamento, computaranse todas as sancións impostas mediante resolución que puxese fin á vía administrativa, sexa cal for a autoridade ou Administración competente que as ditou.»

Noventa e nove. O artigo 203 queda redactado da seguinte forma:

«1. Non se imporá sanción ningunha polas infraccións dos preceptos da LOTT senón en virtude de procedemento instruído conforme as normas deste capítulo, e non non previsto por estas, observárase o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

2. As infraccións da lexislación reguladora dos transportes terrestres prescribirán no prazo dun ano, de conformidade coas condicións establecidas na referida Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As sancións da lexislación reguladora dos transportes terrestres prescribirán nos prazos e condicións establecidos na dita lei.»

Cen. O artigo 204 queda redactado da seguinte forma:

«A competencia para resolver os procedementos sancionadores previstos neste título corresponderá, segundo os casos, ás comunidades autónomas ás cales lles estea atribuída de conformidade co previsto na normativa vixente en relación cos transportes terrestres, aos subdelegados do Goberno da provincia en que se cometese a infracción cando derive dunha inspección ou control en fronteira de transportes internacionais ou aos órganos centrais da Administración do Estado a que lles estea expresamente conferida.

Cando a competencia corresponda ás comunidades autónomas, a incoación, instrución e resolución serán realizadas polos órganos que determine a súa normativa aplicable.

Nos supostos en que a competencia para resolver os procedementos sancionadores estea atribuída aos subdelegados do Goberno, a incoación e instrución corresponderá aos órganos que integran as áreas funcionais do Ministerio de Fomento.

O disposto nos parágrafos anteriores entenderase sen prexuízo da competencia da Dirección Xeral de Transportes por Estrada para tramitar e resolver os procedementos incoados polos servizos directamente dependentes dela impondo as sancións que, se é o caso, correspondan. Neste suposto, será competente para resolver os procedementos sancionadores o director xeral. A incoación e instrución dos procedementos corresponderá aos órganos e unidades que integran a Subdirección Xeral de Inspección dos Transportes por Estrada.»

Cento un. O artigo 205 queda redactado da seguinte forma:

«O procedemento para a imposición das sancións previstas neste regulamento iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ben como consecuencia de orde superior, de actas ou informes subscritos polos servizos de inspección, da petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

O prazo máximo en que se deberá notificar a resolución do procedemento sancionador será dun ano, contado desde a data de iniciación do procedemento. No suposto de non terse notificado a resolución do procedemento nese prazo, producirase a súa caducidade, debendo ditarse, en todo caso, resolución expresa de caducidade do expediente.»

Cento dous. O artigo 206 queda redactado da seguinte forma:

«As denuncias de particulares, institucións ou asociacións deberán formularse por escrito ao órgano competente.

Estas denuncias non vincularán o órgano competente acerca da posible incoación dun procedemento sancionador, ben que deberá comunicar ao denunciante a súa decisión ao respecto.»

Cento tres. O artigo 207 queda redactado da seguinte forma:

«1. En toda denuncia formulada polas forzas e corpos de seguranza encargados da vixilancia do

transporte terrestre, así como nas actas ou informes subscritos polos servizos de inspección deberase consignar unha sucinta exposición dos feitos; a matrícula do vehículo que, se é o caso, interveu naqueles; a identidade da persoa ou persoas presuntamente responsables da infracción; a identidade, condición e destino do denunciante, que se poderá realizar a través do seu número de rexistro persoal, así como aquelas outras circunstancias e datos que contribúan a determinar o tipo de infracción.

2. Nas denuncias formuladas por particulares deberán constar, ademais dos datos sinalados no número anterior, o nome e apelidos, domicilio, número de documento nacional de identidade ou do documento equivalente no caso de estranxeiros.

Cando se trate de denuncias formuladas en nome de sociedades, asociacións ou institucións, os datos indicados no parágrafo anterior referiranse ao representante delas que subscriba o escrito, debendo facer constar tamén o nome da persoa xurídica representada, así como o seu domicilio e o código de identificación fiscal ou doutro rexistro en que legalmente deban estar inscritas.»

Cento catro. O artigo 208 queda redactado da seguinte forma:

«Cando nas actas ou informes dos servizos de inspección ou nas denuncias formuladas se observe a existencia de feitos que puideren ser constitutivos de infracción da normativa reguladora doutros sectores, especialmente no referente ao ámbito laboral, fiscal e de seguranza viaria, poranse en coñecemento dos órganos competentes en función da materia de que se trate.

Se, unha vez iniciada por estes a tramitación, se desprende das súas actuacións a indebida cualificación ou a existencia dunha infracción de distinta natureza, deberán devolver o expediente ao órgano competente en materia de transporte para que continúe a instrución do expediente.»

Cento cinco. O artigo 209 queda redactado da seguinte forma:

«Con anterioridade á iniciación do procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para a súa instrución levará a cabo de oficio cantas actuacións resulten adecuadas para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos cales se deba ditar a resolución, podendo, se é o caso, acordar o arquivo das actuacións cando destas non derivar responsabilidade.

Para tal fin, e co obxecto de establecer a posible existencia dalgún dos supostos de reincidencia ou habitualidade na conduta infractora establecidos neste capítulo, deberanse consultar, en todo caso, os antecedentes que constan no Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte.»

Cento seis. O artigo 210 queda redactado da seguinte forma:

«Recibida a información do Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte, o instrutor designado para o efecto dará traslado ao denunciado dos feitos que se lle imputan, con expresión do precepto infrinxido, do precepto sancionador aplicable e da sanción que, se é o caso, lle debería ser imposta; da identidade do propio instrutor do procedemento, con expresión do réxime de recusación, e da do órgano competente para resolver o

procedemento sancionador e a norma que lle atribúe tal competencia, advertíndolle que dispón dun prazo de quince días para manifestar o que ao seu dereito conveña, presentando ou propondo as probas de que, se é o caso, se tente valer.

Para efectos de notificacións considerarase domicilio do denunciado aquel que expresamente indicou e, na súa falta, tratándose de empresas de transporte ou de actividades auxiliares e complementarias do transporte, o que figure no Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte, ou tratándose doutro tipo de empresas o que figure no rexistro ou rexistros en que legalmente deban estar inscritas.

En todos aqueles supostos en que o interesado decida voluntariamente facer efectiva a sanción antes de que transcorran os 15 días seguintes ao da notificación do expediente sancionador, a contía pecuniaria da sanción inicialmente proposta reducirase nun 25 por cento.

Sen prexuízo do disposto no artigo 213, o pagamento da sanción coa redución do 25 por cento implicará a conformidade cos feitos denunciados, a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento, debendo, non obstante, ditarse resolución expresa.»

Cento sete. O artigo 211 queda redactado da seguinte forma:

«Daráselle traslado ao denunciante das alegacións do denunciado, salvo que non presenten datos novos ou distintos dos inicialmente constatados polo propio denunciante, para que informe no prazo máximo de quince días. De non emitirse o citado informe no prazo, poderanse proseguir as actuacións como corresponda. Se tales alegacións se formularen en procedemento incoado por denuncia de particulares, o denunciante será requirido, ademais, para que presente probas sobre a veracidade dos feitos non admitidos polo denunciado.

Cando así resulte necesario para investigar ou cualificar correctamente os feitos ou para determinar as posibles responsabilidades, o instrutor acordará a apertura dun período de proba. Non obstante, poderá rexeitar de forma motivada a realización daquelas probas que propuxesen o denunciado ou outros interesados no procedemento cando considere que resultan improcedentes para determinar o alcance dos feitos denunciados ou a posible responsabilidade dos suxeitos intervinientes.»

Cento oito. O artigo 212 queda redactado da seguinte forma:

«Ultimada a instrución do procedemento, o órgano instrutor formulará proposta de resolución, que se notificará ao interesado para que, no prazo de quince días, poida presentar as alegacións, documentos e informacións que coide pertinentes. Non obstante, poderase prescindir desa notificación cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo propio interesado, sempre que na notificación da iniciación do expediente se advertise a este que, de non efectuar alegacións, a iniciación podería ser considerada proposta de resolución.

Practicada, se é o caso, a audiencia ao interesado, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución ao órgano que legal ou regulamentariamente teña atribuída a competencia sancionadora para que dite a resolución que proceda.

Cando así se considere oportuno para garantir a eficacia da resolución sancionadora, esta poderá suspender, cautelarmente e de forma expresa, o dereito do sancionado a transmitir os títulos habilitantes para a realización de transporte e os vehículos de que sexa titular durante o tempo que resulte estritamente necesario para isto.»

Cento nove. O artigo 213 queda redactado da seguinte forma:

«1. O pagamento da sanción pecuniaria con anterioridade a que se dite a resolución sancionadora implicará a terminación do procedemento, debendo sinalarse así na correspondente resolución sancionadora. Non obstante, naqueles supostos en que a sanción implique consecuencias non pecuniarias en aplicación do disposto nos artigos 201 e 202, deberase continuar o procedemento até a súa terminación por canto se refire a tales consecuencias, ditándose nese momento a oportuna resolución referida ao contido total da sanción.

2. A resolución do procedemento sancionador notificaráselle ao denunciado, o cal poderá interpor recurso de alzada contra aquela dentro do prazo dun mes, contado a partir do día da notificación.

O recurso de alzada será resolto polo delegado do Goberno de que dependan, no caso de sancións impostas polos subdelegados do Goberno, e polo secretario xeral de Transportes cando o fosen polo director xeral de Transportes por Estrada, ou polo órgano que en cada caso corresponda cando se trate de sancións impostas por unha comunidade autónoma.

3. As resolucións que poñan fin á vía administrativa serán impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.»

Cento dez. O artigo 214 queda redactado da seguinte forma:

«Os órganos das distintas administracións públicas competentes para sancionar as infraccións previstas na lexislación dos transportes terrestres comunicarán nun prazo de trinta días as sancións que impoñan ao Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte, con obxecto de que se realice a súa anotación neste.

O prazo de trinta días mencionado no parágrafo anterior comezará a contarse a partir do día en que se ditou a resolución sancionadora que puxo fin á vía administrativa.

As comunicacións que se remitan para a súa anotación no Rexistro conterán, como mínimo, os datos seguintes: número de expediente; nome e apelidos e domicilio do infractor; número do seu documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal, se for o caso; matrícula do vehículo, se for o caso; data da infracción; breve exposición dos feitos sancionados e preceptos infrinxidos, así como a sanción imposta; data da resolución sancionadora e data en que se puxo fin á vía administrativa, e todos aqueles datos que se consideren necesarios. A información do rexistro relativa a infraccións e sancións estará ao dispor de todas as administracións públicas a que afecte ou interese.»

Cento once. O número 4 do artigo 215 queda redactado da seguinte forma:

«O pagamento das sancións pecuniarias sinaladas neste regulamento, impostas por resolución que poña fin á vía administrativa, será requisito necesario para que proceda o outorgamento de novos títulos habilitantes para a realización de cal-

quera clase de transporte interior ou internacional por estrada ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias, así como para a realización do visado, a transmisión ou a modificación de calquera daqueles de que xa fose titular o infractor.

Así mesmo, o pagamento será requisito exixible para que proceda a autorización administrativa á transferencia dos vehículos con que se cometesen as infraccións a que as referidas sancións correspondan.»

Cento doce. O artigo 216 queda redactado da seguinte forma:

«Na imposición e execución de sancións por infraccións cometidas por persoas que non teñan a súa residencia en territorio español serán de aplicación as seguintes normas:

a) A contía da multa será fixada provisoriamente polos servizos de inspección ou os axentes de vixilancia do transporte por estrada, atendéndose ao disposto na LOTT e no presente regulamento.

b) O importe da sanción deberá ser entregado no momento da denuncia, en concepto de depósito, en moeda de curso legal en España ou de calquera outro país respecto ao cal en España exista tipo oficial de troco ou mediante cartón de crédito, sen que por isto se deba efectuar redución ningunha. Pola súa parte, a autoridade ou o axente denunciante deberá entregar ao denunciado o escrito de denuncia e o recibo de depósito da cantidade correspondente.

c) A cantidade será entregada en consecuencia do acordo que en definitiva adopte a autoridade competente, á cal se remitirá aquela en unión do escrito de denuncia.

d) A denuncia deberase tramitar seguindo o procedemento establecido no presente regulamento, recoñecendo aos denunciados idénticos dereitos que aos residentes en España.

e) O interesado contará cun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación para formular alegacións e presentar as probas que considere pertinentes.

Cando, intentada a notificación no domicilio do denunciado, esta non se puidese practicar, a dita notificación remitirase ao departamento ministerial competente en materia de transportes do país en que resida para que lle dea traslado, considerándose así realizada definitivamente a notificación.

f) Se se deixar sen efecto a denuncia ou se reducir o importe da multa, porase ao dispor do interesado ou do seu representante a cantidade que en cada caso proceda.

g) Se o denunciado non fixer efectivo o depósito do importe da multa no momento da denuncia, permitiráselle, de acordo co que, se for o caso, determine o Ministerio de Fomento, que sinala persoa ou entidade que constitúa caución suficiente e, de non lograrse esta, o axente denunciante procederá á inmovilización do vehículo. A inmovilización realizarase nun lugar que reúna as condicións de seguranza suficientes e que garanta a efectividade da medida tomada. Serán de aplicación en relación coa inmovilización as mesmas regras previstas no número 3 do artigo 201 deste regulamento.

Unha vez efectuada a entrega do importe da sanción ou prestada caución ao seu favor permitiráselle continuar ao vehículo, sen prexuízo da inmovilización deste que, se for o caso, proceda en aplicación do previsto no artigo 201.3 antes citado.»

Cento trece. O número 2 do artigo 219 queda redactado da seguinte forma:

«Cando se trate da precintaxe de vehículos, o subdelegado do Goberno ou o órgano que teña atribuída a competencia na comunidade autónoma requirirá o sancionado para que, nun prazo non superior a oito días, comunique o lugar en que se encontra neses momentos o vehículo que se vai precintar, indicando a data do seu regreso se non se encontrar entón no lugar da súa residencia, con apercibimento de que, se non contestar ou se demorar o regreso por tempo superior a dez días desde a notificación do requirimento, se disporá a súa localización e precintaxe no lugar en que se encontre polas forzas e corpos de seguranza encargados da vixilancia do transporte na estrada, considerándose isto, ademais, infracción moi grave, de conformidade co establecido no artigo 140.6 da LOTT e 197.6 deste regulamento.

No citado requirimento comunicáraselle ao sancionado que debe indicar o lugar da súa residencia en que lle interese que se practique a precintaxe e quede depositado o vehículo, advertíndolle que, tanto se non fai designación expresa como se propón un lugar inadecuado, o vehículo precintado se situará nas dependencias de que o subdelegado do Goberno dispoña ou para estes fins contrate.

A competencia para a imposición da sanción correspondente á falta relativa á non contestación ou demora no regreso superior a dez días previsto no primeiro parágrafo deste número, corresponderá ao órgano competente para sancionar as infraccións en materia de transportes no territorio en que estea domiciliado o vehículo, dándolle conta a este, para tal efecto, o subdelegado do Goberno. Cando o dito órgano non coincidir co que instase o procedemento de precintaxe, a referida falta notificaralla a este, así mesmo, o subdelegado do Goberno.

En todo caso, os gastos producidos como consecuencia do depósito e, se é o caso, do traslado do vehículo, serán da conta e a cargo do sancionado.»

Cento catorce. O artigo 222 queda redactado da seguinte forma:

«Os vehículos destinados á realización de transporte por estrada deberán ter instalado e levar en funcionamento durante a súa prestación o tacógrafo, o limitador de velocidade, así como outros mecanismos ou instrumentos de control regulamentariamente exixidos ou que resulten obrigatorios de conformidade coas disposicións contidas nos convenios internacionais subscritos por España ou na normativa directamente aplicable na Unión Europea.

Durante a realización dos servizos e actividades reguladas neste regulamento, deberanse levar a bordo do vehículo, debidamente formalizados, os documentos de control administrativo que, se é o caso, se establezan. Nos transportes internacionais empregaranse os documentos de control establecidos nos convenios subscritos por España.

Os vehículos en que os referidos servizos se realicen deberán, pola súa parte, encontrarse sinalizados mediante os rótulos e distintivos que, para a exacta identificación das características do servizo ou do título habilitante a cuxo amparo se prestan, sexan exixidos pola normativa en vigor.

As persoas que realicen os servizos e actividades previstos neste regulamento deberán formalizar e conservar no seu domicilio empresarial, durante o prazo que se estableza para os efectos previstos no

artigo 19, a documentación de carácter administrativo ou estatístico que, se for o caso, se estableza.

Para efectos de contabilidade, as empresas titulares de concesións ou autorizacións de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral deberán tratar cada unha delas como unha actividade separada, xestionándoa como unha división contable independente, distinta de calquera outra actividade que realicen, estea ou non relacionada co transporte de viaxeiros.»

Disposición transitoria primeira. *Procedementos xa iniciados.*

Os procedementos tendentes ao outorgamento, modificación ou transmisión de títulos habilitantes para a realización de transporte de viaxeiros ou mercadorías que se iniciasen antes da data de entrada en vigor deste real decreto, tramitaranse e resolveranse conforme as regras e procedementos até ese momento vixentes.

Para tal efecto, unicamente se poderán considerar iniciados aqueles procedementos en que ao menos a solicitude do interesado fose rexistrada antes da referida data de entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Títulos concesionais.*

Os documentos en que se encontren formalizados os actuais títulos habilitantes para a realización de transportes públicos regulares de viaxeiros permanentes de uso xeral conservarán a súa validez.

Non obstante, a partir da entrada en vigor deste real decreto, deberase formalizar en documento administrativo a modificación das condicións recollidas nos títulos habilitantes en todos aqueles casos en que, de conformidade co que nel se dispón, así resulte preceptivo.

Disposición transitoria terceira. *Extinción de determinadas concesións.*

A Dirección Xeral de Transportes por Estrada e os titulares de concesións cuxo prazo de vixencia expire, por aplicación do disposto no número 4 da disposición transitoria segunda da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderán acordar que se adiante a extinción da concesión até catro anos respecto da data en que así correspondería por aplicación do establecido no mencionado precepto.

En tal suposto, o referido concesionario poderá, non obstante o disposto no artigo 95.2 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, participar no concurso que, se for o caso, se convoque para o outorgamento dunha nova concesión destinada a cubrir idénticos ou similares servizos aos que viña prestando a extinta, conservando os dereitos que lle correspondían en virtude do disposto no artigo 74.2 da Lei de ordenación dos transportes terrestres e 73.3 do seu regulamento.

Idéntica regra será de aplicación ás concesións resultantes dunha unificación en que ao menos unha das concesións unificadas fose consecuencia da validación regulada no mencionado número 4 da disposición transitoria segunda da Lei de ordenación dos transportes terrestres.

Disposición transitoria cuarta. *Autorizacións de ámbito local.*

As actuais autorizacións de transporte público en vehículo pesado de mercadorías de ámbito local conser-

varán a súa vixencia e raio de acción e o seu réxime xurídico estará sometido ás disposicións do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres e ás súas normas de desenvolvemento. Non obstante, e coa limitación establecida na disposición transitoria segunda, non se outorgarán novas autorizacións de transporte público en vehículo pesado de ámbito local a partir da entrada en vigor do presente real decreto.

As autorizacións de ámbito local domiciliadas nas cidades de Ceuta e de Melilla habilitarán para realizar transporte na totalidade da área da cidade correspondente e, en réxime de transporte combinado, entre esas cidades e calquera punto do territorio peninsular español, así como para regresar desde este con carga, pero en ningún caso para facer transporte entre dous puntos distintos do dito territorio peninsular.

As autorizacións de ámbito local domiciliadas en calquera punto do territorio peninsular español habilitarán para realizar transporte entre ese territorio e Ceuta ou Melilla en réxime de transporte combinado cando o seu raio de acción baste, consonte o previsto no número 1, para amparar o transporte na península até o porto en que este deba continuar, aínda que non para facer transporte interior nas citadas cidades. Estas autorizacións habilitarán tamén para realizar o regreso con carga desde Ceuta ou Melilla a un punto concreto da península, cando o seu raio de acción baste para amparar o transporte na península desde o porto de arribada até ese punto.

Precedendo acordo coas comunidades autónomas das Illes Balears e de Canarias, poderase establecer en relación con elas, de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei de ordenación dos transportes terrestres, un réxime análogo ao establecido para Ceuta e Melilla.

Disposición transitoria quinta. *Troco das tarxetas en que se documentan os títulos habilitantes para a realización de transporte discrecional de mercadorías.*

As tarxetas en que actualmente se documentan as autorizacións habilitantes para a realización de transporte discrecional de mercadorías, até agora referidas a determinados vehículos, serán substituídas por outras referidas á empresa titular e as súas correspondentes copias certificadas, axustadas ao disposto na nova redacción do título IV do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, nos termos e de conformidade cos criterios e procedemento que, para tal efecto, deberá establecer o Ministerio de Fomento nun prazo non superior a tres meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ou contradigan o establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA